



En Galego, con toda seguridade

Galeguizar Galicia



En Galego, con toda seguridade

Galeguizar Galicia



Copyright: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia

Dirección: Xosé González Martínez – Carme Pérez Vaquero

Coordinación:

Xosé González Martínez

Xoaquín Monteagudo Romero

Carme Pérez Vaquero

Xosé M. Rodríguez-Abella

Corrección lingüísta: Carme Pérez Vaquero - Xosé González Martínez

Deseño, Maquetación: Estudo de deseño Pío García Servizos Audiovisuais

Deseñadora: Nerea Otazo Echeverría

Fotografía: Pío García

Depósito Legal: C-1012-2007

Imprime: Litonor

A

lingua é un instrumento de comunicación que incorpora un innegable relevo xurídico cando se emprega nas relacións entre os cidadáns e os poderes públicos. Esa é unha das razóns polas cales o Estatuto de autonomía de Galicia declarou no seu título preliminar a oficialidade do galego, garantindo así o dereito dos cidadáns a usalo con plena validez e eficacia xurídica. Pero a lingua, ademais de ser unha ferramenta de comunicación e un dereito da cidadanía, tamén é un mecanismo de integración e cohesión sociopolítica de primeira orde. É un medio de expresión colectiva e un patrimonio común cunha importancia esencial para a identificación da comunidade que a fala.

Por todo iso, o Goberno galego quere prestarlles unha atención preferente ás políticas de promoción, recuperación e difusión da lingua galega, das que son alicerces o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento de Galicia hai pouco máis de dous anos, e a integración da Secretaría Xeral de Política Lingüística na estrutura orgánica da Presidencia da Xunta de Galicia.

Neste marco afortalador encádrase tamén o protocolo asinado no mes de marzo de 2007 polos gobernos de Cataluña, Euskadi e Galicia, dirixido a elaborar un plan de actuación coordinada nos ámbitos dos poderes constitucionais do Estado –sobre todo o Congreso e o Senado, a Administración xeral do Estado, a Administración de Xustiza e a Unión Europea, de cara a consolidar unha España plurilingüe que se perciba polo conxunto da cidadanía como unha riqueza cultural que é preciso apoiar, protexer e respectar, tal e como establece a nosa Constitución.

Algún dos trazos que máis favorecen ese proceso son a proxección dunha imaxe positiva da nosa lingua e a incorporación á súa práctica e cultivo de sectores e grupos sociais novos que demostren que non hai ningún espazo alleo ao uso cotián do idioma galego, poñéndolle fin á invisibilidade do seu uso.

Nesta perspectiva, facilitarmos o uso do galego como lingua de traballo dos corpos e forzas de seguridade constitúe unha apertura de liñas de avance lingüístico, favorables á nova imaxe que desexamos para a nosa lingua propia. Primeiro, por coherencia co réxime xurídico de plurilingüismo, do que deben ser exemplo as institucións do Estado en Galicia, a propia Administración autonómica e as corporacións locais. E segundo, pola necesidade social e cultural de reforzar a nosa propia imaxe da lingua galega.

Os axentes da Policía nacional, autonómica ou local, os gardas civís, en calquera dos seus rangos, falando e traballando normalmente en galego, tamén nas súas relacións cos cidadáns, son axentes activos para a normalización da lingua en Galicia. Esa proxección de normalidade, que o é tamén de respecto e agarimo a un dos nosos máis queridos factores de identificación comunitaria, constitúe sen dúbida un paso adiante para a imaxe social dos corpos de seguridade e para os dereitos da cidadanía galega.

Emilio Pérez Touriño

Presidente da Xunta de Galicia

G

alicia é terra xenerosa en aportación de mulleres e homes aos Corpos de Seguridade do Estado. Co paso do tempo unha parte significativa deles, regresan destinados ás distintas unidades policiais que se distribúen pola xeografía galega. A práctica totalidade destes funcionarios entenden e falan a lingua materna e en número importante poden escribila, tamén.

De aí se deriva a absoluta integración de policías e gardas civís no tecido social galego. Coñecen a idiosincrasia da xente e comprenden lingüística e semanticamente ós seus paisanos.

Para os galegos, secularmente emigrantes, non supón un problema expresarse nunha lingua distinta á propia, reservando ésta para comunicárense cos seus. Por iso mesmo, unha vez de volta na casa, o normal é o seu uso como fórmula de achegamento e calidade no servizo aos demais.

A Constitución Española de 1978, que outorgou a condición de lingua oficial ao galego, é o mesmo texto legal que recolle no seu artigo 104 a importante misión das Forzas e Corpos de Seguridade de “Protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadán” e, dentro dese mandato, non é de menor importancia o respecto á opción lingüística escollida para os cidadáns, como tamén o recoñecemento do galego como lingua propia segundo o Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981.

A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil é sensible ó precepto que proclama o afortalamento do uso do galego na Lei de Normalización Lingüística de 1983, e así o demostrou, por exemplo, no enunciado bilingüe do novo DNI electrónico.

O idioma galego, xunto coas demais linguas oficiais do Estado, súmase ao castelán para demostrar a indiscutible realidade dunha sociedade lingüística plural que non renuncia ao legado da Historia e da cultura de seu.

Como natural doutro lugar de España, das Illes Balears, que tamén posúen unha lingua de seu, entendo e comparto a preocupación e coidado que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia demostra pola saúde do idioma galego e, coido que, ao seu bo estado contribuirán as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no exercicio das súas funcións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Por iso, congratúlome desta iniciativa onde lingua e seguridade van da man para atoparen o obxectivo común de maior liberdade.

Joan Mesquida Ferrando

Director Xeral da Policía e da Garda Civil

A

s Forzas e Corpos de Seguridade do Estado contan cunha grande estima dos cidadáns. Trátase dun feito comprobado, unha e outra vez, nas enquisas de opinión máis solventes.


Na base desa estima atopamos a realidade dunha integración deses servidores públicos na sociedade democrática que felizmente vivimos e que traballamos a cotío en perfeccionar. Quere dicir que os funcionarios da seguridade cidadá, tanto na Policía coma na Garda Civil, compórtanse, por riba de todo, como servidores e garantes dos dereitos e liberdades democráticas dos cidadáns, dun xeito moi lonxano de calquera cliché represor. Ese estilo de convivencia está a conseguir que as relacións entre os cidadáns e as policía funcionen cada vez máis en termos de confianza e de diálogo.

Doutra banda, en Galicia unha elevada maioría dos funcionarios da Policía e da Garda Civil é galega, fala galego e pensa en galego.

Xuntemos as dúas reflexións anteriores e atoparemos unha conclusión clara: as nosas forzas estatais de seguridade centran o seu exercicio profesional no servizo ó cidadán, tamén no eido do respecto ó seu dereito a utilizar o galego como vehículo de expresión, de comunicación e de funcionamento cara as administracións.

Neste camiño de normalización no uso da nosa lingua, desenvolvémonos todos xuntos, imos da man.

Manuel Ameijeiras Vales
Delegado do Goberno en Galicia



artigo 104 da Constitución Española dispón que as Forzas e Corpos de Seguridade teñen como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades das persoas e garantir a seguridade cidadá.

En desenvolvemento desa norma, a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, deseñou a organización e o funcionamento das policíaas sobre os principios de respecto á Constitución, servizo permanente á comunidade, máxima consideración ao honor e á dignidade das persoas e, como consecuencia dunha activa e intensa compenetración entre a colectividade e os funcionarios policiaais, a evitación de calquera actuación discriminatoria.

A idea da policía sobre a que se basean as disposicións anteriores é o produto dunha longa evolución histórica que vén desde o Antigo Réxime -a policía como fundamento da autoridade absoluta do monarca para intervir con carácter universal en defensa da orde pública-; pasa logo pola Revolución Francesa -a forza pública como ferramenta do Estado para impor, por tódolos medios necesarios, o respecto ás leis-, a ideoloxía liberal triunfante a finais do século XIX -co seu concepto instrumental dunha policía que ten como rasgo distintivo a forma de actuar (por medio de medidas restritivas da liberdade das persoas e, especialmente, do uso da coacción)-; ata chegarmos ao Estado democrático e social de dereito dos nosos días, que diseña a actividade policial como estreitamente vinculada aos dereitos e liberdades: a función principal da policía, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, é a defensa da legalidade democrática e dos dereitos dos cidadáns.

Pero ao par diso, o concepto de seguridade pública experimenta unha profunda modificación fronte ao clásico de “orde pública” e defínese como a situación en que as persoas poden usar pacificamente os seus dereitos e liberdades.

No Estado democrático a policía é unha función pública por excelencia e os policías son funcionarios públicos –os “axentes da Autoridade” dos que fala a xente-, como se desprende claramente do encadramento do artigo 104 da CE no Título IV “Do Goberno e da Administración”. Noutras palabras, a policía é un dos alicerces nos que se asenta a arquitectura do Estado.

Nese contexto, a función policial experimentou cambios substanciais derivados, por unha banda, da transformación das institucións autoritarias dos tempos da ditadura nun Estado democrático e constitucional; e da conversión dun aparello estatal centralista noutro fortemente descentralizado, como consecuencia do recoñecemento da autonomía política das nacionalidades e territorios de España e, en concreto, de Galicia.

Unha das marcas que definen a autonomía política de Galicia, como a do resto das nacionalidades históricas, é o e recoñecemento da oficialidade da súa lingua. Non é casualidade que a regulación do uso das linguas no ordenamento xurídico estea emprazada nun lugar tan sobranceiro como os títulos preliminares da Constitución –e precisamente no artigo 3, a seguir dos que definen a forma política do Estado e a súa arquitectura territorial- e dos Estatutos de Autonomía.

O recoñecemento do valor cultural do idioma propio, da súa condición de seña de identidade do pobo galego, e a declaración de oficialidade conlevan que o Estado –en sentido amplo, incluíndo os órganos constitucionais, a Administración Xeral do Estado, a Comunidade Autónoma e as corporacións locais- recoñece o galego como a súa lingua, como idioma de uso normal a nivel interno e externo no ámbito territorial da nosa Comunidade.

Pero a cuestión non remata aí: o Estado no seu conxunto tamén asume a obrigación legal de promocionar o uso do galego. Este é un principio básico do proceso de normalización lingüística e tradúcese nunha forma de actuar que ten unha dobre fasquía: por unha banda, as Administracións non discriminan aos cidadáns por mor da lingua oficial que estes usen pero, por outro lado, deben potenciar o uso da lingua galega e aplicar políticas activas dirixidas a acadar ese obxectivo.

Esas son as ideas que subxacen no réxime xurídico do plurilingüismo vixente no noso país –desde os estatutos de autonomía, as leis de normalización lingüística, ata a normativa reguladora da función pública. Pero ademais, a Unión Europea converteu o plurilingüismo nunha das súas opcións políticas definidoras: como di nun dos seus documentos oficiais

“A UE está convencida de que o uso das linguas dos seus cidadáns é un dos factores da súa transparencia, lexitimidade e eficacia... A Unión Europea é consciente da importancia da política lingüística e nomeou

a un dos seus máis eminentes representantes para que defenda esta causa ao máis alto nivel... A Unión Europea baséase no principio de ‘unidade na diversidade’: diversidade de culturas, de costumes, de crenzas e de linguas... O respecto á diversidade lingüística xunto co respecto á persoa humana, a apertura a outras culturas, a tolerancia e a aceptación dos demais, é un dos valores básicos da Unión...”.

Esa declaración parte do entendemento de que as intervencións no eido das linguas son un tipo de políticas públicas perfectamente lexítimas e que esas políticas públicas son estritamente necesarias porque non hai un “mercado” que garanta a regulación da diversidade e, en concreto, da diversidade lingüística.

Desde esa perspectiva na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia recoñecemos o liderado do goberno galego como a institución legal e politicamente lexitimada para dirixir e dinamizar as accións en defensa do uso social da nosa lingua. A aprobación no Parlamento de Galicia, hai pouco máis de dous anos, do Plan xeral de normalización, e a creación en 2005 da Secretaría Xeral de Política Lingüística no seo da Presidencia da Xunta son decisións básicas que apuntan no camiño correcto.

Pero a sociedade civil tamén temos moito que dicir neste eido e nós, co apoio do goberno galego, porfiamos ao longo dos últimos tempos entre os funcionarios, os concellos, as asociacións, as empresas, os sindicatos e as organizacións profesionais, os medios de comunicación

e as universidades de cara a defender a identidade nacional de Galicia e a normalización dun dos seus signos máis recoñecidos, como é a lingua galega.

As políticas lingüísticas que defendemos baséanse na idea de que a vitalidade dun idioma require tres condicións: primeira, a capacidade das persoas para usalo; segunda, as oportunidades sociais que teñen as persoas para utilizalo; e, en terceiro lugar, o desexo dos falantes de empregaren efectivamente esa lingua.

E para incidir favorablemente nesas condicións as actuacións céntranse fundamentalmente nos sectores da educación, dos medios de comunicación, das Administracións públicas e do mundo cultural e económico.

No tocante á primeira das condicións anteditas, soamente nos cómpre dicir que dispomos dun réxime xurídico que, no esencial, garante adecuadamente o uso do galego. Pero dito o anterior, nun momento histórico en que estamos a falar dun novo Estatuto de Autonomía de Galicia, defendemos que se teñan en conta as propostas dirixidas a pór de relevo a lingua como elemento vertebrador e estruturante do país e as consecuencias que se derivan loxicamente da declaración de oficialidade. Entre elas, o deber de coñecer o galego, a presenza da nosa lingua nas institucións da Unión Europea e a súa difusión exterior; a regulación clara e completa dos dereitos lingüísticos perante as Administracións públicas e as institución estatais, incluídos os órganos constitucionais do Estado;

a atención singular ás relacións dos cidadáns coa Administración de Xustiza, o notariado e os rexistros públicos e que estes poidan funcionar en galego sen atrancos nin demoras; a previsión de que a Administración Xeral do Estado adopte as medidas necesarias para que o persoal ao seu servizo en Galicia posúa un coñecemento das linguas oficiais suficiente e axeitado ás tarefas propias do seu posto de traballo, e a norma que recolla os dereitos lingüísticos das persoas na súa condición de consumidores e usuarios de produtos e servizos, especialmente daqueles que teñan carácter de esenciais para a vida cotián.

En canto á segunda das condicións para a vitalidade da lingua -as oportunidades sociais que teñen as persoas para usala- é onde se centrou a actividade da nosa Asociación.

Ao longo dos anos e no medio dun continuo debate interno quixemos contribuír de forma leal e transparente a creación dun clima social favorable ao galego e a eliminación de atrancos –obxectivos ou prexudiciais- por medio do establecemento de vínculos e conexións con colectivos, institucións e axentes socioculturais para que se incorporaran á defensa da cultura e da lingua de Galicia: os grupos parlamentarios, os traballadores das Administracións local e Autonómica, as autoridades, traballadores e profesionais do mundo da xustiza, sectores empresariais, sindicatos, adegueiros, etc.

Lembremos que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia xurdiu como un grupo de funcionarios,

loais na primeiría, que colaboraron cos gobernos municipais na galeguización progresiva da administración local. Foron fitos dese labor a elaboración do Manifesto dos Alcaldes de 1984 -que xuntou a duascenas autoridades locais de Galicia- a constitución de gabinetes de normalización lingüística nos concellos, a galeguización da vida administrativa e a realización de campañas e actividades de formación para o extenso corpo de servidores públicos adscritos a este nivel da Administración.

Na mesma liña, realizamos múltiples actividades de colaboración e de asesoramento ao Parlamento de Galicia a través dos portavoces parlamentarios nos ámbitos referidos á defensa, promoción e uso da lingua galega, que contribuíron a realidades como a edición en lingua galega do Diario Oficial de Galicia, do Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e unha edición resumida, de periodicidade mensual, do Boletín Oficial do Estado nas tres linguas cooficiais do Estado. Axudamos a dinamizar o debate parlamentario, nas sucesivas lexislaturas, fornecendo preguntas e proposicións –máis dun cento de iniciativas que se reflicten nos boletíns do Parlamento de Galicia e noutros documentos oficiais-, que xeraron unha innovadora dinámica de achegas e de contraste de pareceres entre unha entidade cívica como é a nosa e a máxima institución de representación popular.

Con todos eses procesos de colaboración e, en moitos casos, de aguilloamento dos poderes públicos, a lingua galega foi recuperando ámbitos dos que tradicionalmente estaba arredada: grazas á Lei de

Normalización Lingüística de Galicia e á Lei de Uso do Galego nas Corporacións locais, á creación de publicacións administrativas, e doutras propostas asumidas e desenvolvidas por distintos gobernos municipais. E, desde a primeiría, unha representación ampla desta Asociación de Funcionarios participou nas distintas comisións sectoriais do Plan Xeral de Normalización da lingua galega aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, o 22 de setembro de 2004.

Sostivemos que unha xustiza democrática no noso país esixía unha progresiva incorporación da lingua galega ao quefacer cotiá dos tribunais. Queda moito por facer pero sentímonos especialmente satisfeitos coa extensión e intensificación do uso da nosa lingua neste eido. Publicacións como “Palabras de Lei. Galeguizar Galicia”, documentación procesual de xulgados e tribunais, campañas de difusión dos dereitos lingüísticos da cidadanía, xornadas e seminarios dirixidas a profesionais do dereito, encontros con colectivos da avogacía, o notariado, maxistrados, fiscais, procuradores e secretarios xudiciais, colaboración na creación dos gabinetes de tradución nas catro Audiencias provinciais e no propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dan a medida do noso esforzo.

Son moitas as bibliotecas do país que contan nos seus fondos cunha innovadora iniciativa literaria, “Contos da Xustiza”, resultado do encontro entre escritores profesionais e xuíces, fiscais e avogados que recrean, cada un desde a súa peculiar visión, o mundo da xustiza. Deixamos tamén constancia neste ámbito do noso traballo, da edición

en lingua galega dos códigos civil e penal e doutros textos legais, como resultado dun acordo de colaboración co Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, así como do primeiro formulario notarial.

A nosa actuación tamén se estendeu no pasado á promoción do uso do galego entre os funcionarios e axentes dos corpos e forzas de seguridade por medio de campañas de difusión dos dereitos lingüísticos dos cidadáns, a edición en galego de protocolos da Policía Científica e do libro “Palabra por palabra. Contos da Policía”.

Neste marco é no que agora presentamos este proxecto de sumar ás policía do noso país á defensa do galego e ao obxectivo de convertelo en lingua normal de traballo e de relación das forzas e corpos de seguridade, proxecto que se materializa no neste “O galego, de seguro”.

Pensamos que o galego non é plenamente idioma oficial do noso país se unha parte tan substancial e nuclear do Estado e das Administracións públicas como son os corpos e forzas de seguridade non a incorporan como lingua propia nos seus usos oral e escrito. Pero entendemos que ese obxectivo é dobremente desexable por outras dúas razóns: a primeira, porque os policía son a personificación da autoridade do Estado na rúa e o seu contacto cos cidadáns é moito máis intenso, universal e cotián que o do restos dos axentes públicos. Por outro lado e, en segundo lugar, os policía teñen unha función social moi relevante, garantir a seguridade cidadá e defender o exercicio dos dereitos e

libertades públicas, polo que é imprescindible que unan o prestixio desa función coa utilización da lingua do país e maioritariamente falada polos cidadáns.

Con todo iso o que queremos é incidir na terceira das condicións da vitalidade da lingua: o desexo dos cidadáns de empregala. Os servidores e axentes públicos, como dixemos, temos unha especial responsabilidade para crear o clima e o ambiente favorable a que as persoas poidan utilizar con naturalidade e sen atrancos a lingua propia especialmente naquelas relacións sociais, administrativas e xurídicas en que están implicados os organismos e aparellos do Estado e as Administracións públicas.

Xoaquín Monteagudo Romero

Presidente da Asociación de Funcionarios para
Normalización Lingüística de Galicia

Carlos Suárez-Mira Rodríguez

Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública



U

inha das grandes satisfaccións que proporciona a dirección dunha Academia de Seguridade é a de poder transmitir aos alumnos que nela realizan os seus estudos unha serie de contidos que han de resultarlles moi proveitosos para desenvolver con eficacia a súa importante tarefa: servir aos cidadáns na concreta faceta que lles é propia, que non é outra que a de garantir un espazo no que aqueles poidan exercer libremente os seus dereitos. Pero, con ser útil, non é a transmisión de coñecementos e de técnicas de actuación profesional o máis importante. Sen dúbida aínda reportará maior deleite a posibilidade de infundirlles no ánimo unha verdadeira vocación de servizo aos demais, vocación que, moi probablemente, xa alberguen no seu interior os aspirantes a policía e á que unicamente ha-

berá que estimular poñéndoa en común co obxectivo de formar unha verdadeira comunidade de servidores públicos vinculados por ese afán de asistencia e apoio aos seus concidadáns.

Non se concibe un corpo policial eficiente no que os seus integrantes non posúan “espírito de corpo”, un depurado sentimento de pertenza ao grupo coligado por unha serie de valores e referentes compartidos, cun obxectivo común, unha determinada ética profesional e o acatamento das pautas de actuación que, dentro do máis estrito respecto á Constitución e ás Leis, sexan ordenadas polas autoridades das que dependan aqueles. Aínda que entre esas pautas de actuación podemos destacar unha morea de patróns a seguir, pois é moi variado o elenco de labores nos

que se ven implicados as forzas e corpos de seguridade, o motivo destas liñas só ten que ver co emprego do idioma galego no seu desempeño profesional. Acerca diso, por fortuna, hai pouco que insistir na actualidade. Xunto ao capítulo das obviedades (o mando non pode discriminar a ningún subordinado pola utilización da nosa lingua, ningún axente de policía pode discriminar a un cidadán por empregalo senón que, moi ao contrario, debe responderlle en galego cando se dirixa a el no devandito idioma) está o das obrigas (a administración autonómica e as administracións locais teñen o deber inescusable de potenciar o uso do galego por parte dos seus funcionarios nas súas relacións cos administrados). Pero, alegrémonos, o terceiro capítulo é o máis importante de todos: é o capítulo da realidade

sociolingüística do noso país, un país no que o uso do galego por parte do colectivo policial é habitual, evidenciándose tanto nos cursos de ingreso, ascenso, actualización ou especialización na Academia coma no seu traballo cotiá na rúa ou nas súas relacións coas autoridades. Somos unha nacionalidade histórica cun rico pasado cultural, cunhas características xeográficas singulares e un modelo de convivencia lingüístico admirable e, se ben é certo que nunca estará de máis empeñarse sen desvelo na misión fortalecedora da lingua e cultura propias de Galicia, no curto e medio prazo creo que non hai serios motivos para a preocupación. A manter o vigor e a crecente implantación do galego axudou moito a lexislación; tamén as plataformas para a súa defensa e robustecemento; pero, sobre

todo, o labor calado dos nosos mestres que, a partes iguais entre vocación e obriga (ou quizais con moito máis do primeiro) inculcaron nos nosos cativos o amor pola súa terra e por un dos seus máis deliciosos froitos, a nosa lingua común.

Carlos Suárez-Mira Rodríguez



Temos a inmensa sorte de vivir nunha comunidade rica, con dúas linguas que son unha fonte de integración e un elemento de identidade propia e de riqueza cultural. Por iso quero destacar esta iniciativa a prol dunha normalización plena en tódolos ámbitos da vida pública, neste caso das Forzas e Corpos de Seguridade que teñen unha relación estreita cos cidadáns.

A cidade da Coruña sempre destacou polo seu compromiso cos sinais de identidade de Galicia, que son o máximo expoñente cultural da nosa comunidade. Entre todos, debemos fomentar a cualidade da lingua como lugar de encontro e parte do noso patrimonio, que nos enraíza coa nosa historia e nos proxecta ao futuro. Con campañas como a que agora comeza dáse un paso

máis na ampliación das capacidades de comunicación e na interrelación entre as administracións e os cidadáns.

O galego está presente en todos os ámbitos da sociedade, tal e como establece o Plan de Normalización Lingüística, pero aínda quedan terreos por conquistar para garantir que sexa unha lingua de uso en todos os sectores. Neste senso, esta iniciativa de fomentar o seu uso entre os axentes é exemplar posto que pretende mellorar a competencia lingüística dun importante colectivo que é parte activa da sociedade galega.

Desde estas liñas animo aos impulsores desta campaña a que potencien proxectos deste tipo para fomentar o uso da nosa lingua e mellorar as capacida-

des comunicativas da nosa comunidade. É unha iniciativa que permite tender pontes entre a administración e a cidadanía avanzando na plena normalización lingüística.

Javier Losada de Azpiazu

José López Orozco

Alcalde do Concello de Lugo



M

áis de trinta anos pasaron desde o momento no que o galego deixou de ser unha lingua prohibida e vergoñosa para se converter, pouco a pouco e paso a paso, nun vehículo de comunicación tan lexítimo coma o castelán, ata deixarnos hoxe unha Galicia que reflicte unha sociedade na que o bilingüismo é unha realidade innegable e enriquecedora.

Deixando aparte sentementos nacionalistas, non deixa de ser certo que a nosa sociedade convive pacificamente co uso indistinto de dúas linguas que camiñan xa da man en institucións, na cultura e, en definitiva, en todos os recunchos da sociedade.

Podemos vestilo como queiramos, institucionalizalo ou formalizalo en papeis ou leis, pero non podemos negar a realidade de que

as galegas e os galegos viven, se relacionan, traballan e coexisten con dous idiomas que forman parte indiscutible do día a día.

Non obstante, este bilingüismo representa unha riqueza que non podemos perder. Un galeguismo exacerbado e impositivo podería ameazar esta simbiose idiomática, tan característica da Comunidade Autónoma Galega.

Se algo caracteriza hoxe en día a nosa sociedade galega é a liberdade coa que, sen trabas, as galegas e os galegos se identifican cun dos dous idiomas, ou mesmo con ambos, sen necesidade de que ninguén o racionalice nun papel.

De todos os xeitos, para lograr a dobre identidade foi necesario un cambio de mentalidade na


que os poderes fácticos tiveron moito que ver. A normalización bilingüe foi necesaria, nun primeiro momento, en todos e cada un dos aspectos da vida, aínda que o sentir cotiá, como sempre, levou a dianteira.

Chega agora un paso máis a prol da normalización de continuar coa coexistencia dos dous idiomas, nun dos recunchos da sociedade que aínda non establecera o cambio. Os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e as Policía Local necesitan adaptarse a ese bilingüismo libre e enriquecedor que nos caracteriza e continúa o proceso de mergullamento na nosa realidade social na que fai certa a expresión de que dúas culturas son sempre mellor cá unha.

José López Orozco

Enrique Novoa López
Alcalde do Concello de Ourense





s concellos somos a administración máis próxima aos cidadáns, aquela a que con máis frecuencia recorren en primeira instancia os nosos veciños para formularen as súas necesidades, transmitir as súas propostas ou expoñer aquelas situacións que afectan a súa vida diaria.

Esta realidade, aplicable a toda actividade institucional, atopa especial relevancia no caso dos corpos de seguridade. A Policía Local é o organismo de referencia dos nosos veciños, que recorren aos axentes municipais para solicitar aqueles servizos e atencións que en cada momento precisan, dentro desa familiaridade que sempre debe presidir a relación entre os cidadáns e os seus corpos de policía. Por este motivo resulta de vital importancia fomentar a comunicación e o entendemento

e dar todas as facilidades para que estes poidan xurdir sen ningún tipo de limitacións.

É unha responsabilidade de toda administración facilitar que os cidadáns poidan acceder aos seus servizos usando a súa lingua propia, e máis aínda no caso da lingua galega, que é a base da nosa cultura e tradicións.

Como alcalde, debo facilitar toda iniciativa que pretenda contribuír a fomentar a comunicación entre a Administración e os cidadáns, e moi especialmente neste caso xa que a comunicación é, sen ningún tipo de dúbidas, a base sobre a que asentar o servizo público que os membros das nosas policía locais teñen a honra e a responsabilidade de prestaren aos nosos veciños.

Enrique Novoa López

Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde do Concello de Pontevedra



Se algo nos define aos galegos como ser colectivo, iso é o idioma, esta lingua que moitos utilizamos decote con absoluta normalidade, pero que atravesa un momento de grande perigo, con escasas perspectivas de futuro.

Só incrementando os folgos, a ilusión polas grandes cousas que nos son propias e os instrumentos xurídicos axeitados para garantir a súa pervivencia lograremos, entre todos, mitigar o grande devalo en materia de falantes que rexistra o galego, especialmente nas novas xeracións.

As fórmulas para acadar os obxectivos normalizadores non son doadas, xa que todo avance cultural precisa de tempo e intelixencia creativa, especialmente nesta época abafada pola hipercomunicación e a chamada

globalidade, todo un proceso de centralización cultural que se executa, por suposto, en detrimento dos menos numerosos.

Con todo, cómpre albiscar iniciativas que contribúan a manter viva a esperanza, como a dos miles de galegos que consciente ou inconscientemente continúan utilizando o noso idioma en todo canto uso verbal necesitan, na creación de novos medios ou nos esforzos culturais por dignificar e prestixiar o uso da lingua por enriba de calquera consideración.

Temos un deber como galegos e galegas de hoxe. Salvar da forza un idioma vizoso que recibimos como herdanza, que é noso, que soporta unha estupenda, variada e atractiva literatura clásica e contemporánea, que ten todos os ingredientes para

facер da nosa vida un completo e variado menú de sensacións, ritmos, soños e aspiracións.

De conseguilo, seremos unha xeración plena e feliz. Se non achamos resultados teremos que comezar a preguntarnos por que.

Miguel Anxo Fernández Lores



A

lingua de Galicia, a nosa lingua, faise real na idea de normalización, na expresión dos que traballan con e para os demais.

O labor das forzas e corpos de seguridade ten un papel destacado en todo ese proceso dinamizador, e ese dinamismo pode e debe ser contagiado a aqueles cidadáns a quen serven.

A xente ten na lingua, na súa lingua, un vehículo de achegamento ós demais. Aqueles que coidan, que fan sentinela de todos nós, deben procurar que se manteña esa proximidade, e un xeito doado é a traveso da experiencia máis persoal.

A policía local, polo feito de estar tan preto das cidadás e cidadáns, por seren, en definitiva, os máis próximos, debe ter presente, e

de feito así é, que a súa proximidade debe materializarse na normalización do que debe ser normal, expresarse nesa lingua que se a coidamos, manterase cando menos outros mil anos máis.

Neste Concello de Vigo, os nosos axentes locais, están nesa procura.

Corina Porro Martínez

A wide-angle photograph of a sunset over a body of water. The sun is a bright, glowing orb in the upper left quadrant, casting a long, shimmering reflection across the water's surface. The sky transitions from a deep orange near the horizon to a dark, muted purple at the top. In the foreground, the dark silhouettes of trees and foliage are visible on the left side. The middle ground shows the calm water reflecting the sky's colors, with several small, dark shapes that appear to be boats or structures in the distance. The background features a range of low, hazy mountains or hills under the twilight sky.


“Os documentos públicos outorgados
en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán.
De non haber acordo entre as partes, empregaranse ámbalas dúas linguas”

(Art. 8 da Lei de Normalización Lingüística de Galicia)

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde do Concello de Santiago de Compostela





Os axentes da policía local son parte da nosa administración e, na maioría dos casos, a cara máis visíbel, a que trata coa cidadanía a pé de rúa a cotío. Asumir e concretar determinados obxectivos é un dos deberes dos traballadores da administración. No que atinxe ao emprego da lingua, e no caso concreto do Concello de Santiago, estes obxectivos derívanse do Regulamento de uso da lingua galega e do Plan de Normalización Lingüística.

Por outra banda, os traballadores e traballadoras do Concello de Santiago queren, como calquera persoa de ben, transmitir aos seus concidadáns e aos centos de visitantes que chegan cada día á capital galega, unha boa imaxe. Do mesmo xeito que se limpan as rúas ou se manteñen os xardíns, un Concello haberá

de coidar a lingua que emprega para relacionarse coa cidadanía, e de maneira especial, a Policía, por ser precisamente esa cara tan visíbel ante os cidadáns e cidadás.

En Santiago de Compostela preocupámonos porque os axentes sexan bos informadores, amábeis, próximos e abertos a axudar á cidadanía: sensíbeis, por tanto, ás súas necesidades e demandas. Ademais, a procedencia da maioría dos nosos axentes é galega, polo que teñen o galego como lingua propia ou ben a empregan e a entenden sen problema. Renunciar a ela sería renunciar ao noso patrimonio e ao empeño por revitalizala usándoa diariamente, obxectivo que hoxe preocupa e atinxe á administración e á sociedade en xeral.

Por outra banda, o corpo da policía local é a “autoridade” que vixía continuamente o cumprimento das leis e demais normas, por tanto forma parte do seu deber ser exemplares eles mesmos. Utilizando a lingua galega son, dalgún xeito, sensíbeis ás demandas sociais, porque conseguen achegarse mellor á poboación coa que tratan, na súa maioría galegofalante, e convértense así en exemplo vivo do respecto pola legalidade vixente.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Juan Juncal Rodríguez
Alcalde do Concello de Ferrol



A

importante evolución do dereito lingüístico no Estado español, debido en gran parte á xurisprudencia do Tribunal Constitucional, e o obrigado cumprimento da nosa Ordenanza municipal de normalización lingüística, reguladora dos usos da lingua galega en calquera actividade municipal, supuxo nos últimos anos un considerable aumento do coñecemento, escrito e oral, do galego entre o funcionariado ferrolán.

Garantir os dereitos lingüísticos de toda a cidadanía a coñecer e a usar libremente calquera das linguas oficiais en todas as súas relacións públicas é unha das obrigas de calquera Administración e, sen prexuízo desta obriga, todos os concellos galegos fomentarán a normalización do uso do galego nas súas actividades.

Nesta liña, Ferrol foi o segundo concello en redactar un específico Plan de Normalización Lingüística (PNL) que recolle un conxunto de medidas e actividades cara ao progreso do proceso de normalización do noso idioma no conxunto da cidadanía ferrolá e, nomeadamente, no funcionariado. Este PNL ten como directriz estratéxica a concepción da normalización do idioma como unha actuación de carácter transversal o que vén significar que debe ser asumido polo conxunto dos departamentos da Administración municipal. No conxunto do cadro de persoal dunha Administración local, os axentes de policía son os que manteñen un contacto máis directo e máis cotiá coa veciñanza e, polo tanto, promover e apoiar a súa implicación no PNL é fundamental.

Juan Juncal Rodríguez

Xoaquín Xavier Gago López

Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa



“O

galego, como lingua oficial de Galicia, é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma”. Así o di o artigo 4º do Título II da Lei de Normalización Lingüística. E porque isto é así, e porque Vilagarcía é un dos principais concellos de Galicia, fomos, tamén, un dos primeiros en crear un Servizo de Normalización, co seu correspondente Regulamento, aprobado en 1990.

Dende logo, este Regulamento non se aprobou para quedar ben, para ser “politicamente correcto”, senón polo convencemento de que as administracións en xeral, pero as locais en particular pola súa proximidade ó cidadán, deben xogar un papel fundamental na defensa e promoción da nosa lingua, que é tanto como dicir da nosa cultura e, xa que logo, do noso País.

Nese Regulamento, o Concello de Vilagarcía -as súas corporacións, sexan da cor que sexan- comprométense a levar a cabo proxectos que protexan o idioma e pular tanto pola súa normalización na Administración municipal coma no seu uso público; a fortalecer e protexer calquera manifestación que nese senso se sente; a coordinar as actividades e proxectos de normalización; e, como non podía ser doutro xeito, a dar cumprimento á Lei do Uso do Galego polas Entidades Locais e a Lei de Normalización Lingüística. Deste xeito, toda a documentación que xera o Concello é en galego; todas as publicacións (libros, ordenanzas, regulamentos, folletos, carteis, anuncios...) fanse na nosa lingua; o portal municipal en Internet está integramente realizado no noso idioma (novas, orde-


nanzas, trámites, PXOM, guía de servizos...). O mesmo pode dicirse da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, e, por suposto, da Policía Local, tanto a nivel interno –realización de expedientes, comunicacións, etcétera) coma externo (relación coa administración de xustiza e os demais corpos e forzas de seguridade e, como non, coa cidadanía en xeral). En definitiva, e á vista de todo o anterior, pensamos que a aposta do Concello de Vilagarcía -e, por derivación, de todos os vilagarcíans- polo uso do noso idioma é un feito. Pero sabemos que aínda queda moito por facer e que esta é unha tarefa a desenvolver a cotío. Por iso, é motivo de recoñecemento que dende a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística se poñan en marcha iniciativas que, como esta, tentan incidir no

que é un dereito, pero tamén un deber, polo menos moral: o de usar e defender a nosa lingua. Facéndoo así, defendemos o noso principal patrimonio.

Xoaquín Xavier Gago López

Xoán Gato Díaz

Alcalde do Concello de Narón



X

a hai moitos anos, o Pleno do Concello de Narón expresaba a súa firme vontade de poñer en valor a nosa lingua, aprobando e comunicando as súas decisións utilizando como primeira lingua da administración local, a todos os niveis, o galego.

Daquela, a situación do galego viña sendo o indeseable resultado da súa ausencia ao longo dos séculos dos ámbitos de poder e decisión. A súa invisibilidade para o ensino, para a tecnoloxía, para as administracións, mesmo para a xustiza, provocaron que a súa utilización fose vista moitas veces como un atranco social. Hoxe en día, as actitudes cara o galego melloraron ostensiblemente, pero aínda quedan prexuizos asumidos que combater e problemas novos derivados das novidades da sociedade do século XXI.

Se unimos o pulo da vontade política coa participación dos axentes sociais, culturais, e técnicos, así como coa participación da cidadanía conseguiremos que a nosa lingua sexa máis forte, usándoa en todos os espazos de uso posibles. Esperamos que esta iniciativa que estamos a compartir, axude na loita continua para que o galego acade o prestixio que por dereito propio lle corresponde.

Xoán Gato Díaz

Evencio Ferreiro Rodríguez

Alcalde do Concello de Carballo



A

normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade, que se implica nun proceso de cambio, ou non se consegue, e a sociedade galega está comezando, nas últimas décadas, a estar inmersa nese proceso de normalización lingüística, xusto e necesario, despois de todos os acentuados acontecementos centralistas que tiveron lugar ao longo da nosa historia, máis afastada e máis próxima, e que quixeron debilitar a nosa identidade e o seu núcleo central, a nosa lingua.

As corporacións locais temos a obriga de apoiar e potenciar o proceso de normalización do uso do galego para que este recupere o seu estatus de “normal” en todos os ámbitos. Algo avanzouse, mais aínda queda moito camiño por

andar en moitos ámbitos nos que se vai a ritmo máis lento do necesario. Quizais un deles sexa o dos corpos e forzas de seguridade.

As policíaas poden estar “para a”, pero sobre todo deben estar “coa” cidadanía. Deben estar integradas na sociedade na que viven, deben formar parte dela e implicarse nos seus procesos. Tanto as persoas que temos responsabilidades políticas en cuestións de seguridade como aqueloutras que as teñen máis técnicas debemos asumir o compromiso de estar “coa” cidadanía.

A gran maioría da poboación do noso País fala e entende a nosa lingua, a galega. Xa que logo, se as forzas e corpos de seguridade queren estar de verdade “coa” cidadanía, a súa lingua non pode ser outra que a galega.

Ademais, boa parte da efectividade das policíaas céntrase na boa comunicación e está claro que en calquera país do mundo, a comunicación máis efectiva é, loxicamente, a que se fai na lingua propia dese país...

E en Galicia, lingua propia non hai máis ca unha.

Evencio Ferreiro Rodríguez

Xaime Rei Barreiro

Alcalde do Concello de Redondela



A

s forzas e corpos de seguridade en Galicia foron durante moito tempo o símbolo dun poder omnímodo que tiña unha idea errática, negadora da España plural. A propia Garda Civil, nace e se desenvolve nun momento crítico: cando triunfa a alianza nobiliario-burguesa, base do moderantismo, cando o exército compite co poder civil por encarnar autonomamente a vontade e representación nacionais, cando o Estado se configura con rixidez facendo da Garda Civil un formidable instrumento de centralización.

A Constitución española de 1978 supuxo un cambio cualitativo no papel asignado ás forzas e corpos de seguridade. E con el apareceron normas que derogaban outras restrictivas para o uso das linguas na rela-

cións das institucións e cidadáns con eses órganos do Estado. O Tribunal Constitucional, tamén, coas súas sentenzas foi creando unha ampla xurisprudencia que incidíu positivamente no marco lexislativo.

Caso aparte son os comportamentos e hábitos lingüísticos, moi enquistados nos corpos e forzas de seguridade, que asociaban o concepto de autoridade co de utilización da lingua castelán, facendo imposible deste xeito que a tan desexada policía de proximidade pasara de ser un desexo de moitos gobernos a unha realidade. Algunhas disposicións como a Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar, supuxeron un avance importante.

Sen embargo, esta apertura, sendo importante, aínda seguía restrinxindo o libre exercicio dos dereitos lingüísticos dos cidadáns das comunidades autónomas con lingua de seu. As denuncias e o dereito a declarar en calquera das linguas cooficiais do Estado seguíanse a impedir, malia a xurisprudencia do Tribunal Constitucional recoñecéndolles ós cidadáns ese dereito.

O Real Decreto 1465/1999, polo que se establecen criterios de imaxe institucional e se regula a produción documental e o material impreso da Administración xeral do Estado, no que atinxe ás oficinas de denuncias dalgúns corpos de seguridade aínda non se resolveu satisfactoriamente. Urxe, pois, que as autoridades gobernativas com-

petentes dicten as ordes oportunas para que o libre exercicio dos cidadáns nos usos lingüísticos non se vexa impedido.

Considero que as forzas e corpos de seguridade poden contribuir decisivamente ó proceso normalizador. Na oralidade, utilizando a lingua maioritariamente falada polo pobo, e na escrita, fomentando o uso da lingua galega na actividade que lles é propia: denuncias, informes, atestados, etc.

Neste proceso de cambios de actitudes e hábitos lingüísticos teñen moito que ver as academias onde se preparan os futuros membros das distintas policía. Para iso será necesario que se incorporen ós plans de estudos asignaturas que contribúan a unha mellor formación e coñe-

cemento do patrimonio cultural e lingüístico que a Constitución española recoñece. Concluíndo, e a xeito de resume:

1.- É preciso que o Ministerio do Interior poña en marcha un plan de actuacións enca miñadas a facer posible que a cooficialidade lingüística sexa real nas comisarías de policía e dependencias da garda civil.

2.- As academias nas que se forman os membros dos corpos e forzas de seguridade deberán incorporar ós seus programas o coñecemento do plurilismo cultural e lingüístico do Estado.

3.- Fornecer de ferramentas in- formáticas ás oficinas policiais.

Xaime Rei Barreiro



“No caso de relacións verbais entre particulares e Centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos, á súa elección, en castelán ou na lingua da Comunidade”

(Artigo 4, da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das comunidades autónomas na Administración Militar)

Xosé Luís Torres Colomer

Alcalde do Concello de Ribeira



A

Lei de Normalización Lingüística, do ano 1983, no artigo 4.1 recolle “O galego como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”; este compromiso complétase coa Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais onde se indica que “é preciso impulsar a normalización lingüística na Administración local.”

Grazas ao esforzo unificador do goberno da Xunta de Galicia, o 22 de setembro de 2004, aprobouse o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, o soporte das fórmulas de actuación que darán coa mellora do status do noso idioma. Neste labor a Administración Local, a máis próxima

ao cidadán é a que ten que dar maior exemplo, temos que ser o acicate da conciencia lingüística dos veciños e veciñas de todos os lugares de Galicia.

No Concello de Riveira, en cumprimento da Lei e no compromiso de velar polo interese do patrimonio galego, a normalización lingüística é unha constante no traballo cotiá. A lingua de Riveira, dos seus case 30.000 habitantes, é o galego, e a conciencia lingüística estendida no municipio é o froito do traballo de anos de educación e apoio ao labor de posta en valor do noso.

Do corpo de funcionarios a policía local é quen ten maior presenza no espazo urbano. Esta proximidade, dirixindo o tráfico ou informando os viandantes sobre calquera incidente, fai deste grupo un re-

ferente público do quefacer de cada concello. Son estes homes e mulleres que traballan en contacto coa cidadanía os que recordan e garanten a posibilidade de vivir en galego que é a nosa lingua, a nosa marca de identidade, a lingua dos nosos maiores e a fala que queremos para as xeracións futuras; a nosa cultura.

Grazas á capacitación profesional, a competencia en galego e conciencia lingüística na función pública é ampla. Complementada sempre con formación en linguaxe administrativa ou coa mellora das habilidades comunicativas é posible falar da “oferta positiva”, presente no Plan Xeral de Normalización, que se leva a cabo no Concello de Riveira: dirixirse á cidadanía en galego. Non é máis ca un aceno, unha invitación a que o interlocutor se sinta

arroupado na súa propia lingua, que o axente local fale no idioma no que o seu pobo fala e no que se falará cos novos veciños e veciñas.

Xosé Luís Torres Colomer



Todos, cada un de nós, estamos implicados dunha forma directa no proceso de normalización da lingua galega. Depende de nós, e só de nós, que ao comunicarnos coas persoas que nos rodean o uso do galego sexa algo normal, e non unha excepción que provoque as habituais reaccións adversas e os recorrentes prexuízos absurdos. Todos temos que facer un pequeno esforzo neste proceso, pero son, sen dúbida, as institucións as que teñen que funcionar como motor de arranque.

A Administración local foi, é e será sempre un dos instrumentos máis útiles na hora de promover e defender este uso normal do galego e de velar polos dereitos lingüísticos da cidadanía, a causa do seu carácter próximo e de contacto continuo dos seus traballadores cos administrados.

A aposta dos concellos pola normalización lingüística ten que ser firme, constante e global. E esta aposta debe incluír, evidentemente, ao colectivo da policía local, ao que debemos concienciar da súa tremenda importancia dentro deste proceso, de que as súas funcións deben incluír tamén a defensa e vixilancia do cumprimento dos dereitos lingüísticos e da necesidade de darlle a volta a moitos prexuízos que se producen no seu trato coa cidadanía e que converten a comunicación nun feito anormal e artificial.

No Concello de Culleredo queremos facer esa aposta por algo tan intrinsecamente noso como é a lingua galega. Está na vontade de todos nós que este esforzo chegue a dar os seus froitos.

Julio Sacristán de Diego

Manuel Pose Miñones

Alcalde do Concello de Arteixo



De fixármonos na lexislación vixente en materia lingüística, comprobaremos que desde a Administración Local, temos un gran reto para acadar a normalización da lingua galega.

Non hai máis ca ver a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística, a Lei 5/1998, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, a Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, a Lei 30/1984, do 2 de agosto, sobre medidas para a reforma da función pública, a Lei 5/1997, do 22 de xullo da Administración de Galicia, do persoal ao servizo das entidades locais, sección 2 (dos funcionarios con habilitación de carácter nacional), a Ordenanza

de normalización lingüística do Concello de Arteixo, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria, celebrada o 27 de decembro de 1997 ou o Plan Xeral de Normalización da lingua galega, para comprender que cómpre poñer todo o interese para defender e apoiar accións a prol da lingua de noso, co obxectivo de devolverlle o prestixio que tivo noutroa.

Desde a Administración Local estamos moi próximos á cidadanía e, coas nosas accións podemos incidir positivamente no estatuto da lingua. No Concello de Arteixo entendemos que, para acadar os obxectivos da normalización que se pretenden coa lexislación promulgada, é necesario contar cun departamento que xestione a programación de actividades, tanto lingüísticas


coma sociolingüísticas, dotado con persoal especializado en lingua galega e con funcionamento constante; de aí que se crease o Departamento de Normalización Lingüística xa hai anos.

Manuel Pose Miñones

Carlos Fernández Castro

Alcalde do Concello de Ames





Os concellos democráticos protagonizamos un notable activismo en defensa dos intereses xerais de Galicia no eido da educación, da cultura, da participación popular nos asuntos públicos, na defensa do medio ambiente ou no acceso aos servizos sociais.

Tamén fomos axentes moi notables na promoción da lingua galega e na súa recuperación como lingua administrativa e xurídica; e adiantámonos moitas veces coas nosas iniciativas e experiencias nese eido ás medidas ás que legalmente están obrigadas outras Administracións con máis medios e posibilidades, como a Autonómica ou a Xeral do Estado.

Finalmente, os concellos desenvolvemos papeis pioneiros na democratización da actividade

social e policial e contribuímos decisivamente, co exemplo das medidas que se adoptaron en moitas policía locais do País, a contruírmolos unhas forzas e corpos de seguridade modernos, transparentes, deseñados para protexer e garantir os dereitos dos cidadáns e non para reprimilos, como eran propios dos tempos non tan lonxanos da ditadura.

Nese marco, non é de estrañar que os concellos fosemos convocados para protagonizar un paso adiante de alta carga simbólica nese proceso de construír unha policía ao servizo do País e dos seus cidadáns: a de converter o galego en lingua usual de traballo das Policía locais. Debemos estar orgullosos dese reto e afrontalo con decisión e sentidiño, coa colaboración dos propios funcio-

narios e doutras institucións públicas. Os cidadáns agradecerán o esforzo, que será para a maior dignidade de Galicia.

Carlos Fernández Castro

Ramón Campos Durán

Alcalde do Concello da Estrada



Para nós, o uso e promoción da lingua, é unha liña prioritaria na acción de goberno. Pretendemos que a administración local, por ser a máis próxima á cidadanía, sexa motor de normalización e impulso do idioma.

Entendemos o galego como a vía lóxica e normal de entendernos cos nosos administrados e administradas, e sabemos que o bo funcionamento das administracións públicas depende en gran medida de establecer un código fluído coas persoas sobre as que queira desenvolver múltiples xeitos de acción.

Tamén somos conscientes da necesidade de impulso que o galego precisa, así como da obriga e compromiso que as administracións públicas debemos ter co sinal de identidade

máis valioso que como galegas e galegos posuímos.

Neste sentido, coidamos especialmente o emprego da lingua que nos é propia por parte dos corpos da Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como o de todos aqueles servizos que deben fortalecer un instinto básico do ser humano, o da seguridade pública.

Por isto, é preciso ter en conta sempre a necesidade de fortalecer vínculos de unión entre os nosos axentes e a poboación. Debemos incorporar a importancia do uso da lingua a unha realidade, cada vez máis ampla e cambiante, que nos imprime un ritmo constante á hora de conseguir que as estatísticas de falantes nos favorezan. Parte importante desta liña de actuación, constitúe a opor-

tunidade de aproveitar a bolsa de usuarios/as da nosa lingua no medio rural e urbano, e dende aí basear os alicerces dunha planificación lingüística equilibrada e constante.

Conseguiremos deste xeito a normalización do idioma en ámbitos como a atención cidadá e urbana, noutros eidos nos que queda máis que facer como o do control e accións encamiñadas á ordenación do tráfico, a promoción lingüística en administracións nas que é preciso incidir máis e dende distintos sectores, como é a administración de xustiza, e en definitiva, un medio social máis noso, máis próximo e do que nos sentimos profundamente orgullosos.

Ramón Campos Durán

Salvador González Solla

Alcalde do Concello de Ponteareas



Como máximo representante do Concello de Ponteareas, como a persoa encargada de velar polos intereses e dereitos da cidadanía, un dos obxectivos que pretendo acadar é chegar a todas e todos a través da lingua que de sempre nos une, nos xunta e é o núcleo vital da nosa identidade como pobo.

O Concello de Ponteareas amosou o respaldo a esta máxima de uso e promoción da lingua galega cando no ano 2003 aprobou definitivamente o Regulamento de normalización lingüística do Concello de Ponteareas, declarando que o galego é o idioma oficial do noso concello, no que se concretaba que tanto a Administración municipal coma os organismos que del dependesen usarían a lingua galega.. A partir dese momento toda a vida municipal desenvólvese en galego.

Mais, o galego non só o contemplamos como lingua vehicular dentro do ámbito da propia Administración, senón que tentamos conseguir e contribuír á expansión do seu uso en toda a actividade cotiá da sociedade, a través de campañas que incidan na valoración da lingua galega, partindo moitas veces do relevo do local para influír no ámbito xeral.

A Administración municipal debe ser un motor de impulso, de expansión, de normalización do galego, mostra do orgullo de empregar a lingua que nos entregaron de xeración en xeración, coma un regalo máis que ofreceron as nais e pais aos seus fillos e fillas, para xuntos medrar no mundo.

Entendendo que ten que haber unha corresponsabilidade e unha

implicación do conxunto da institución, ser un proxecto de todos, converténdonos en axentes dinamizadores e normalizadores da lingua. Dentro destes axentes dinamizadores, tócalle xogar un papel fundamental aos axentes da Policía Local, ao seren estes uns dos actores que maior relación teñen co pobo, axudando a desbotar vellos prexuízos e a erradicar a separación lingüística entre eles e a cidadanía, conferíndolle ao seu labor de promoción da lingua un valor engadido polas connotacións que ten de autoridade.

Sendo o galego do século XXI xa un galego urbano, que se adapta aos novos tempos e medra a carón das novas tecnoloxías da información e chega a través da rede aos últimos recunchos do planeta sen a necesidade de es-

tenderse a través da emigración que secularmente padeceu Galicia, contribuíamos a facer da lingua unha realidade para o novo século.

Así, pois, desexo amosar a vontade e o compromiso desde a institución que represento e, asemade, como parte integrante do pobo galego, de contribuír a que a nosa lingua continúe sendo a lingua dos nosos fillos.

Salvador González Solla

“Nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autonómica e Local considerárase, entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel”

(Art. 11.2 da Lei de Normalización Lingüística de Galicia)



Xosé Crespo Iglesias

Alcalde do Concello de Lalín



Dentro do proceso de normalización da lingua galega, as políticas desenvolvidas no eido do ensino e o esforzo na búsqueda dunha unificación e corrección normativa son piares que deben sustentarse, inexcusablemente, na progresiva institucionalización do noso idioma. Predicar co exemplo segue a ser un dos métodos máis efectivos á hora de conseguir unha meta e, por iso, nunha sociedade como a actual, máis plurilingüística cá nunca, a recuperación da presenza do galego nos distintos estamentos sociais pasa polo seguimento dun proceso descendente: administración-administrado.

No eido das forzas de seguridade, a inminente creación da Policía Autonómica de Galicia e a incorporación dunha base lexislativa para acadar unha maior co-

ordinación dos corpos de Policía Local, plantéxase como unha excelente oportunidade para establecer un marco de interrelación no que a utilización do galego sexa considerado como un elemento de normalidade, diferenciador, pero enriquecedor.


A bo seguro que a día de hoxe a meirande parte dos axentes de Policía Local dos 315 concellos da nosa Comunidade Autónoma son galegofalantes, pero, posiblemente, quizais nin a metade deles empregue a nosa lingua como medio de expresión nas accións escritas e na documentación vencellada ao seu traballo. Mudar esta dinámica require, ademais dunha convicción das persoas, un maior compromiso de todas as institucións públicas -en especial, dos estamentos xudiciais-, así como o establece-

mento de mecanismos de control e intervención, pero sempre aplicando as distintas medidas nun clima de cooperación e non de confrontación lingüística.

A actividade policial, nos últimos tempos reestruturada a prol do desenvolvemento de políticas de proximidade, debe buscar tamén esa proximidade coa cidadanía compartindo, defendendo e contribuíndo a revitalizar un dos bens máis prezados do noso pobo: a lingua galega.

Xosé Crespo Iglesias





s cidadáns galegos falan maioritariamente a nosa lingua e por iso con máis razón se cabe, as institucións, entidades, e organismos oficiais, deberían adoptar decididamente o idioma galego para establecer as súas relacións coa veciñanza.

Se nos referimos á Policía Local, estes axentes teñen un contacto permanente cos cidadáns, estando moi próximos ás súas demandas e necesidades, e realizando a maior parte do seu traballo a pé de rúa, polo cal a lingua que habitualmente utilizan é o galego.

No desenvolvemento do seu traballo a Policía Local leva a cabo unha serie de actividades para as cales debe contar con formularios, impresos, e todo tipo de documentos que, por

unha cuestión de pura lóxica, deberían estar escritos en galego.

No Concello de Monforte de Lemos estamos sensibilizados con esta cuestión e, por isto vimos desenvolvendo dende hai tempo un proceso encamiñado cara á total normalización lingüística na entidade municipal, proceso ó que non é alleo o corpo da Policía Local.

Os cidadáns deben ser atendidos na súa propia lingua, facilitándolles así, a súa relación coas diferentes administracións e autoridades ó producirse unha normalización na comunicación entre administradores e administrados, normalización que vén dada pola utilización dunha lingua común, por todos coñecida e falada.

Quero amosar o meu apoio incondicional ó uso do galego en tódolos ámbitos da vida, algo ó que as administracións non só non deben ser alleas, senón que deben converterse en promotoras e primeiras defensoras da nosa lingua.

A Policía Local, como forza vinculada á entidade municipal, debe promover a utilización do galego na súa relación cos cidadáns, ó tempo que debe reclamar todas as facilidades para que a normalización lingüística sexa un feito real en todo o relacionado co desenvolvemento do seu labor.

Severino Rodríguez Díaz

Xosé Deira Triñanes

Alcalde do Concello de Boiro



“



“Non lle cantes cantos brandos
queimadas

para adormecer o rapaz
os pés fortes

cántalle cantos ousados
e lixo de pó na sede.

que esforzado o peito fan” leva-
mos a razón dos nosos
na memoria

Eduardo Pondal

e un petar constante nas
areas do exilio...”

Alfonso Pexegueiro

O galego, como lingua mile-
naria, foi transmitido e segue
a ser transmitido de xeración a
xeración, malia as numerosas
prohibicións e restricións que
pesaron historicamente sobre a
súa utilización, xa fora na escrita
ou na fala, por iso non debemos
esquecer os esforzos realizados
polo pobo, que malia as adversi-
dades, foron quen de expresar o
sentemento dunha terra coa fala
para derrubar todas as barreiras
e prexuízos sobre a nosa lingua
e a nosa cultura, pero que des-
grazamente, aínda hoxe existen
e seguen a ser unha das causas
polas que moita xente non a use
como medio de comunicación e
expresión natural na súa vida co-
tiá, sobre todo a máis nova que,
aínda que a entendan, a saiban
escribir e llela ensinen na escola,
teñen reparos e mesmo medos á
hora de falar no seu propio idio-

ma. Esta situación resulta sor-
prendente pois penso que nunca
antes se fixeron tantos esforzos,
campañas, seminarios, cursos
e incluso progresos e modifica-
cións de lei para divulgar e ensi-
nar o idioma galego ao conxunto
da sociedade, máis a situación
dos galegofalantes é menor, algo
que resulta incomprensible pero
que é unha realidade innegable.
Na miña opinión, a substitución
de diglosia, débese á asociación
desta última coa idea de moder-
nidade ou de maior estatus social,
idea que está equivocada xa que,
nunca antes na historia se mo-
dernizara tanto o galego como
nos nosos tempos e porque a lin-
gua galega pertence a todos sen
facer diferenzas de clase social,
pois é a lingua do pobo.

A lingua resume a historia dun
pobo, tanto no xeito de gañar

a vida como de pensar, por iso,
usar a lingua é unha forma de
recuperar a nosa identidade. O
papel da educación é un dos me-
canismos máis importantes para
superar os prexuízos estigmatiza-
dos no uso do galego, polo que
o seu uso debe estenderse non
só na escola ou na universidade,
senón tamén no ámbito familiar,
pois resulta crucial que os pais e
nais, os avós e avoas, falen cos
seus fillos e netos en galego
para que estes poidan adoptar
a identidade cultural da nosa te-
rra, nun mundo tan globalizado,
desarraigado e tan necesitado de
valores.

É responsabilidade de todos que
o galego teña o lugar que lle co-
rresponde dentro das relacións
sociais, tanto públicas como pri-
vadas, que se establecen entre o
conxunto da cidadanía para que

todos asumamos o galego como lingua propia. Este paso é imprescindible para que o proceso de normalización lingüística constitúa un síntoma evidente do noso progreso social na protección e difusión da nosa identidade.

A nivel institucional, o uso da lingua galega en tódolos ámbitos da administración, non só é unha obriga, senón tamén un compromiso imprescindible que o goberno ten que asumir para fomentar e respetar a lingua que nos identifica culturalmente e nos define como galegos e galegas en todo o mundo, independentemente da ideoloxía política, formación cultural, nivel de estudos, clase social, ingresos, idade ou sexo. Polo tanto, o dereito natural e cultural do pobo galego, pasa por garantir que os servizos públicos e administrativos lle conce-

dan o dereito de ser atendidos na lingua galega.

Por estas razóns, promovemos o uso do galego nas relacións coa cidadanía mediante unha circular que se fixo chegar a todos os empregados/as do Concello de Boiro, equipo de goberno, policía local, protección civil, operarios de mantemento e persoal da Administración. A idea foi adoptada sen queixa algunha xa que a maioría dos empregados/as utilizan como idioma natural o galego, e penso que esto se debe a que case todos/as medraron nun entorno familiar de galego falantes, que é a razón máis eficaz para que os galegos e galegas se sintan orgullosos de coidaren as súas raíces e de contribuírmos a cotío para que non morra a nosa cultura.

Xosé Deira Triñanes



Durante máis de cinco séculos, a lingua galega sobreviviu desprovista de valedores, agochada na lonxanía e o abandono dun país remoto do que só interesaban as levas, os foros, os impostos e, de cando en vez, a súa posición estratéxica nalgunha guerra que adoitaba perder o Imperio. Durante eses cinco séculos de supervivencia, a través de escribáns, notarios, xuíces, alguacís e comendadores, o castelán foi impóndose como lingua de autoridade na que se ditaban as partillas, os pleitos e as condenas. O galego era a lingua para a implo-
rar “¡Líbrenos Deus da xustiza!”. Madia leva, Deus falaba latín e castelán.

Andando o século XIX, ao tempo que entre escritores e ilustrados o galego gañaba prestixio como lingua literaria, o rol do caste-

lán como lingua de autoridade acrecentouse co robustecemento do Estado e a súa paulatina intromisión en todos os asuntos que atinxían ao individuo. A situación de diglosia conflitiva en que vive a nosa sociedade desde hai case dous centos anos, ten moito que ver coa imaxe de poder que acompañou ao castelán como lingua da administración, de quen decide sobre as persoas e os seus bens. O autoritarismo franquista, entre 1936 e 1975, co seu odio atávico á diversidade e as súas ansias de uniformización imperial, representaron un duro revés para unha lingua que vía recoñecida por primeira vez a súa existencia e os seus dereitos xurídicos no Estatuto de 1936... que nunca chegou a aplicarse. Só desde hai vintecinco anos, de maneira conflitiva e contraditoria, o galego empezou a recibir

un respaldo tépedo da administración. Primeiro a través dalgúns Concellos –Moaña entre eles– que asumiron, xa desde 1979, a obriga moral de restaurar o uso da lingua da inmensa maioría dos seus veciños; despois, a través dos poderes autonómicos, en especial mediante o papel simbólico da representación política e pola introdución do galego no ensino.

Pero quedan aínda vastas esferas da administración onde o galego continúa nunha situación marxinal, onde é necesario o compromiso individual e a decisión colectiva para devolverlle á lingua o estatus que lle corresponde ao medio de comunicación habitual de máis do 80% das nosas xentes. Un deles é a xustiza, que segue a manifestarse lonxana e impermeábel, con hábitos e modos

propios do imperial século XVI e non dun estado democrático e plural; a outra, as forzas e corpos de seguridade, onde agás actitudes exemplares a nivel individual e prácticas colectivas ailladas en certas Policías locais, o galego segue a ser unha lingua allea.

Eis un reto e un mandato para o futuro, para conseguir unha xustiza que entenda ó que xulga e unhas forzas de seguridade de verdade identificadas con aqueles a quen serven.

Xosé Manuel Millán Otero



Entre os servizos públicos que ofrece a administración, a seguridade é un dos máis valorados pola sociedade. Á hora de administrar este servizo, a Policía Local cumpre un papel fundamental como elo máis próximo aos veciños e veciñas. A cercanía dos axentes locais e os cidadáns e cidadás fai que o labor que este corpo policial realiza nas localidades do noso País sexa coñecido e recoñecido.

É nesta proximidade onde se basea a importancia do uso da lingua galega. O galego é o idioma no que nos expresamos a maior parte dos que vivimos en Galicia, unha lingua que falamos e amamos por ser a nosa, e que hoxendía goza dun prestixio do que por circunstancias sociais e políticas careceu noutras épocas. A Policía Local debe estar sempre

atenta á realidade na que se insire para actuar en consonancia coas necesidades e tendencias desa sociedade. E sendo o galego a lingua do País, non cabe dúbida de que é importante o seu uso por parte dos axentes.

Que a Policía local fale galego é necesario porque, por un lado contribúe á normalización da nosa lingua propia e garantiza o cumprimento do dereito da cidadanía a dirixirse á administración na súa lingua, e por outro facilita un maior achegamento deste corpo á sociedade á que serve e na que desenvolve a cotío o seu traballo. É ademais un deber, porque a defensa e fomento da nosa lingua é obriga das administracións municipais, e os corpos de seguridade locais non poden ser alleos a este propósito.

Hoxendía en Galicia temos a sorte de que, máis aló da necesidade e o deber, o uso do galego pola Policía Local é algo habitual que se comproba día a día. A relación de autoridade establecida mediante o uso do castelán para distanciarse do veciño ou veciña xa hai moito que non é norma. A realidade das rúas do noso País é que a Policía local desenvolve maioritariamente o seu labor en galego e deste xeito non só cumpre o seu labor de axudar á sociedade, senón que tamén axuda á lingua na que esta sociedade se recoñece.

Raúl Francés Rodríguez

Melchor Roel Rivas
Alcalde do Concello de Viveiro



Primeiro foi a Lei de Normalización Lingüística de Galicia, que establecía criterios, iso si, moi xenéricos, encomendándolles ós poderes públicos -e os Concellos sóno-, medidas para o fomento da lingua galega. Despois, outra Lei, a de Uso do Galego polas Corporacións Locais, na que dun xeito máis polo miúdo ordenaba o alcance dese mandato. A partir de entón é frecuente que o ordenamento xurídico recolla no seu articulado referencias á lingua galega. Velai está a Lei de Administración Galega (artigo 7) preceptuando que o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local, estendéndose, ademais, na enumeración das actuacións administrativas ás que debe chegar a vontade normalizadora. Falo, por exemplo, das comparecencias xudiciais. Non son poucas

nas que as policía comparecen, xa sexa como denunciante ou como testemuñas. Nesas é onde o uso da lingua galega debe deixar a súa impronta, contaminando lingüísticamente ás demais administracións, neste caso á de Xustiza.

As policía, que garanten a orde, a convivencia e poñen remedio a un senfín de relacións e conflitos sociais, debe desenvolver esta actividade na lingua dos cidadáns. E a ninguén se lle escapa a información que evidencia que a lingua galega é a lingua maioritariamente falada polos seus habitantes. Mesmo os que non se expresan nela decote, enténdena. Daquela dous conceptos debemos ter claros: primeiro, o do bilingüismo pasivo, que significa que dúas persoas pódense entender falando, neste caso,

dúas linguas próximas, sen teren que renunciar a ningunha delas; segundo, a defensa dos dereitos lingüísticos dos cidadáns non ten porque significar renuncia á lingua usual.

Eis porque considero que esta nova campaña de normalización lingüística na que se nos invita a participar sexa do noso agrado e nela colaboraremos con actos de impulso dende a nosa Administración.

Melchor Roel Rivas


A photograph of a winding path through a forest in autumn. The path is covered in fallen yellow and orange leaves. The trees are mostly bare, with some still holding onto their autumn foliage. The background is hazy and misty, creating a serene and somewhat melancholic atmosphere. The path leads from the bottom left towards the center of the frame, curving slightly to the right.

“A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección”

(Art. 3.3. da Constitución española)

Gerardo Criado Guizán

Alcalde do Concello de Vilalba





frécesenos a oportunidade de participar nunha nova xeira normalizadora, que eu agradezo. O Concello de Vilalba sempre estivo aberto a ese espírito galeguista que agora se quere retomar.

Como Alcalde, síntome ledo de colaborar con esta iniciativa, porque nada hai máis grato que reencontrarse coa súa propia identidade. Este sentimento de galeguidade que nos anima e embarca nesta aventura colectiva é a que, como dicía o noso veciño e egrexio galeguista, Peña Novo, contribúe ó medo de moitos a manifestárense integramente galegos: galegos na lingua, galegos na arte, galegos na política, galegos en tódalas afirmacións da nosa vida individual e colectiva. Medo a seren máis galegos. Ese medo, dicía Peña Novo, non é máis que un resto de servidume histórica.

Ben deitamos de termos unhas institucións democráticas e unhas normas xurídicas que nos permiten realizarmos o exercicio libre da galeguidade. Ali onde antes había medo, hoxe hai orgullo, onde había vulgaridade agora recoñécese a orixinalidade e maila distinción.

O Concello de Vilalba quérese sumar a esta nova andaina normalizadora, a carón dos resto dos concellos e forzas e corpos de seguridade que nela participan. É hora de que as policía –local, autonómica, nacional e garda civil– participen ilusionadamente nesta tarefa de estender o uso da lingua galega a tódolos ámbitos e poñer en valor os dereitos lingüísticos dos galegos e dos que non o son. A Europa dos pobos é a Europa da diversidade cultural e lingüística. Nese concerto po-


lífónico cultural e lingüístico nós temos que dá-la nosa nota, poñer a nosa palabra en igualdade coas demais. E as policía teñen a oportunidade de axuntar tamén as súas sensibilidades e esforzos para que todos xuntos sexamos máis galegos.

Gerardo Criado Guizán

Antonio Feliciano Fernández Rocha

Alcalde do Concello de Tui





O Concello de Tui, cuxa Corporación Municipal me honro en presidir, acolle con agrado a invitación para participar na Campaña de Dinamización Lingüística nas Forzas e Corpos de Seguridade existentes en Galicia. Esta cidade, con máis de dous mil anos de historia, acolleu o 24 de xuño de 1891 a celebración dos Xogos Florais de Galicia que marcaron un fito na historia da nosa cultura, pois foi o primeiro acto de carácter público realizado integramente en lingua galega con intervencións do tudense Manuel Lago González e os esgrevios intelectuais Alfredo Brañas e Manuel Murguía.

A nosa cidade ten aportado senlleiras figuras á cultura galega que teñen contribuído ao espallamento da nosa lingua e da nosa identidade colectiva, nomes

como Leopoldo Martínez Padín, Antonino Cerviño, Augusto González Besada, o arcebispo Lago González, a familia Álvarez Blázquez, o escultor Oliveira...

Amáis a cidade tudense ocupa unha estratéxica situación como permanente ponte de comunicación entre as xentes de Galicia e de Portugal, que compartimos as mesmas raigames culturais, unha identidade cultural miñota, onde a lingua é un dos máis estreitos vencellos.

Xa que logo, este Concello de Tui ten apostado dende hai anos pola promoción da nosa lingua como unha ferramenta para achegar a administración local aos nosos veciños. Fomentar o emprego da lingua galega nos traballos cotiás dos nosos axentes policiais resultará certamente


un xeito eficiente de favorecer un traballo máis completo e integrado socialmente.

A Policía Local ten a responsabilidade de garantir o cumprimento da lexislación e do respecto ós dereitos lingüísticos dos cidadáns.

Antonio Feliciano Fernández Rocha

Luciano Sobral Fernández

Alcalde do Concello de Poio



D.

Luciano Sobral Fernández, alcalde do concello de Poio (Pontevedra), quere transmitir á cidadanía, habitantes de Poio e de Galicia enteira, a importancia do uso normal e normalizador da lingua galega e apoiar a campaña de normalización da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

A campaña, que non só apoiamos, senón que trataremos de facer chegar aos habitantes máis próximos a esta administración local, quere incidir nun eido non sempre habitual pero sí normal da sociedade: onde se engarza a relación entre cidadanía e policía local, coma un tipo de funcionarios concretos que adoitan estar máis preto do cidadán que os que fan traballos técnicos ou administrativos, ou que as brigadas

de mantemento e obras que realizan un traballo non tan de cara ao público, ou que esixe distinto grao de comunicación.

Trátase de que a relación entre a “autoridade” e o pobo se desenvolva fundamentalmente na lingua normal do uso do pobo, en galego no caso de municipios aínda bastante rurais coma o noso, e costeiro á súa vez, que aumenta a poboación cada ano e atrae pola súa situación xeográfica e polos seus atractivos turísticos, a gran cantidade de habitantes.

O uniforme da policía vén de ser no pasado un símbolo de poder e autoridade, coma un escudo que vela a personalidade de quen o leva posto. O mesmo funcionario, sen o uniforme, adoita ser máis natural e espon-

táneo. O uniforme encorseta e transforma a personalidade do funcionario.

Tamén se produce na relación coas administracións unha especie de diglosia ou vergoña histórica de expresarse en galego, coma se a autoridade implicase a necesidade de expresarse nun idioma non natural senón imposto no seu uso dende hai séculos: trátase dun mecanismo que vén dun mal entendemento do concepto da autoridade, que se identifica sempre co castelán. Sería preciso rachar con esa artificiosidade e recuperar a espontaneidade e o orgullo de sermos galegos, incorporando ós uniformados a este proxecto.

Dende esta alcaldía vese moi positivo o obxectivo da campaña, que fará fincapé dabondo en

asuntos de tan intrincada complexidade como é o binomio autoridade-cidadanía.

Neste concello esperamos que en toda Galicia sexan respectados ós dereitos lingüísticos dos galegos, un comportamento acorde coa realidade sociolingüística na que vivimos, onde maioritariamente se fala galego, que é a lingua dos nosos devanceiros.

Existe un Servizo de Normalización Lingüística na Casa do Concello e a cotío se elaboran campañas de normalización e uso do galego en colaboración coa mesa pola normalización lingüística destinadas aos nenos, aos comerciantes e a sectores específicos da poboación, co obxecto de que esta tome conciencia e estea máis sensibilizada coa lingua que lle é propia e desbote calquera

posibilidade de empregala por algún tipo de complexo ante autoridades, funcionarios, clases sociais ou entre iguais.

Todos os escritos, actas, informes, certificacións, denuncias, carteis...que se elaboran no Concello de Poio fanse en galego normativo, xeralmente, xa que o persoal que traballa nesta casa, frecuentemente fai cursos de linguaxe para perfeccionar a comunicación escrita así coma a oral nas súas relacións cos cidadáns e cos usuarios dos servizos.

O Concello de Poio ten como obxectivo cercano a aprobación dunha Ordenanza ou Regulamento do Uso do Galego, alomenos para uso interno dos seus funcionarios e da policía local principalmente xa que son un grupo especial de traballadores

que teñen unha especial relación coa cidadanía, como xa se dixo con anterioridade.

Aínda así, existen a Lei de Normalización Lingüística e a Lei de Uso do galego na administración local que se aplican rigurosamente no cotiá das relacións administrativas no noso concello.

Luciano Sobral Fernández

Xosé María Rivera Arnoso

Alcalde do Concello de Fene



A

lingua configura o pensamento, o carácter e a cultura dun pobo. Defender os nosos sinais identitarios como pobo e poñelos en valor é unha tarefa tamén das administracións e, nomeadamente, da administración local.

Dende os concellos temos a oportunidade de contribuír á sensibilización da poboación, a promover e gañar novos espazos para o uso normal do galego.

Este labor non debe quedar reducido a un simple desexo, senón que debe converterse nunha realidade tanxíbel e nunha tarefa de todos: grupos municipais, cadro de persoal, cidadanía.

Con esta perspectiva, dende a primeira corporación municipal democrática, vimos desenvolvendo diferentes iniciativas para que a

nosa lingua ocupe o lugar que por dereito propio lle corresponde.

As campañas de extensión de usos -a primeira delas, cun lema tan significativo como “en galego. ¡É o noso!-, a constitución do Servizo municipal de Normalización Lingüística, a aprobación de normas reguladoras dos usos, as iniciativas de fomento e promoción.... son algunhas das medidas que desenvolvemos dende o goberno local. Medidas que non terían a efectividade que acadaron de non contar co compromiso do cadro de persoal do Concello e nomeadamente da súa Policía Local.

Para rematar, só me queda desexar que nun futuro non moi distante vexamos con orgullo unha policía propia que exerce o seu labor na lingua propia.

Xosé María Rivera Arnosó



A

Lei de Normalización Lingüística de 1983 garante e ordena os dereitos lingüísticos dos galego falantes, que son a gran maioría dos veciños e das veciñas do noso concello. Esa lei, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia, e o ordenamento posterior que se desenvolveu ao seu abeiro, son un marco lexislativo facilitador de avances na normalización do galego; sempre e cando exista vontade política para servirse desta potencialidade. En esencia, do que se trata e de salvagardar un dereito inalienable desde unha perspectiva de democracia cultural: o que ten a veciñanza a comunicarse coa Administración e as súas diversas unidades funcionais e a ser atendidos en reciprocidade, tanto oralmente como por escrito, no seu idioma.

En consecuencia, é responsabilidade, por activa ou por pasiva, que os cargos públicos adoptemos as decisións necesarias para que os traballadores públicos coñezan a lexislación en vigor sobre normalización lingüística e actúen en consonancia. Para iso, é indispensable que sexan competentes lingüisticamente en galego: que non só entendan e sexan quen de ler en galego, senón que falen con normalidade e se expresen con corrección na escrita do idioma de noso.

Esixir nas probas de admisión do persoal municipal esas competencias e reciclar aos membros do cadro de persoal integrados con anterioridade a ese desenvolvemento normativo é indispensable. Aínda que a ecuación non se resolverá satisfactoriamente de non termos uns funcionarios

sensibilizados a prol da normalización. Conseguiro é unha máis das responsabilidades que asumimos os cargos públicos.

A Policía Local, por ser un servizo de contacto directo e diario coa veciñanza, é un sector estratéxico dentro do ámbito local da Administración, para avanzar na normalización lingüística. Dentro do máximo respecto e da non discriminación a ningún dos veciños polos seus usos lingüísticos, cumprir a lei e facela cumprir é o papel fundamental das Administracións Públicas.

Emilio González Afonso

Carlos A. Montes Marqués

Alcalde do Concello do Carballiño



Ó

falarmos da nosa lingua é da súa normalización, non podemos negar que sufríu e en certa medida segue sufrindo certa problemática, pero o que tamén é innegable é que nos últimos anos se produciu un fenómeno grazas ó que o uso da lingua se estendeu a, practicamente, tódolos sectores da sociedade.

Dende o concello, como institución pública, temos a obriga de potencia-lo uso da lingua e traballar para que cada vez estea máis presente en tódolos ámbitos e áreas. A nosa liña de actuación cara a lingua sempre foi en positivo e medrou ano tras ano, primeiro coa creación dun servizo que axudara e resolver as dúbidas entre os cidadáns e os traballadores da

propia administración, máis adiante coa elaboración dunha Ordenanza de normalización lingüística que regula o uso da nosa lingua e, no día a día coa formación e dinamización lingüística.

Se ben é certo que dentro avanzamos, non en tódolos sectores foi por igual e quizais no caso da policía local o ritmo foi máis lento. A gran cantidade de documentación que se xera nesta área e, en moitas ocasións, o baixo coñecemento da linguaxe administrativa dos propios traballadores non fixo posible que ata agora os progresos foran como quixeramos.

A policía local, como forza de seguridade, é o colectivo que máis relacións ten co pobo, cos cidadáns que na súa maioría fa-

lan e sobre todo entenden a lingua galega e é neste senso no que se debe mante-la comunicación, na nosa lingua que por riba de todo é a lingua propia de Galicia.

Carlos A. Montes Marqués



Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas
cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade
Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)

Alfredo L. García Rodríguez

Alcalde do Concello do Barco de Valdeorras



N

o marco das relacións entre a administración local e a cidadanía, as nosas policía, as locais, desenvolven un papel fundamental: boa parte das comunicacións da veciñanza por medio de avisos ou de consultas, de queixas e de denuncias, ou achegando suxestións de todo tipo canalízanse a través deste servizo. Doutra banda, os gobernos locais vimos facendo un esforzo por achegar o funcionamento da propia administración aos cidadáns e cidadás afondando nesta teima democratizadora e de proximidade. E para que a empresa sexa plena non pode ficar á marxe ou nun segundo plano a normalización da lingua galega.

No eido lingüístico é xusto recoñecer que, grazas ás medidas legislativas de impulso ao galego,

se teñen producido avances salientábeis na recuperación do prestixio social e de espazos de uso para a nosa lingua, nomeadamente nos ámbitos da administración autonómica e local. Non entanto, entendemos como un chanzo fundamental nesta angueira restauradora dos usos do idioma do País a implicación dos diferentes corpos policiais da sociedade galega. Por iso saudamos con especial agrado esta iniciativa que tenta acrecentar a presenza do galego no ámbito das forzas de seguridade que operan en Galicia. Neste caso o esforzo é máis necesario e loábel aínda, ao procurar volver á normalidade a lingua de uso habitual da maioría dos propios axentes.

Contamos cuns firmes alicerces legais e coas ferramentas de

planificación acaídas para que toda a cidadanía poida exercer en plenitude os seus dereitos lingüísticos. Agora cómpre asegurar que eses dereitos poidan facerse efectivos sen atrancos. Neste sentido, para a consolidación do galego como lingua de referencia, usual e mesmo esperábel na administración local, é preciso botar man do concepto de “oferta positiva” en todos os seus servizos e departamentos, unha das directrices trazadas no Plan Xeral de Normalización da lingua galega.

Valdeorras, a vila do Barco, é hoxe unha terra de acollida, un espléndido mosaico multicultural onde conviven en harmonía persoas procedentes doutras comarcas galegas, de diferentes comunidades de España e de

alén Miño, ou mesmo de países moi afastados do noso. Por medio da lingua ábrese para elas, para todos nós, unha grande oportunidade de comunicación, de intercambio cultural e de integración. Con xenerosidade, podemos e debemos ofrecerlles o mellor da nosa casa aos que aquí chegan na procura dun futuro máis favorábel para os seus. Tamén, como non, a posibilidade de coñecer e empregar con normalidade a creación cultural máis fermosa que deu esta terra: a lingua galega.

Alfredo L. García Rodríguez

José Antonio García López

Alcalde do Concello de Sarria



A

nosa lingua galega precisa o recoñecemento dunha lingua nai. O pobo galego debe pelexar polo refrendo social e institucional do sinal de identidade máis específico e propio cal é o caso da lingua.

Tódalas administracións e accións públicas deben seguir a esforzarse por facer formal o recoñecemento da nosa identidade a través da lingua, forma de expresar os sentimentos máis interiores e propios que temos os galegos.

José Antonio García López

Teodosio Martino Martino

Alcalde do Concello de Ordes





O Concello de Ordes participou no primeiro encontro municipalista para debater a política lingüística das administracións municipais. Foi en 1984. Aque-la asemblea fora convocada polo Concello de Santiago. Acudimos e participamos activamente naquel parlamento de municipios. A filosofía daqueles acordos resumíuse nun decálogo de medidas que nós viñemos aplicando dende entón. Temos, pois, asumida a parte e responsabilidade daquela Declaración de Alcaldes pola normalización lingüística. Posteriormente a Lei de Uso do Galego polas Corporacións Locais instaba ós concellos galegos a fomentar a lingua galega en distintas actividades administrativas, poñendo fin deste xeito ás xeralidades expresadas pola Lei de Normalización Lingüística.

Os concellos galegos fomos os adiantados da normalización lingüística. Mercé a súa actividade galeguizadora, as entidades locais déronlle un pulo importante á extensión e prestixio dun idioma que estivera reducido nos ámbitos da literatura, poesía e tradición oral, sobre todo. Foi así como o galego foi acadando o carácter de normalidade que precisa calquera lingua para ser un código válido de comunicación nun País cun ordenamento xurídico que protexe os dereitos lingüísticos dos cidadáns, á par que lle encomenda ós poderes públicos o seu fomento.

Sentímonos afalagados e comprometidos con esta invitación a participar outravolta nunha campaña semellante aquela celebrada en Compostela en 1984. Se aquela asemblea foi o punto

de partida para unha política lingüística municipalista, esta ofrece a novidade de incardinarnos nas mesmas pretensións coas forzas e corpos de seguridade galegos e estatais. Faremos todo o que estea da nosa parte para que a policía local de Ordes desenvolva as súas actuacións en lingua galega nas relacións coa administración de xustiza, coa cidadanía e, en xeral, con tódalas institucións, públicas e privadas.

Teodosio Martino Martino





s concellos somos a vangarda do Estado e da Comunidade Autónoma no tocante ás relacións cos cidadáns: é un tópico afirmar que constituímos a Administración pública máis achegada aos cidadáns. Pero este tópico é ben certo, pois é posible que a maioría dos galegos non saiban onde está a Delegación do Goberno ou a Deputación Provincial, nin endexamais entraran en Facenda ou na sede de Augas de Galicia. Pero do que non hai dúbida é de que coñecen ata o último curruncho da Casa do Concello, saben de memoria os seus números de teléfono e os funcionarios municipais non precisan pór placas co nome enriba da mesa de traballo.

Se isto non é así, algo vai mal nese concello. Todo iso vén dicir que se hai unha institución pú-

blica que realmente é da xente e que a xente sente como propia son os concellos. Por iso, nun País coma o noso, en que o idioma galego precisou e precisa recuperar as institucións, como consecuencia lóxica da democracia, as corporacións locais somos moi útiles para acadar ese obxectivo e temos unha especial responsabilidade nesa materia, como debeu ser ao longo dos últimos vintecinco anos de democracia municipal.

Tódalas unidades e departamentos dos concellos deben contribuír a aquela tarefa: desde as autoridades representativas -alcaldes, concelleiros e órganos colexiados de goberno-, aos funcionarios da administración xeral e aos servizos técnicos, ata aos operarios das brigadas.

Pero é especialmente importante que a Policía local asuma a incorporación do galego como lingua de traballo. Os membros da Policía local son a viva representación do concello na rúa e a condición de axentes da autoridade da que están investidos en calquera tempo e lugar convérteos aos ollos da xente en símbolos do Estado. Por iso, un concello e un Estado democrático en Galicia, reclaman unha Policía en galego.

José Luís Fernández Lorenzo

Jesús Vázquez Almuíña

Alcalde do Concello de Baiona



A

vida municipal é un claro exemplo de convivencia. A tarefa cotiá que se desempeña dende os distintos departamentos do Concello, en certo modo, produce un achegamento coa veciñanza, o que fai que as relacións con eles sexan máis sinxelas e fluidas, e a lingua é fundamental para a comunicación e facer chegar tódolos servizos ós veciños. É un medio de comunicación, pero tamén é parte da nosa cultura.

É por iso que os alcaldes temos a obriga de afortalar a nosa cultura e os elementos de comunicación entre os cidadáns.

Jesús Vázquez Almuiña

Víctor Guerreiro Pena

Alcalde do Concello das Pontes de García Rodríguez



A

lingua galega mantívose viva entre nós durante séculos por mor do uso cotiá das súas xentes, nomeadamente as persoas labregas e mariñeiras, pois outras clases sociais do noso País, con frecuencia renegaron do seu uso.

A estas alturas de historia, ultrapasada a metade do primeiro decenio do século XXI, cómpre deternos un momento e reflexionar sobre o estado da lingua galega.

O marco normativo actual está formado polo Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización lingüística e a Lei 5/1988, do 21 de xullo, do Uso do galego polas entidades locais.

E aínda que, aparentemente, contén unha regulación exhaustiva, a realidade pon de manifesto

que a protección é insuficiente e que a nosa lingua ten un estatus inferior á castelá.

Por outra parte apréciase unha perda, cada vez maior, de falantes nas xeracións máis novas.

Todo o anterior debe ser un motivo de preocupación para todas as persoas interesadas en preservar os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas e a súa transmisión ás vindeiras xeracións. Para levar a cabo as medidas de impulso e fomento do uso, cómpre que se arbitren medidas de diverso tipo orientadas a tal fin, entre elas a establecer que o galego sexa a lingua preferentemente de uso en determinados ámbitos (as administracións públicas, o ensino, etc.). Só deste xeito poderemos vigorizar o idioma galego.

Todos nós, os que acreditamos a necesidade de potenciar o uso do galego, debemos preguntarnos que podemos facer para iso. E, coido eu, que cadaquén no seu ámbito profesional e todos no ámbito familiar e social podemos facer moito a prol dese dereito: axudar aos demais a tomar conciencia das ameazas que se cernen sobre o futuro da nosa lingua, facer saber que o uso do galego non representa ningunha ameaza para a pervivencia do castelán, nin un conflito cos casteláns-falantes, esixir –de forma cortés, pero firme– o respecto dos nosos dereitos lingüísticos.

En definitiva, co noso comportamento individual e colectivo en materia lingüística poderemos enriquecer o marabilloso legado que nos transmitiron os nosos

devanceiros e conservar un dos signos máis evidentes que nos identifican como pobo, nun mundo cada vez máis globalizado e interdependente, no que a tendencia á normalización cultural non debe representar nunca a erradicación das expresións culturais e lingüísticas xenuinas dos pobos –entre eles o noso– que o conforman.

Victor Guerreiro Pena



Reflexiono no aforismo do ilustre rianxeiro Rafael Dieste: “non converter a galeguidade auténtica, a que xa non cabe no corpo, en simulacro de galeguidade”.

Hai moito camiño andado, certo; pero non é menos certo que aínda queda moito por facer. Facer no que se bota en falta quizás máis imaxinación para idearmos alternativas engaiolantes -coma esta da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística- que atraian ós galegos e ás galegas que aínda non se decidiron a seren e a sentírense galegos de verdade. Non sobra imaxinación, pedagogía e tolerancia no labor de “regaleguización” de Galicia.

Esta nova campaña de normalización lingüística que agora comeza, e na que estamos em-

barcados alcaldes e policía dos distintos corpos e forzas de seguridade, é, sen dúbida, unha proposta con imaxinación e sentido común: nela participan funcionarios públicos que, sen seren propiamente dinamizadores culturais, teñen moito que aportar para a dignificación da nosa lingua. Porque é importantísimo que a lingua estea presente nos actos cotiás, nos trafegos profesionais e sociais.

As policía, que nunca participaron en proxecto galeguizador semellante, teñen a ocasión de sumárense a este proceso. E débeno facer, ademais, coa ilusión e o orgullo de sabérense protagonistas dunha xesta cultural mesmo inédita en España. Esta singularidade, e os efectos beneficiosos que vai ter para a lingua galega, poden

contribuír –afirmoo convencido- a que tamén medre a autoestima destes funcionarios, que son o garante da seguridade e defensa das liberdades públicas.

Como Alcalde de Rianxo animo ós funcionarios e funcionarias uniformados a que se sumen a esta nova campaña, dinamizando o uso da lingua galega nas súas actividades profesionais -sen esquecer ningunha delas- para expresárense, oralmente e por escrito, no idioma oficial de Galicia, na lingua da NOSA TERRA.

Pedro Piñeiro Hermida




“Os poderes públicos de Galicia promoverán
o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito,
na súas relacións cos cidadáns”

(Art. 8.3 da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

José Toja Parajó

Alcalde do Concello de Santa Comba





noso Concello ten emprendido dende hai moitos anos o labor de utilizar a lingua galega en todas as actividades administrativas, sen que isto dera pé a problemas por mor de indefensión xurídica. Non coñecemos un só caso, de aí que vexamos con simpatía esta oferta que se nos fai de participar conxuntamente con outros concellos e forzas e corpos de seguridade para que entre todos aforcemos máis a presenza do noso idioma nestes ámbitos, nos que o ritmo de galeguización non foi idéntico ó seguido polos concellos. Pero iso non é óbice para que hoxe recoñezamos que a predisposición é outra. Os meus parabéns ós organizadores desta campaña e a cantos participan nela con ese entusiasmo que nos lle queremos poñer ós obxectivos que se perseguen.

José Toja Parajó

José Luís Alonso Riego

Alcalde do Concello da Guarda



Ser alcalde significa esencialmente entender aos veciños, coñecer as súas necesidades e inquiredanzas, escoitar as súas queixas e reivindicacións, procurarllas remedio, cando o teñen, ás deficiencias ou avarías que os amolan. En resumo, ser alcalde é comunicarse coa xente e conseguir que os traballadores e os servizos municipais se entendan coas persoas e sexan facilmente accesibles a elas porque o Concello é un elemento básico de cohesión e integración da sociedade.

Para todo iso cómpre falar e escribir moito e a lingua é a ferramenta de traballo imprescindible. E na historia do noso País, os concellos temos moito que dicir sobre a lingua galega porque en tempos difíciles fomos o único currunch

do Estado onde podía penetrar, alomenos no seu uso verbal; e nos primeiros anos da transición e da democracia, moitos concellos contribuíron decididamente a derrubar barreiras e librar prexuízos para convertermos o galego en idioma oficial das Administracións e idioma de traballo dos funcionarios. Estas cousas convén lembralas de cando en vez porque, de tanto dalas por entendidas, corremos o risco de esqueceras e a esencia constitutiva dun país esta construída en boa parte sobre a súa memoria.

Dito o anterior, é necesario que as corporacións locais anovemos o noso apoio á lingua galega a través dun compromiso concreto e actual para acadar que unha parte tan singular do Estado como son as forzas e corpos de seguridade

incorporen definitivamente o galego como lingua de relación e de traballo. Como é lóxico, a nosa contribución é pola vía de que a Policía local, un dos servizos municipais de carácter básico e esencial, utilice o galego como lingua propia non soamente nas relacións verbais cos veciños senón tamén nos documentos de traballo, nos que lles dirixe ao resto dos departamentos do concello e ás outras administracións públicas e os xulgados e tribunais.

A Policía local xoga un papel cada vez máis importante na lexitimación social dos concellos como entidades públicas útiles e representativas: por iso é preciso que reforce o seu achegamento e a relación de servizo aos cidadáns por medio dun compromiso coa lingua

propia e maioritaria do País. A esa tarefa súmase, sen reservas, o noso concello.

José Luís Alonso Riego

Isaac Vila Rodríguez

Alcalde do Concello de Xinzo de Limia



A

sentenza do Tribunal Constitucional resolvendo o recurso de inconstitucionalidade interposto contra a Lei de Normalización Lingüística, resolveu moitas incertezas na política lingüística iniciada en Galicia. Foi en 1986, dous anos despois de que o Parlamento de Galicia aprobase aquela Lei. Aquela sentenza declara legais, a tódolos efectos, os actos xurídicos emanados da Administración Local. E deixaba aberta, ademais, a porta para que o lexislador empezase a crear o corpus legal que iría dando pé ó novo dereito lingüístico.

Pasamos dun sistema receoso coa cooficialidade lingüística a outro no que as linguas, para causaren efectos xurídicos, valíanse de seu, sen teren que ir xuntas, a dobre columna. Isto xa non era pouco. Máis tarde,

outras administracións renuentes ata entón a aceptaren os dereitos lingüísticos, abríronlle as portas á cooficialidade. É este o caso paradigmático da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar. Un auténtico fito naquel proceso, sempre conflitivo cando os concellos remitían os seus escritos ás caixas de recrutas ou á garda civil.

Hoxe a lingua galega ten outras metas. Unha delas, obxecto desta nova campaña, é o de estender o uso da lingua galega nos ámbitos policiais. Obxectivo necesario, porque, de sempre, pola sinerxia dos prexuízos que arrastramos, tendeu a unir o idioma castelán e o principio de autoridade. Nun estado democrático a autoridade emana do pobo e este, tal e


como lle recoñece a Constitución e os estatutos de autonomía, ten un patrimonio e uns valores que non só se deben defender, senón tamén fomentar. E a lingua galega é un deses valores. De aí que debamos aproveitar a ocasión que se nos ofrece agora para arbitrar novas medidas que impulsen o uso da lingua galega nas actuacións das policía e nomeadamente, na nosa policía local.

Isaac Vila Rodríguez

Juan Manuel Rey Rey

Alcalde do Concello de Caldas de Reis





Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia, aprobado polo Parlamento, é un vademecum de medidas para normalizar a lingua galega. No apartado dedicado á Administración local recóllese un amplo catálogo de obxectivos. Un deles refírese ás intervencións xudiciais da Administración para que se realicen en lingua galega. Efectivamente, este é un dos moitos puntos débiles que ten o proceso de normalización na actividade dos Concellos. Así como en moitos servizos se foi estendendo o uso da lingua galega, no xurídico aínda non, e sobre todo, naqueles que poden incidir na actividade xudicial.

As policía locais poden mudar a situación. Non hai máis que tirar de datos: a actividade xudicial en Galicia que se recolle na memoria

anual do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia indícanos que son milleiros os delitos que se resolven nos xulgados. Maiormente delitos de faltas ou por outro tipo de infraccións. Moitísimos procesos xudiciais son promovidos polas actuacións policiais. As nosas policía locais teñen moito que ver con este volume de actividade xudicial. Temos que intentar que os informes, atestados e denuncias se redacten en lingua galega. Así mesmo, as declaracións orais debemos intentar que se fagan no noso idioma. Con este tipo de actitudes faríamos posible, a forza de seren habituais, que nos nosos xulgados se utilizase máis o galego.

Os policía locais teñen moito que aportar neste proceso, e un sobre todo: que desaparezan os


prexuízos lingüísticos que, aínda que pareza mentira, os provocan os uniformes. ¿Por qué? Porque os uniformes sempre impoñían un aquel de respecto ós cidadáns e estes, confundindo valores e principios, diríxíanse ós funcionarios policía en castelán. Isto que eu digo téno demostrado a sociolingüística. Velaí porque temos que instar ás nosas policía locais que reparen nestes aspectos para conseguirmos que a lingua galega acade espazos de liberdade.

Juan Manuel Rey Rey

José María García Rivera

Alcalde do Concello de Foz





Os concellos galegos foron os auténticos artífices da verdadeira normalización da lingua galega en tódolos ámbitos da vida social, económica e cultural do País. Políticos e funcionarios devolvímoslle ó idioma galego o seu carácter de lingua oficial que lle fora substraído durante tantos séculos. Foi un proceso relativamente curto se temos en conta que neste período houbo que cambiar a mentalidade dos funcionarios e tamén fixar unha linguaxe administrativa.

O máis importante deste proceso foi constatar que a cidadanía, o pobo galego, secundou con entusiasmo a tarefa de rehabilitar unha lingua para os usos xurídicos e administrativos. Hoxe podemos dicir, pasados os anos, que o noso é un idioma plenamente aceptado por to-

dos acadando o merecido prestixio social.

Tódolos órganos da administración municipal utilizan a lingua galega no procedemento administrativo e na relación documental cos cidadáns. E faise con toda naturalidade. Aínda así, quédanlle ó noso idioma moitas metas que acadar para chegar á normalización plena. Unha delas, sen dúbida, é a derivada das actuacións policiais. Por estaren éstas viciadas de moi variados prexuizos, é preciso que os alcaldes deseñemos medidas que os vaian abeirando. As xefaturas das policía locais e tódolos axentes que as integran deben facer un esforzo de superación para que as súas actuacións se realicen na nosa lingua. Esas actuacións, que van dirixidas moitas veces ás autori-

dades xudiciais ou a empresas privadas, deben realizarse na nosa lingua, mesmo no caso de que estas aínda non aceptasen a normalidade do seu uso.

Esta oportunidade que se nos ofrece para participar nunha campaña de animación ó uso da lingua galega nas forzas e corpos de seguridade, querémola aproveitar como un reto máis para darlle á lingua galega novos usos e horizontes. Un deles, sen dúbida, é no ámbito policial.

José María García Rivera



“A lingua propia de Galicia é o galego”

(Art. 5.1. do Estatuto de Autonomía para Galicia)

Balbino Enrique Pérez Vacas

Alcalde do Concello de Ribadeo



Cando en 1982 os lexisladores galegos se dispuxeron a redactar unha lei que regulase o uso da lingua galega en tódolos ámbitos da vida social, cultural e económica, non foron quen de prever os cambios tecnolóxicos que se aveciñaban. A Lei de Normalización Lingüística, foi pois, un texto legal con escasa capacidade de visión de futuro. Pasados os anos este texto cumpriría revisalo. O Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado polo Parlamento de Galicia vén se-lo marco no que os lexisladores terán que inspirarse para redactar unha nova lei. Mentres, os concellos, que son as institucións máis xenuínas, por estaren máis preto das demandas sociais, deben ir cubrindo eses baleiros que no campo dos dereitos lingüísticos foi deixando unha vella lei. Eis

porque esta nova campaña de normalización á que se nos invita a participar ten os nosos parabéns e colaboración entusiasta.

Consideramos que as forzas e corpos de seguridade de Galicia non poden quedar á marxe deste esforzo colectivo de converter á lingua galega no código de comunicación máis usual. Abertas como están as portas que noutroa estiveran pechadas para o uso do noso idioma en ámbitos tan concretos como o xudicial e o militar, cómpre agora que deamos os pasos necesarios para que se franqueen de vez as que parecendo estar abertas, aínda se encontran entornadas.

O Concello de Ribadeo fará todo o posible para que a policía local se converta nun medio eficaz para normalizar a lingua galega,

animando a outras entidades, a través das súas relacións, para que nos imiten nesta tarefa galeguizadora.

Balbino Enrique Pérez Vacas

Carlos López Crespo

Alcalde do Concello de Outes



Durante moitos anos os concellos foron os irmáns pobres e esquecidos da Administración - naturalmente, a do Estado, que era a que había-, e aos policía locais aínda se lles miraba como aos funcionarios marxinais das corporacións locais, aos que se acodía para labores puramente subalternos.

Os tempos mudan e os concellos democráticos convertéronse en Administracións de primeira liña. E digo literalmente de primeira liña porque no eido competencial xestionamos, á parte das materias tradicionais, novos ámbitos que van aparecendo -ás veces con carácter impreciso e difuso- para atender as crecentes e diversificadas necesidades dos cidadáns, que cómpre satisfacer incluso con actuacións “experimentais” que logo lles aprovei-

tan ao resto das Administracións, cos riscos que iso significa.

Pero os concellos tamén somos gobernos de primeira liña porque estamos ao pé das reivindicacións dos cidadáns, en tempo real e calquera que for a súa natureza. A opinión pública esíxenos solucións, máis ou menos inmediatas, a problemas cotiás que normalmente afectan aos servizos esenciais da comunidade.

Afortunadamente, a vitalidade das corporacións democráticas dá para moito e convertémonos en protagonistas de múltiples aspectos da vida social e cultural do País e, entre eles, da promoción do uso da lingua galega e do proceso de normalización lingüística especialmente nos eidos administrativo e xurídico ata o punto de que a historia contem-

poránea do uso da lingua galega non se entende sen o papel dos concellos.

Nese marco e ao par do crecente papel político e social das corporacións locais, medrou a relevancia da Policía local: incrementáronse as súas competencias e efectivos, actualizáronse os medios materiais, mellorou substancialmente a formación e competencia dos funcionarios. En resumo, a Policía local é moito máis útil á sociedade e teñen unha imaxe pública de lustre.

No contexto de sumar espazos e dignidade para a lingua galega, os concellos temos aínda moito que dicir e a idea de que as policía locais se incorporen activamente a esa tarefa é do máis apropiado. Gaña o galego porque as linguas existen para seren

usadas, gañan os cidadáns do País porque os concellos aínda se achegan máis a eles e gañan as forzas e corpos de seguridade porque crece a súa lexitimade como institución central do Estado democrático ao servizo dos cidadáns.

Carlos López Crespo

José González Barcia

Alcalde do Concello de Burela





proceso de normalización lingüística ten nas institucións públicas un aliado importante. Tan importante que de non ser por elas os usos lingüísticos quedarían relegados ó ámbito literario. Velaí porque os concellos galegos debemos asumir con total entrega o feito lingüístico e artellar proxectos e campañas, como as que agora se están a levar a cabo, para regaleguizar Galicia.

As forzas e corpos de seguridade en Galicia non deben quedar á marxe deste proceso. Por iso unha campaña de dinamización como a que agora comeza, amais do que supón a novidade neste campo das iniciativas pola normalización, amplifica o eco da mensaxe, chegando, deste xeito, a milleiros de funcionarios públicos que teñen como misión velar pola seguridade dos cidadáns.

As corporacións locais temos no ordenamento xurídico referencias normativas dabondo para conxugar a defensa dos dereitos lingüísticos dos cidadáns e o fomento do noso idioma nas actividades policiais. O equilibrio destas dúas actitudes institucionais radica en saber que o noso patrimonio cultural debe ser defendido e asumido, sen complexos, polas institucións públicas, ao tempo que debemos respectar a complexidade cultural na que vivimos o galegos e galegas.

Sumámonos, pois, a este novo intento de estendermos o uso da lingua galega nas actividades dos funcionarios policiais.

José González Barcia

José Manuel Freire Couto

Alcalde do Concello de Barbadás



Un ilustre veciño deste Concello, o Sr. Chamoso Lamas, dirixiu durante moitos anos a Dirección xeral do patrimonio. Grazas ós seus desvelos salvouse boa parte da riqueza arqueolóxica de Galicia.

Os cidadáns do século XXI, e agardamos que os que nos sucedan, poderemos disfrutar dos vestixios do pasado que a piques estiveron de se perder, se non fose polos coñecementos dun home a quen lle debe tanto a cultura galega.

Traio este comentario a coación porque esta oportunidade que se nos ofrece para fomentar o uso da lingua galega nas actividades policiais querémola aproveitar, alomenos, para facer outro tanto polo noso idioma como fixo Chamoso Lamas polo noso patrimonio inmaterial.

O Concello de Barbadás, sempre atento á defensa do noso, ten realizado actividades a prol da normalización lingüística na administración municipal. E iso nótase para ben. Deste xeito fixemos oficial o que é real na vida cotiá. Estamos satisfeitos de tódolos logros acadados. Por esta razón queremos sumarnos agora a este chamamento que fai a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Aplicaremos tódalas medidas que fagan que a actividade policial se realice na lingua galega, conxungando deste xeito o deber institucional do fomento e o respecto ós dereitos lingüísticos dos cidadáns. Estamos convencidos de que unha policía que teña como lingua de comunicación -oral e escrita- a da inmensa maioría do pobo, fará

que a proximidade sexa real e se traduza nunha fluidez e eficacia das súas actividades.

José Manuel Freire Couto

María Anxeles Vázquez Mejuto

Alcaldesa do Concello de Melide



Desde o ano 2001, ano no que se aproba a Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Melide, o galego é a lingua normal de uso do noso Concello; todos os escritos dirixidos a entidades tanto públicas como privadas situadas en Galicia van redactadas unicamente en galego. Todos os organismos e departamentos do noso organigrama réxense por esta ordenanza, entre eles, claro está, a Policía Local. Como alcaldesa, ratifico o compromiso da Policía Local de Melide de redactar en galego todo tipo de documentación que xere e envía en esta lingua aos distintos organismos públicos e privados residentes en Galicia.

María Ánxeles Vázquez Mejuto

Antonio Mouriño Villar

Alcalde do Concello de Celanova



Dende neno a miña fala natural, cultivada cos acenos propios do galego coloquial que falaban os meus pais e os meus avós na parroquia de Gandarela onde nacín, foi evidentemente o galego. Iso permítume medrar, non sen as dificultades lóxicas do momento, vivindo a nosa lingua como algo natural, tan natural como era ver florecer as árbores na primavera ou correr as augas polo río Arnoia.

E polo vieiro desa mesma normalidade natural foi pola que me propuxen camiñar cando o pobo de Celanova me concedeu a grande honra de elixirme o seu alcalde. Evidentemente, unha vez chegado á Casa do Concello a miña responsabilidade era moito maior, pois xa non era eu só o que tiña que vivir o meu idioma maternal coma unha lingua de uso normal dentro da

administración, senón que as miñas obrigas como representante popular debían ser as de axudar a que esa mesma normalidade idiomática tomara en tódolos ámbitos do Concello un carácter institucional.

Vai xa para 16 anos que me vin sentado no despacho da alcaldía. Pero Celanova, con tódolos antecedentes históricos, coa memoria omnipresente de nomes tan senlleiros coma os de Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, acaba imprimindo carácter e iso fixo moito máis doada a miña militancia polo idioma e o meu obxectivo de trasladar á administración local o que na miña vida diaria viña sendo normal dende que tiña uso de razón.

Pois ben, esta ten sido a miña máxima como alcalde, tanto no

ámbito político como administrativo e, polo tanto, dentro tamén do entorno propio da Policía Local, un servizo tan necesario como cercano ó cidadán e, polo tanto, imprescindible para axudar a normalizar o idioma no seo da sociedade á que se debe.

Son moitos os nomes que herdamos da historia que nos piden co seu legado, que esteamos á altura das circunstancias respecto da lingua que tamén herdamos deles e que temos a obriga de legar en mellor situación social ós nosos descendentes. E para que esa situación sexa mellor, eu estou convencido de que a implicación activa de corpos como o da Policía Local, faranlle un gran ben á nosa lingua, que é a nosa máis imponente catedral.

Antonio Mouriño Villar

Marcos Blanco Jorge
Alcalde do Concello de Ribadavia



En 1984 celebrouse en Compostela un acto singular na historia do municipalismo galego; a sinatura da Declaración dos concellos galegos a prol da normalización lingüística. Convocados polo Concello de Santiago e promovida pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, naquel encontro participaron preto de dous centos concellos. Un fito, sen dúbida, na historia da normalización lingüística en Galicia. Aquel acto transcendera o feito anecdótico, porque púñase fin a un problema que, de non ser resolto, tería pechado este proceso regaleguizador. Foi importantísimo aquel acordo, porque se estableceron normas de consenso, arredor do cal concellos de tódalas cores ideolóxicas e partidarias fixeron da lingua galega a súa bandeira.

Pasados os anos, volvemos ser convocados para unha nova campaña de dinamización lingüística. Nesta ocasión ábrese o círculo para incorporar ás forzas e corpos de seguridade. Unha tarefa loable, porque importante é que ningunha institución ou corpo funcional quede fóra deste nobre obxectivo: facer que Galicia sexa máis galega.

O Concello de Ribadavia ten aportado o seu a esta tarefa regaleguizadora. E a min, como primeiro mandatario, cúmpreme anunciar que calquera iniciativa como esta que nos ocupa e na que nos queremos embarcar, terá o noso apoio entusiasta. Reforzaremos a nosa pedagogía para que a policía local se incardine nesta filosofía normalizadora e asuma con rigor este afán. O noso concello, que está tinguido de histo-

ria, fala unha lingua bimilenaria para a que queremos mil primaveras máis. De aí que buscaremos as maneiras para que a policía do Concello de Ribadavia faga da lingua galega un instrumento de comunicación habitual.

Marcos Blanco Jorge

“Os topónimos de Galicia terán
como única forma oficial a galega”

(Art. 10 da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística de Galicia)



Luís Manuel García Mañá

Comisario Principal

Xefe Superior de Policía de Galicia



Tiveron que pasar varios séculos para que, sobre a terra que pisamos, se construíra unha lingua propia, lingua que non nos prestou ningún, transformándose no idioma dos nosos devanceiros, os mesmos que con frecuencia foran cualificados como seres atrasados por só falar galego. Daquela o noso idioma era rexeitado polo centralismo e pola Administración.

Dende hai uns anos, Galicia ofrece deseñadores de moda, sobranceiros empresarios, deportistas olímpicos, investigadores e científicos, creadores, artistas, escritores, cine, gastronomía, turismo e un sen fin de produtos, todos con denominación de orixe galega. As institucións decatáronse que o idioma galego ten un valor singular, un plus engadido, xa que

nos aproxima ao cidadán que se sente máis confiado con quen fala coma el.

Tamén as Forzas e Corps de Seguridade van espertando da longa noite que escurece a expresión natural de Galicia. Xa non constitúe un demérito o seu uso, como aconteceu no pasado. Pola contra, máis do oitenta por cento dos policíaes comprenden e falan o galego, aínda que non pasa o mesmo coa escrita, na que imos avanzando lentamente e queda dabondo por facer.

Mais está agromando un tempo novo se temos en conta que o mesmo DNI electrónico xa se espide cos enunciados en castelán e galego. As comisaríaes fornécense con tradutores informáticos de castelán a galego mercé á Secretaría Xeral de Política Lin-

güística e son cada día máis os funcionarios que utilizan a escrita nos seus informes, peritaxes e demais documentos policiais.

Queda moito camiño por andar. Temos vimbios e comezamos a elaborar o cesto no que dar acougo ó legado da fala que recibimos dos que nos precederon; principiamos a sentir a autoestima da nosa cultura sentimental a través do uso da lingua, a mellor ferramenta das que dispoñemos para atinxir a confianza dos cidadáns xunto ao traballo cotiá.

O Corpo Nacional de Policía, desde a Xefatura Superior de Galicia, compromete a súa vocación de servizo á cidadanía respectando a normativa estatutaria do bilingüismo, mais tamén aposta pola realidade dunha Galicia que

conta cunha lingua de seu como o elemento máis afoutado da propia identidade.

Luís Manuel García Mañá

José Antonio Rodríguez González

Comisario do C.N.P.

Director do Gabinete de Estudos de Seguridade e Interior

Secretaría de Estado de Seguridade



Era eu un neno de quizais cinco ou seis anos, cando tiven por vez primeira conciencia de que a miña lingua, a da miña casa, a dos meus pais, a dos meus avós e irmáns, e a dos rapaces cos que eu empezaba a descubrir o mundo por vez primeira, non era precisamente a lingua coa que o meu mestre quería que os meus compañeiros de xogos e eu tivésemos relación con todo aquilo, que dun ou doutro xeito, presentábanos como o que sería relevante ou de valor para o meu futuro e o dos meus compañeiros. ¡E pobre de quen non estivese de acordo co mestre!

Souben entón que aos que ‘mandaban’ non lles facía ningunha graza que ás galiñas, nós os rapaces, lles chamásemos ‘gallinas’ e que ás ‘rodillas’ fosen os xeonllos.

Recordo que un dos meus máis próximos compañeiros de xogos de entón -a quen malevolamente tiñamos alcumado como “o Tomate”, porque era incapaz de ligar o “t” co “o”, o ‘m’ coa ‘a’, e o “t” co “e”, e que de xeito evidente as lumierias coas que a natureza o agasallara, non eran dabondo para tamaña operación, -de onde nacían todas as súas desgrazas daquela e parte das de hoxe-, o meu bo amigo sufría de forma constante os alporizamentos e os paos do mestre, aínda que de bo seguro, moitos eran debidos non só ás limitacións do rapaz senón tamén á desesperación do mestre pola difícil reconversión que as novas e ‘límpidas’ autoridades lle encomendaran. Pero tamén recordo que anos máis tarde, cando a adolescen-

cia faiche consciente dos propios e alleos prexuízos-, que os problemas da miña lingua materna seguían sendo un inconveniente nas relacións cos mozos “ben educados” da cidade, fillos de pais, sen dúbida abrazados con proveito social á lingua da xente ‘triumfante’ ou, sen máis, da xente que agora quería ser ‘socialmente distinguida’.

Cando fun sorprendido en conversación de mozo cunha rapaza da miña idade do instituto de Ourense, tiven que sufrir o escarnio dos que nos rodeaban co sangante retrouso da copla “los mozos del pueblo ya se han escapado...”.

Sendo como son fillo dun enton activo, e hoxe pantasma pobo de fronteira, onde falar

en portugués ou galego era un feito tan incuestionabel e natural coma a orixe dos que utilizaban unha ou outra lingua; e, xa que logo, era bastante ilóxico pretender que nin unha nin outra senón unha terceira -o castelán- fose imposta como lingua obrigatoria ata para relacionármonos -non sen o seu asombro- cos devanditos portugueses. Nunca puideren compartir e menos entender que a lingua da miña casa e da casa dos meus veciños fose estigmatizada; e que fosen ata denigrados os que entón, alleos a outras senrazóns, a empregasen fóra do estricto ámbito familiar.

Aínda así, en ningún momento deixei de utilizar a miña lingua materna dentro ou fóra de Galicia, e non o fixen nin

como un acto militante nin de resistencia: simplemente, era a miña lingua, a miña e a dos meus amigos, e utilizar o castelán facía sentirmonos bastante ridículos.

Tiven, polo demais, e teño a sorte de que a miña muller tamén é galegofalante, e grazas a iso a nosa lingua materna segue a ser a nosa lingua cotiá de relación, malia levamos moitos anos fóra de Galicia; e a nosa filla, que estuda en castelán e inglés e é testemuña do uso cotiá do galego entre nós, sempre víu este feito como algo normal e mesmo divertido, sabendo, sobre todo, que falar en galego non nos diferencia nin positiva nin negativamente doutras persoas: só é unha característica natural de quen naceu e se criou en Galicia,

similar á dos que naceron noutros lugares como Francia ou Inglaterra e falan francés ou inglés ou en Portugal e falan o portugués; ou en Castilla e falan o castelán.

Xosé A. Rodríguez González

José Manuel Salgado Rodríguez

Comisario do C.N.P.

Comisario Provincial de Pontevedra



Existe a crenza xeralizada, na opinión pública, de que nas Comisaría de Policía o único idioma que se fala é o castelán, o cal puidese ser certo no resto do estado español, pero non en Galicia. Certo é que o idioma “oficial”, policialmente falando, é o castelán, pero iso obedece ao feito de que o escrito en Pontevedra, relativo á investigación dun delito, pode ser de necesario coñecemento nunha investigación, sobre o mesmo grupo criminal, que está a actuar en Alicante. Tamén é certo que se están a dar avances no uso escrito do galego, sobre todo nalgún tipo de informes periciais e que nalgunhas dependencias policiais, tanto a lectura de dereitos ao detido como o ofrecemento de accións ao prexudicado ou ofendido por un delito redáctase en ámbolos dous idiomas, a implantación do D.N.I. bilingüe, etc;

pero é innegable que aínda queda moito camiño por percorrer e sería obxecto dun serio debate.

Pero é unha realidade palpable e comprobable o feito de que os policías galegos, tanto nas nosas relacións persoais como profesionais utilizamos o galego como primeira lingua. Non resulta nada estraño oír a dúas dotacións policiais comunicarse por radio no noso idioma, como tampouco o é dirixirse aos cidadáns da mesma forma. Pero isto non é nada novidoso. Recordo a finais dos anos setenta, principio dos oitenta, unha anécdota acontecida nunha comisaría galega. Naquel entón a Policía tiña, entre outras, a función de cobrar unhas taxas gobernativas por cousas tan singulares como ter un televisor nunha taberna. Neste senso acode un día un

paisano á referida dependencia policial e diríxese ao funcionario: “Bos días, eu veño a dar de alta unha televisión que teño na miña taberna”. O policía, despois de requirille uns datos sobre o establecemento e outros datos persoais, remata dicindo: “... xa pero agora vén o peor: ten vostede que pagar unhas “tasas”. E o paisano con ese sorriso pícaro que soamente nós sabemos mostrar respondeulle: “por iso non hai problema, ás que queira vostede tomar, xa sabe onde é a miña taberna”.

Remato manifestando o meu convencemento de que o idioma galego nunca morrerá, pois e unha herdanza que os galegos recibimos dos nosos devanceiros e administramos sabiamente. E isto e así porque vimos facéndoo sen ningún tipo de imposición

nin porque nos consideremos distintos aos demais; falamos galego porque esa e a lingua dos nosos devanceiros e a nosa propia, aínda que sempre existiran peculiaridades na fala. A min non se me ocorre discutirlle a un mariñeiro da miña vila que esta mal dito que a súa muller “cosa ás nécoras cunhas folliñas de loureiro” ou que se enrolou nunha compañía holandesa porque “janábanse moitos cartos”, ou decirlle ao dono da taberna do conto que o viño non se serve en “tasas”.

José Manuel Salgado Rodríguez

Maximino Losada López

Comisario do C.N.P.

Comisario Provincial de Lugo



D

ende hai algúns anos impúlsase de modo importante o uso da lingua galega no ámbito das administracións, sen que iso supoña ningún problema para o desenvolvemento da función pública no territorio autonómico. A problemática aparece naquelas ocasións nas que se trasladan documentos a outras autonomías do Estado, xurdindo problemas de tipo burocrático que poden derivar en rexeitamento cara o noso idioma debido ó descoñecemento que se ten da dimensión real da expansión do galego entre a poboación de Galicia; por iso, para evitar malos entendidos e como xesto de educación, é mais axeitado remitir á súa vez unha copia traducida, o que evitará suspicacias e rexeitamentos innecesarios.

Un que leva moitos anos exercendo de policía nunha Comisaría como a de Lugo, debe recoñecer que nunca resultou problemático o uso do galego falado; iso débese a que a lingua souboise defender soa, por necesidades prácticas. Sempre me chamou a atención o uso fluído e cotiá da nosa lingua para entendernos cos cidadáns. Os policías de Lugo falaron sempre no idioma do interlocutor, indistintamente de que se falase castelán ou galego, predominando o derradeiro, seguramente por unha razón moi sinxela, que non é outra máis que a preponderancia do galego como lingua materna tanto dos policías coma dos cidadáns. Por razóns de ética e mesmo de estricta legalidade, nas nosas actuacións profesionais débese falar en galego cos

nosos paisanos; deste xeito teremos a seguridade de que seremos entendidos plenamente en tódalas preguntas e respostas que son necesarias durante a tramitación de actos tan complexos e importantes como son as actuacións policiais onde se poden limitar dereitos constitucionais.

Maximino Losada López

Manuel Mariño Castro

Comisario do C.N.P.

Comisario Xefe de Vigo





Os homes e mulleres, sociables por natureza, nacemos coa capacidade de poder comunicarnos cos nosos semellantes en formas plurais, sendo os únicos seres da terra que utilizamos a fala como unha desas formas nas nosas comunicacións.

Coa fala mostrámo-los nosos sentimentos ós nosos semellantes, intercambiamos coñecementos con eles e transmitímoslle-los nosos pensamentos acordes coa nosa forma de vivir, cos nosos costumes e hábitos e cos dos que conviven connosco, mostrando unha personalidade de seu, que nos distingue e sinala como integrantes dun pobo con identidade propia.

Por iso, a perda da lingua dunha comunidade supón a perda de gran parte da súa cultura e

da súa historia. Constitúe unha obriga dos comuneiros velar pola súa custodia e normalización, entendendo que unha lingua normalizada non so é unha lingua homoxeneizada en tódolos ámbitos nos que se fala, senón que, a mais, ten que ter unha presenza globalizada, recoñecida e respectada universalmente, entendendo que a súa utilización contribúe ó enriquecemento da cultura universal, e que lonxe de persegui-lo illamento desa comunidade o que procura é espalla-las súas raíces e maila constatación da súa identidade; e para acadar esa normalización da lingua é necesaria a súa utilización en tódolos colectivos, estamentos, e administracións da devandita comunidade, xa que o que non se procure na casa, non o han procurar ós de fora. Por todo o dito, entendo merito-

rio calquera esforzo persoal ou institucional que se faga a prol da nosa lingua, e animo a tódolos galegos a que se impliquen na súa normalización e espallamento para poder así conservala como herdanza para as novas e futuras xeracións.

Manuel Mariño Castro

José Luís Fernández Vázquez

Comisario do C.N.P.

Comisario Xefe de Santiago de Compostela





O uso do galego tivo que superar un contexto político adverso, no que foi sin dúbida, marxinado e excluído en todos os niveis do ensino, das institucións oficiais, da maioría das relacións da vida pública, relixiosa e dos medios de comunicación, manténdose viva a fala en determinados eidos familiares das aldeas e do interior, en círculos rextrinxidos de grupos e persoas nas cidades é, coa inestimable presenza e labor, no exilio, de figuras senlleiras da cultura e do galeguismo, acadando entre todos que non se extinguiuse a identidade e singularidade dun país, o manter unha actividade e inquedanza cultural reivindicativa, permanente e propia e, sobre todo, que pervivise unha lingua como signo aglutinador da realidade diferenciadora de Galicia.

Coa chegada dun novo proceso democrático en España e posterior aprobación do Estatuto de Autonomía, abrironse unhas novas expectativas e melloras na situación en que se atopaba o noso idioma, a nosa identidade e as nosas raíces como pobo, pois a lingua e a cultura son o cerne da que teñen que nutrirse.

Neste eido, a concorrencia do castelán e galego como canles habituais de comunicación entre os cidadáns, nas súas relacións sociais, culturais, na ensinanza, na xestión do seu futuro e, especialmente, nas que manteñen coas distintas administracións públicas, véñse desenvolvendo con certo retraso por distintas motivacións de orde educativa, social e política.

No caso que nos atinxe, o dos

funcionarios da Comisaría de Santiago do Corpo Nacional de Policía no emprego do galego nas súas angueiras ordinarias, temos que salientar que o número de falantes e coñecedores do noso idioma é unha porcentaxe moi alta dentro da totalidade do cadro de persoal da mesma, algúns deles, ademais, remataron os cursiños de aprendizaxe e perfeccionamento do galego, polo que a atención que se lle pode prestar ó cidadán na nosa lingua non debe ser motivo de conflito.

Un aspecto a mellorar e a redacción de pedimentos, escritos, documentos e trámites das distintas dilixencias policiais para o que é preciso, en moitos casos, unha tarefa no só formativa senón tamén de fixación dunha linguaxe técnica

administrativa/xurídica axeitada e, que se acompañe con outras actuacións complementarias como: publicacións de formularios, impresos, integración e traducións nas distintas aplicacións informáticas e bases de datos que se manexan a cotío.

Neste senso, é de salientar o compromiso da Xefatura Superior de Policía de Galicia e polo tanto da Comisaría de Santiago, de avanzar na sensibilización e capacitación dos funcionarios policiais no uso cotiá e profesional do galego falado e escrito como vía de comunicación coas persoas, cos diferentes interlocutores e sectores sociais, como un elemento máis prestixiadador e de servizo da institución policial en permanente contacto coa sociedade galega.

José Luís Fernández Vázquez

Ángel Barrera Dopazo

Comisario do C.N.P.

Xefe da UCOP de Ourense



Todos aceptamos que nas relacións humanas a filosofía do “porque sí” non é a máis axei-tada, sobre todo se a nosa in-tención é seguir mantendo tales relacións. Ao sumo é unha filoso-fía condutualmente útil cos que aínda se atopan nunha etapa do desenvolvemento moral heteró-nemo (Kolhberg, dixit), refírome principalmente aos nenos moi pequenos.

Pero como este non é o caso e como a utilidade do uso do idioma galego polos axentes de policía que desempeñamos as nosas funcións nesta co-munidade, conta –desde logo- con argumentos de sobra, ten-tarei convencer á audiencia, na etapa do desenvolvemento moral autónomo, ao traveso ou mediante os devanditos ar-gumentos.

- 1º

A lei. O artigo 3 da Constitución e o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia garanten a cooficialidade das linguas e implican á administración no respecto e efectividade do devandito estatus. O funcionario é un axente da administración, co cal a conclusión é clara. Por outro lado, a idea anterior está moi presente no borrador do Estatuto básico do empregado público.
- 2º

A convivencia e a relación coas persoas que forman parte dunha comunidade. O policía como parte da sociedade e do entorno e o idioma como vehículo de expresión.

- 3º

O servizo aos demais no desempeño profesional. A actuación rápida. Pro-mover e garantir a sen-sación de proximidade ao cidadán, a pertenza a un mesmo grupo.
- 4º

A persoa (o policía neste caso) evoluciona e madu-ra. Vive nun contexto e non pode fuxir ás regras e fluxos deste. A calida-de da súa vida depende-rá en grande medida do grao de acomodación ao medio (Darwin e Piaget daríannos a razón) e o medio é ou tenta ser bilin-güe. E non digamos nada si se asenta nesta parte de España e funda unha familia (caso probable) e ten descendencia (cousa necesaria).

Sería, cando menos preocupante, que o axente perante un convite “vén, comerás polbo”, interpre-tase unha ameaza.

Así pois, e para finalizar, pode-mos concluír que o uso do ga-lego polos membros do Corpo Nacional de Policía constitúe un aspecto de efectividade e ade-cuación ás funcións que teñen encomendadas.

Ángel Barrera Dopazo

“Os escritos redactados na lingua oficial e propia dunha Comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas, ou Institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia”

(Art. 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das comunidades autónomas na Administración Militar)



Xosé Luís de Luís Gallego

Inspector Xefe do C.N.P.

Xefe Brigada Policía Científica de Vigo



Sempre é de agradecer a oportunidade de dicir algo verbo da lingua que nos deu as primeiras verbas de agarimo e sosego dos nosos pais, nesa etapa dos primeiros pasos, de inseguridade e descoñecemento. Máis estas primeiras experiencias coa lingua que nos ensinou a comunicarnos co noso entorno familiar e social, íanse estragar no momento de comezar a escola, onde o mestre xa utilizaba outra lingua que para nós resultaba un pouco estraña, descoñecendo o significado de moitas verbas e traducindo outras de xeito incorrecto. A isto engadíase que as persoas importantes do pobo, o mestre, o médico, o cura, e todos aqueles que levaban o “Don” diante do nome, tampouco se expresaban en galego entre eles nin co resto da xente. O cursar o bacharelato os problemas da

escola medraban, de tal maneira que había que memorizar todo en castelán, moitas veces sen entender dabondo o que se estudiaba. Pasados os anos fóronse corrixindo moitos complexos relacionados co uso da lingua galega nos diversos ámbitos docentes e sociais, en xeral, pero aínda falta moito por facer. Non hai moitos anos fun co meu pai ó médico e, a pesar de que entre nós falabamos galego, éste dirixíase a meu pai en galego e a min en castelán. A explicación que lle atopei a este estraño comportamento foi o feito de que eu levava gravata e meu pai non, e que ésta producira ese raro efecto ó que fai mención Bieito Ledo no seu libro “Aconteceres”. En Galicia aínda hoxe persiste ese complexo absurdo, que nos enxertaron hai anos e que prendeu tan ben que é moi

difícil arrincar, de emparellar o uso do galego coas poboacións rurais, de nivel cultural baixo e de pouco poder adquisitivo.

Estes comportamentos acrecentáronse moito máis no ámbito da Administración Pública. Hoxe, a mentalidade da meirande parte dos funcionarios, verdadeiros servidores dos cidadáns, esta tornando ó bo camiño para cambiar este mal centenario que sofre a nosa terra.

En canto o Corpo Nacional de Policía en Galicia, hai que dicir que a lingua falada a cotío entre os profesionais é, maioritariamente, a galega, por tratarse de persoas de orixe galega, aínda que persiste esa vella teima de utilizar o castelán nas comunicacións escritas dirixidas ás persoas ou a outras institucións.

Hai uns anos que comezamos nesta Brigada de Policía Científica a face-los informes de lofoscopia en galego, xa que éstos son do ámbito da nosa Comunidade, ademáis dalgúns escritos, sendo por elo galardoados co premio “Lois Peña Novo”, que foi, sen ningunha dúbida, un incentivo importante para continuar nese empeño de apartar atrancos e espallar máis o galego as nosas actividades cotiás, sen complexos de ningún tipo. Non fixemos máis que plasmar no papel aquilo que xa faciamos de xeito habitual: pensar e falar en galego no desenvolvemento da dinámica da Brigada, xa que somos galegofalantes.

Pero aínda hai que camiñar moito para face-lo difícil camiño da normalización da lingua nos Servizos Públicos galegos é que os

cidadáns poidan ser atendidos na súa propia lingua, dando así cumprimento a Constitución, o Estatuto e a Lei de Normalización Lingüística.

Xosé L. de Luís Gallego

Emilio Fernández Vázquez

Inspector Xefe do C.N.P.

Xefe Distrito das Travesas de Vigo



Foron moitas as humillacións que sufriron os nosos paisanos por achegarse aos organismos oficiais falando en galego. A estas reprimendas respondían pedindo perdón por utilizar o galego e disculpas por non expresarene correctamente en castelán.

A doutrina do menosprecio ao galego, e a quen o falaba, cebose máis na órbita da administración pública cá no sector privado, e as institucións policiais non destacaron tampouco por ser unha excepción á regra.

O Corpo Nacional de Policía soubo labrarse nos últimos anos un alto grao de valoración por parte da cidadanía. Isto veu propiciado, en parte, porque conceptos como “servizo público”, “protección dos dereitos” ou “defensa das liberdades ci-

dadás” pasaron a ser referentes inmediatos e imprescindibles nas actuacións profesionais dos seus membros. Pois ben, ese “savoir fair” hai que trasladalo tamén ao campo dos dereitos lingüísticos. Non haberá igualdade de trato aos cidadáns mentres exista discriminación lingüística. Teñen que esvaerse os prexuízos e a falta de autoestima que nalgunhas persoas, policías incluídos, aínda perduran á hora de utilizar o galego. O galego non só serve para falar na taberna senón que é tan digno como calquera outra lingua para relacionarse en tódolos ámbitos da vida; dunha vez por todas deixemos de asociar o seu uso coa pertenza a un estatus social, profesión ou organización política determinada. O galego é patrimonio de todos, e por iso, todos debemos implicarnos na normalización do seu uso.

Ocorre que gran parte dos funcionarios policiais destinados na nosa comunidade síntense plenamente integrados na sociedade galega porque son galegos tamén, e isto favorece sobremaneira a interrelación cidadán-policía. Así pois, neste contexto favorecedor, dentro e fóra das dependencias policiais, demos un paso máis de achegamento a cidadanía, garantindo que, no noso ámbito de actuación, ninguén teña que pedir permiso e moito menos perdón por empregar na súa terra a súa lingua.

Emilio Fernández Vázquez

Xosé Freire López

Secretario Xeral do Comité Executivo Federal do SUP de Galicia



A

hora de transmitir o meu compromiso e o da organización a quen represento coa utilización da lingua galega, vénme á memoria unha experiencia que foi a primeira nese senso, da que fun testemuña e nunca esquecerei.

No ano 1963, estudando primeiro de humanidades no Seminario Menor de Santiago, vin como un dos cregos, que logo chegou a coéngo na Catedral, lle daba unha lapada a un compañeiro polo feito de oírle falar en galego, cousa lóxica xa que o rapaz era dunha aldea preto de Carballo. Os seguintes choros do meu compañeiro foron escoitados polo entón Arcebispo Quiroga Palacios, que consolou ó rapaz e reprende ó crego, deixando ben claro que ningún alumno debería ser castigado por falar en galego. Pasaron os

anos e dentro da miña actividade profesional como policía tamén fun testemuña de feitos que, sen chegaren a eses extremos, si coartaban a utilización da lingua galega.

Por iso, cando asumín a responsabilidade que agora ostento, o Sindicato Unificado de Policía de Galicia, con máis de 2.200 afiliados, adquirín o compromiso de potenciar a utilización da lingua galega entre os funcionarios do Corpo Nacional de Policía destinados en Galicia, así como de participar como organización en todos aqueles foros que tiveran como fin a defensa e pulo da cultura galega, e de xeito moi especial da súa lingua, compromiso que foi refrendado mediante a sinatura da declaración conxunta de tódolos sindicatos do C.N.P a prol da normalización lingüística no seu seo.

Teño que recoñecer que se ben no eido sindical fomos capaces de darmos pasos moi importantes, tanto no que atinxe á comunicación interna como externa da nosa organización (estatutos, circulares, actas, comunicados, publicacións, roldas de prensa, etc.), non sucedeu o mesmo no profesional.

A pesar de que a inmensa maioría dos funcionarios do C.N.P. destinados en Galicia somos de orixe galega e que utilizamos de xeito habitual e xeralizado a nosa lingua para relacionármolos coa familia, cos veciños e nas conversas cos cidadáns que requiren a nosa presenza ou intervención, cando se trata de utilizalo de xeito oficial no noso traballo, constituímonos e, automaticamente, pasamos ó castelán.

E moito disto ocorre pola falta de coñecementos e de instrumentos que faciliten o emprego do galego na súa tarefa profesional que pola propia vontade dos funcionarios policiais, entre os que se inclúen os que proveñen doutras comunidades do Estado español, que libremente optan pola tarefa enriquecedora de coñecer e empregar outra lingua.

Por iso estimamos imprescindible a introdución de ferramentas informáticas nos ordenadores das Comisarías de Galicia e da Unidade adscrita á Comunidade Autónoma. Un recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos cidadáns nas dependencia policiais, de xeito moi especial nas Oficinas de Denuncias e Atención ó Ciudadán, para que, á hora de presentar denuncia ou testemuñar, se posibilite a opción de utilizar

o castelán ou o galego. No mesmo senso, incluír na información de dereitos dos detidos a opción lingüística, tanto se faga de xeito oral ou escrito. Solicitar da Dirección Xeral de Policía e da Xunta de Galicia a realización de cursos específicos para funcionarios do C.N.P. destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, con recoñecemento oficial e avaliable a efectos do baremo de méritos, nos que se inclúan aspectos tales como: coñecemento da lingua, de sociolingüística, de antropoloxía cultural, de psicolingüística e trocos de hábitos lingüísticos ou dun módulo dedicado a mellorar o estilo na redacción policial.

É moi probable que se non fora pola lapada do crego, hoxe non estaría escribindo estas letras e refrendando unha vez máis o meu compromiso persoal e o do

Sindicato Unificado da Policía de Galicia coa lingua galega. E desgrazadamente algún crego como aquel, aínda vestido de azul, anda solto.

Xosé Freire López

Ramón Rolle Rodríguez

Subinspector 2ª Actividade do C.N.P.

Museo Policial de Lonzas (A Coruña)





Os que nacemos na década dos corenta no medio rural falabamos en galego, ou cando menos no galego que coñecíamos, que era o coloquial dos nosos pais, das nosas familias e o dos nosos devanceiros, aínda que o ensino na escola era en castelán.

Naqueles tempos o normal, o fino e elegante, era falar no idioma de Cervantes; así ocorría sobre todo nas capitais de provincia da nosa Galicia e nos pobos máis importantes.

Con frecuencia, cando os paisanos do rural acudiamos á capital, viámonos na obriga de falar castelán como podíamos ou sabíamos, sufrindo ás veces un pouco de vergoña, xa que o que falabamos era unha mestura de ámbolos dous idiomas.

Afortunadamente nos últimos tempos teñen mudado as cousas para mellor a favor do idioma galego.

É preciso salientar a iniciativa de Manuel Murguía, Manuel Curras Enríquez e outros máis, que contribuíron de xeito sobranceiro á creación da Real Academia Galega, institución que, dende os seus comezos, alá polo ano 1906, exerce un labor arduo, marcando as normas e as regras do noso idioma, desenvolvendo, sobre todo nos últimos tempos, un traballo moito máis activo, apoiada polas institucións oficiais que lle dan cobertura legal e económica para poder levar a cabo tan importante misión.

Hoxe en día podemos ver que a nosa xuventude, dende a súa infancia, edúcase no idioma ga-

lego ou cando menos apréndeo nas aulas, feito que antes estaba prohibido.

Eu, dende o meu posto de traballo no Museo Rexional da Policía en Galicia situado na Coruña, trato de pór o meu gran de area, para que os visitantes que se achegan ao mesmo poidan recibir información no idioma que soliciten, aínda que se non o fan, exprésome na nosa fala.

Temos que ofrecer a posibilidade ás xeracións vindeiras para que coñezan os dous idiomas e, sempre que sexa posible, cando menos no noso País, poder expresarnos en galego, xa que temos a obriga de aprendelo e o dereito a úsalo. Dende a miña modesta posición exhorto a tódolos cidadáns a que, sempre que poidan e respectándonos todos, practi-

quen e difundan o galego, como fixeron figuras senlleiras da nosa Galicia, como Rosalía de Castro, Castelao, Álvaro Cunqueiro e tantos outros.

Ramón Rolle Rodríguez

Xosé Rodríguez Cruz

Policía do C.N.P.

Brigada Seguridade Cidadá de Ourense



N

os últimos vintecinco anos temos asistido a multitude de cambios no Corpo Nacional de Policía, na súa organización interna, nos dereitos laborais dos seus compoñentes, nos medios de traballo, instalacións... Variedade de cambios que se teñen que sumar a outros, aínda pendentes de concretarse. Neste eido, e no tocante ao emprego do galego dentro da institución, hai que recoñecer que os sindicatos policiais teñen realizado un labor importantísimo, promocionándoo e colaborando con asociacións e outros organismos que promoven o emprego da nosa fala nai en tódolos ámbitos da nosa sociedade.

Brevemente, dicir que o uso da lingua galega no Corpo Nacional de Policía, en concreto, claro está, nas diferentes comisarías que o corpo de seguridade ten

espalladas ao longo do territorio galego, polo de agora, e por desgraza, a cousa é algo anecdótica. A saber, a non ser que alguén se interese, por costume a documentación policial vai redactada en lingua castelá: atestados, partes, libros de rexistro, impresos de denuncia, oficios... a mesma lingua é a que se emprega nos diálogos dos comunicados que se fan a traveso das emisoras, anque hai que dicir que hai funcionarios que por costume se expresan en galego; os problemas e as dificultades fanse presentes cando os operadores de Sala ou mesmo os instrutores de atestados non son nativos, son de fóra, co conseguinte descoñecemento do idioma, e tamén cando os instrutores galegos carecen da formación necesaria ou de medios para redactar a escrita do atestado en galego.

Pola contra, as anécdotas a favor da normalización desexada tamén veñen de forma esporádica: as xa comentadas accións sindicais, funcionarios que procuran usar habitualmente o galego no desenvolvemento do seu labor policial, varios exemplos de funcionarios escritores comprometidos de cheo co emprego da nosa fala en tódolos ámbitos da nosa sociedade...

¿Pero, porqué non se utiliza máis o galego no CNP? É algo a analizar máis polo miúdo, pero, coido que as claves para un troco de actitudes no colectivo deberían ir encamiñadas a cambiar certas mentalidades, opinións ou costumes, que favorezan o emprego e o uso da nosa fala dunha maneira máis normalizada e habitual. Cómpre arredar vellos estereotipos, cómpre máis promoción da

lingua dentro do colectivo, cómpren os medios precisos e a formación necesaria de funcionarios mediante os preceptivos cursos de galego nos diferentes niveis de aprendizaxe, que as bibliotecas das comisarías se fornezan cos libros en galego...

Despois do dito, ¿en galego, porqué non?, cando se trata do noso valor identitario máis importante. Neste senso, o colectivo policial galego conta a favor cunha maioría de funcionarios galego-falantes, son policías nados na Terra, dato importante, en gran número provintes principalmente do medio rural, onde, como é sabido, se nace e medra nun ambiente lingüisticamente puro, mesturado cos matices dialectais de cada zona, apegado a ese peculiar entorno socio orográfico, de relación directa cos grupos

humanos que habitan alí e tendo sempre un contacto próximo con outros aspectos locais: orográficos, hidrográficos... definitorios destes enclaves, cernes do territorio galego, todos eles enriquecedores en canto ao tema que nos ocupa.

Antes de rematar, permítanme un inciso ou recomendación: fagamos o posible para que a nosa fala se espalle por tódolos ámbitos, espallemos o idioma, a palabra, porque “Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo; pénsase como se fala, e fálase como se pensa. Cando morre un idioma morre un pobo. Porque a palabra é o elemento esencial da formación do home” (cfr. Vilar Ponte, A Nosa Terra, 1, 14-XI-1916).

Xosé Rodríguez Cruz

“Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento”

(Art. 5.3. do Estatuto de Autonomía para Galicia)



Manuel Bouzas Canosa

Comisario Xefe da Unidade do C.N.P.
adscrita á Xunta de Galicia



H

ai moitos anos xa, ingresei nun Corpo policial que co paso do tempo e ata a actualidade non se parece en nada a aquel ao que cheguei cheo de ilusión, coas in-
quedanzas propias dun novato, pero cunha idea e vontade moi arraigada en min, que era o sentimento de servizo público que supoñía o meu traballo.

Claro que naquel entón, pensar en galego era case sinónimo de aldeán, e o poder desenvolver o traballo na lingua materna era unha utopía inalcanzable, máxime tendo en conta o proceso de “pseudo-emigración” cara o resto do Estado ao que debiamos suxeitarnos todos nós como novatos.

Por aquel entón o uso da lingua circunscribíase se acaso, ás nosas xuntanzas nos locais de esparcemento e restauración que fre-

cuentabamos todos os orixina-
rios da terra.

Os tempos foron cambiando, o escenario político tamén, e, entre outras cuestións na prestación do servizo policial e nas súas relacións cos cidadáns, conceptos de calidade aparecen para mellorar aquel. É neste senso onde penso sen lugar a dubida, que as variables que “condenaban” o uso da lingua no exercicio policial (fenómeno non alleo a outras comunidades) tornáronse parabéns, e contribuíron de forma notable a incrementar os devanditos niveis de calidade.

No meu traballo cotiá e no de aqueles que hoxe me acompañan nesta Unidade de Policía ao servizo de todos os galegos e galegas de forma específica, o que por si só xa constitúe un grande

privilexio, Unidade que naceu alá polo ano 1991 ao abeiro das necesidades que como Comunidade se formulaban por aquel entón, o uso cotiá do galego está plenamente asumido, e percíbese de forma clara que iso facilita as relacións cos cidadáns, sobre todo en ambientes rurais onde a actividade da Unidade desenvólvese máis a miúdo.

Eu diría máis, na acción policial correctora propia da función, existen uns niveis de flexibilidade que van desde a acción estimuladora da conciencia social ante certo tipo de infraccións leves, ata a acción pura policial de carácter coercitivo, sancionadora, privadora de liberdade, etc., onde o uso do galego consegue resultados moito mais rápidos e efectivos, que co uso do castelán. Por competencia propia, penso neste

intre, na actividade relacionada co Medio Ambiente e o Medio Rural, onde os temas de vertidos, queimas, etc. forman parte nalgúns casos dun proceder ancestral, e que nós debemos facer ver a súa improcedencia e corrixilos.

Esta forma de traballar, lonxe de “fundamentalismos” que penso a nada bo conducen, debe convivir e utilizarse con respecto mutuo as dúas linguas cooficiais, necesitando continuidade nos procedementos operativos que usamos, onde as normas procesuais e de elaboración documental sexan contempladas coa normalidade que o uso do galego supón.

É gratificante para un galego que é responsable dunha unidade policial ao servizo de Galicia, cando no cumprimento da súa obriga

fai entrevistas de selección para os policias que desexan formar parte da Unidade e proceden coma todos nós do Corpo Nacional de Policía, á pregunta inicial que expón a posibilidade de facer a entrevista persoal en galego ou castelán, de forma unánime e voluntaria os funcionarios prefiren facela na nosa lingua.

O futuro cando menos podemos velo interesante, expectante e non exento de certas inquedanzas laborais, ante a aprobación polo noso Parlamento do proxecto de lei de creación da Policía de Galicia, e que segundo o cal, esta Unidade convértese en xerme da mesma, proceso non doado, ao supoñer sobre todo un cambio de mentalidade organizativa que non se contemplou na formación dos actuais integrantes do Corpo Nacional de Policía do que pro-

cedemos, pero que a ilusión por integrar este Corpo cento por cento galego, penso que facilitará o proceso de integración.

Manuel Bouzas Canosa

José Luís Fachal Mouriño

Inspector Xefe Provincial da Unidade do C.N.P.

adscrita á Xunta de Galicia

A Coruña



N

un mundo coma o actual, que tende á globalización total, onde a identidade propia dos pobos que o forman está desaparecendo ou nalgúns casos xa desapareceu, como as fronteiras ou as moedas dos Estados da Unión Europea, déixanos constancia hoxe en día, tan só, como único elemento da nosa identidade, a lingua.

Se a lingua constitúe, ese elemento único que diferenza a identidade dun país, debe ser tratada e utilizada de acordo con eses principios en todas as ordes da vida, e como non podía ser doutro xeito, na función policial tamén, como garante das liberdades e dos dereitos dos cidadáns. A lingua, o galego, tanto de forma escrita como mediante a palabra, constitúe o elemento determinante desa relación.

A Policía, é outro dos vínculos que lle quedan na identidade dos pobos. Así cando viaxamos pola nosa España, decatámonos de que estamos nunha ou noutra Comunidade non só polos sinais de tráfico que identifican a esa Comunidade, senón tamén pola uniformidade dos axentes de Policía, digamos os Mossos de Escuadra ou a Ertzainza.

É por iso, e sempre desde o meu punto de vista, que o elemento máis significativo da identidade dun pobo é a súa LINGUA, o GALEGO na nosa Comunidade Autónoma de Galicia e outra a POLICÍA, nun futuro, que espero moi próximo, a POLICÍA DE GALICIA.

José Luís Fachal Mouriño

Elisardo Fernández Vázquez

Inspector Xefe Provincial da Unidade do C.N.P.

adscrita á Xunta de Galicia

Lugo



D

esde hai trece anos, data na que nos incorporamos á cidade da Muralla, patrimonio da Humanidade, e a toda a súa provincia, non representou, en ningún momento, un problema ou impedimento, para os funcionarios policiais, utilizar o galego como forma de expresión, sen necesidade de recomendar, nin forzar, nin de impoñer, simplemente por dúas razóns elementais: porque é como mellor e máis doadamente se comunica o funcionario, e tamén como o cidadán o entende e percibe mellor.

No ámbito de actuación, os compoñentes da Unidade Adscrita, “viven en galego”, o que representa non só falar a lingua galega, senón tamén gozar das vivencias, do ámbito, das tradicións, dos costumes, e do día a día cos cidadáns desta terra, xa

que non se entendería un pobo, no que os seus servidores públicos non se integrasen nel.

Tendo en conta que desempeñamos un servizo público, como é a seguridade, debemos de aspirar a prestalo coa máxima satisfacción dos nosos “conciudadáns”, sendo un factor determinante, dende logo, que a relación, verbal ou escrita, se faga na lingua da persoa destinataria do servizo, e no noso caso, en galego, xa que o entenden a maioría dos seus habitantes.

Non quero nin poder perder a ocasión, para invitalos a que coñezan e percorran, os que non o fixeron xa, a nosa provincia de Lugo. Non lles defraudarán as súas praias, como a das Catedrais; as súas montañas como Os Ancares e O Courel; os seus

monumentos, como A Muralla romana; os seus queixos, como Ulloa e Cebreiro; os seus viños, como mencia e godello, e por último non esquezan que “para comer, Lugo”.

Elisardo Fernández Vázquez

Indalecio Freire Couto

Inspector Xefe Provincial da Unidade do C.N.P.

adscrita á Xunta de Galicia

Ourense



N

on era estraño aló por finais dos anos setenta do século pasado escoitar un “chifro”, seguido do arpexo “afiladooor y para-güeroooo...” nun barrio calquera de Barcelona, Madrid ou outra cidade do Estado Español, sen que un galego o escoitara e o recoñecera como una chamada da terra que lle facía recordar os verdes prados, soutos e fragas que deixara na súa querida Galicia.

A diáspora galega e en especial a ourensá tiña, naquelas datas, a súa representación máis visible na figura do afiador que co seu chifro e arpexo poñíalle acordes galegos aos “voceríos” e sons diversos das rúas de numerosas cidades españolas, que se mesturaba cos estremecedores sons das sereas dos coches policiais. A urxencia anunciada pola serea era

vital: o corazón duns dos dous policías da patrulla reducía o seu ritmo ate a cadencia do chifro do afiador; o seu compañeiro coñecía perfectamente a frase máxica que o reanimaría: “Oí que CARALLO compañeiro.....”

Do mesmo xeito que os afiadores ourensáns procedentes da “chaira” sorprendían co “barallete ” a numerosa pléiade de ambulantes, xitanos, truáns, pícaros e rufiáns que pululaban polos mesmos ambientes, os policías galegos sorprendían aos seus compañeiros do resto do país cunha linguaxe doce, melosa e garimosa que, con envexa, a chamaban “la lengua del carallo”, sen que nunca fosen capaces de pronunciar correctamente esta última palabra. Sorprendíalle que a palabra igual sérvese para expresar un estado de preocupación, sor-

presa ou admiración. Grazas aos policías galegos, a nosa lingua é coñecida en todas as comisarias de policía do Estado Español.

Como experiencia propia teño que dicir que a min cústame falar en castelán e iso nótaseme moito, e moitos compañeiros dicían-me que falase en galego posto que eles me entendían, sen embargo sempre estiveren convencido de que non era por iso, senón que lles gustaba escoitar uns versos que eu recitaba e que compuxera un afiador ourensán, do lugar de Outeiro-Faramontaos-Nogueira de Ramuín chamado Manuel González Moreiras e que dicían así:

“Somos cinco compañeiros
Todos de Faramontaos
Non o podemos negar
Somos como cinco irmáns.

O día cinco de setembro
Día triste e sinalado
Saímos para Barcelona
Sen saber o resultado.

Agora nos atopamos
Todos no mesmo cuartel
Xa podemos facer festa
Igual ca do San Miguel

Indalecio Freire Couto

José Manuel López Sánchez

Inspector Xefe Provincial da Unidade do C.N.P.

adscrita á Xunta de Galicia

Pontevedra



X

a hai preto de trece anos que esta Unidade policial escomenzou a súa andaina profesional nesta terra, levando a cabo un labor de servizo aos cidadáns galegos, naquelas materias que a lexislación, tanto estatal como autonómica, recoñece como competencia do goberno desta Comunidade.

Un dos elementos primordiais para o desempeño do noso traballo é o contacto cotiá co cidadán, que na maioría dos casos é o que require dos nosos servizos. Esta relación esixe do coñecemento da nosa lingua, tanto escrita como na fala. Ese coñecemento, amén da obrigatoriedade para todos os funcionarios galegos, supón que os homes e mulleres galegos sintan, e nós mesmos nos sintamos, como parte dun todo que forma este País.

Nesta liña, todos os funcionarios policiais, e principalmente aqueles que pola súa idade non o estudaron na escola e ademais a súa vida profesional levounos durante moitos anos lonxe da terra, levan a cabo un esforzo para lograr que o noso idioma sexa o medio de comunicación nas súas relacións profesionais.

Hoxe podemos dicir que as nosas relacións cos cidadáns fanse nesta lingua e a maioría dos escritos lévanse a cabo no noso idioma, en ocasións con algún erro que, coa axuda da técnica actual, vanse arranxando.

José Manuel López Sánchez

Santiago Rodríguez Trincado

Inspector Xefe Local da Unidade do C.N.P.

adscria á Xunta de Galicia

Vigo



Qui vive, qui es
mienta más grande,
frente al río.

Todo el mundo lo lleva,
todo el mundo lo tiene;
porque a todos les dan
uno en cuanto al mundo
vienen.

¿Que cosa sea que
procuramos sea a
nuestro de ser?

Têlo un home na casa
que nunca hora tal
dúas medias.

U

ltimamente está na rúa unha discusión sobre se o noso idioma, é dicir o Galego, está ou non debidamente tratado polo pobo e polas administracións públicas, eu, por suposto, non vou entrar en disquisicións sobre o grao de emprego do galego, pero quixera facer unha pequena reflexión da súa andaina como vehículo de comunicación en Galicia.

Polo tanto, a primeira consideración que debemos facernos con respecto ao galego diremos que é un IDIOMA, e como idioma que é definíremolo como o conxunto de verbas, palabras ou modo de falar dun pobo ou nación.

Con frecuencia, confúndense as verbas de lingua e idioma, sen embargo a diferenza é substancial xa que a lingua definímola como: conxunto de signos que

serven para exteriorizar o estado de ánimo, sentimento, pensamento etc. O idioma é o coñecemento e acabado de tales signos, a súa estrutura, as orixes, leis de evolución, construción literaria, etc.

Os idiomas ou linguas toman o seu nome do pobo ou nación onde se fala e calquera idioma que se prece está suxeito as normas gramaticais propias, é dicir, ao conxunto de regras e preceptos que amosan a escribir correctamente o idioma. A gramática é a ciencia que estudia as leis fundamentais de toda a linguaxe. Por tanto a gramática galega é o arte de escribir e falar correctamente a lingua galega, ademais de ser o vencello esencial entre o individuo e a súa comunidade, o idioma xoga tamén un papel decisivo na formación da perso-

nalidade do propio suxeito, pois sen a claridade que aportan as verbas na relación cos demais, o individuo perdería parte da súa condición de ser.

Pero circunscribíndonos ao idioma galego, que é o que nos ocupa, sabemos que xurdiu como romance no medievo derivado do latín, xunto co portugués, conquerindo pronto identidade propia como idioma polo que, durante varios séculos foi a única lingua en Galicia, e polo tanto, a lingua común do pobo sinxelo e das demais capas sociais.

Andando os anos, e por mor da vinculación política de Galicia á emerxente Castela, o uso do galego viuse dalgún xeito restrinxido ás clases sociais máis baixas, xa que foi afastado da vida social e cultural do momento.

Hoxendía, consérvanse numerosos documentos medievais que amosan como se empregou o galego de forma habitual en todo tipo de documentos e textos oficiais. Principalmente a raíz do reinado de Alfonso X O Sabio que foi catalizador e protector da lingua galega nos documentos públicos e oficiais.

Con posterioridade e durante séculos, o galego que foi relegado a lingua oral unicamente seguiu sendo utilizado como vehículo de comunicación entre a poboación rural e popular principalmente. Esta situación de semi abandono e despersonalización política a favor do castelán ocasionou un empobrecemento interno do noso idioma, non só no que se refire ao uso oral, senón e sobre todo, no seu emprego como medio escrito.

Nos tempos actuais o idioma está en fase de lenta recuperación, tanto no seu emprego cotiá como vehículo de comunicación oral, como e sobre todo, no que se reflicte no considerable aumento de publicacións de libros en galego. Este repunte da utilización do galego, ao meu entender, é froito da política de implicación das institucións públicas e privadas na súa recuperación e sobre todo, grazas a unha inmersión prudente e progresiva do galego na vida social e pública promovida pola Xunta de Galicia.

Santiago Rodríguez Trincado

“As actuacións xudiciais realizadas e os documentos presentados no idioma oficial dunha Comunidade Autónoma dentro do seu territorio, terán plena validez e eficacia. Non obstante, procederase de oficio á súa tradución ó castelán”

(Art.71 da Lei 2/1989, Procesual Militar)



Manuel Ferreiro Losada

Xeneral Xefe da zona da Garda Civil de Galicia



Cando me propuxeron escribir uns parágrafos para esta publicación e me falaron do que realmente se agochaba na súa intencionalidade, non dubidei en poñerme ó servizo de tan honrosa proposta, e máis se cabe, podendo facelo como representante dunha institución tan apegada á nosa terra e ás nosas xentes.

Na bandeira e nos brasóns de Galicia as cores sobresaíntes son o azul e o branco, pero son cores que só cingue o vento cando boura o temporal do sudoeste ou o fresco nordés, os ventos predominantes da nosa terra. Sen embargo, eu penso que a cor da alma desta rexión ten que ser verde. Verde coma as árbores das mil fragas que poboan os ríos e regatos galegos, verde coma os piñeiros dos nosos montes cansos

e romos, en definitiva verde coma os uniformes das mulleres e os homes que conformamos a Garda Civil en Galicia.

Canto de meiga ten esta terra que namorou a esta benemérita institución que naceu na dourada castela e quedou abraída con tanta beleza. E engaiolounos coa fala, esa á que Lugrís deu en dicir nos seus versos “na fala galega vive / a ialma da nosa terra”.

Hoxe podo salientar, case con toda seguridade, que o 98 por cento dos profesionais da Garda Civil en Galicia comprenden perfectamente a nosa fala, e unha parte moi importante, non só a comprenden senón que fan uso dela nas súas relacións habituais cos nosos paisanos, pero estou seguro de que aínda é tempo de seguir afondando na normaliza-

ción que non imposición desta fermosa lingua.

O primeiro artigo da Cartilla para o Servizo da Garda Civil que o escribira o seu fundador ala polo ano 1844, fai referencia ó honor (o sentimento que nos impulsa a obrar sempre ben), como principal divisa do garda civil, e volvendo a lembrar a Lugrís, tamén el definíu o idioma galego, no que foi considerado un dos primeiros discursos políticos nesta lingua, como “unha fala honrada”.

Con tódolos meus respectos e, salvando as lóxicas distancias en prol do que a lingua ten de significado na identidade dos pobos, mesmo querendo atopar semellanzas entre o espírito aglutinador do idioma e a nosa cartilla como referente

normalizador do que debe ser unha policía integrada, non podo máis que subliñar que a fala é pobo, coma pobo é a Garda Civil, e hoxe dende esta tribuna fago votos porque a fala de Lugrís, de Rosalía, de Curros, de Pondal, e doutros tantos e tantos ilustres, sirva para que “como irmáns todos falemos, a nobre fala galega”.

Manuel Ferreiro Losada

Gonzalo Jar Couselo
Xeneral de Brigada da Garda Civil



Eu tiven a sorte de vir o mundo nun lugar tan cheo de referencias máxicas como é San Benitiño de Lérez, no concello de Pontevedra, nunha casa de pequenos labregos, por parte da miña nai, quen, un ano antes, casara cun xove garda civil natural de Vilatuxe, nas terras altas do Deza. Quero dicir con isto que o meu contacto co galego prodúcese de maneira inevitable dende o mesmo momento do meu nacemento, pois non hai que esquecer que, a pesar da proximidade da capital –os de Lérez seguimos dicindo “ir ó pueblo (sic)” para baixar o centro-, a miña infancia parecíase máis á dun neno labrego que á doutro urbán, transformación que se ía producindo co paso do tempo.

É por iso que, tanto por parte de nai como de pai, a miña primeira

lingua foi o galego, empregado con tal naturalidade que aínda hoxe non concibo falar no barrio con calquera dos veciños doutra maneira. Pero, ademais, o ambiente no que se desenvolvía meu pai cos compañeiros de traballo seguía sendo tamén en galego, debido á procedencia maioritaria de todos eles de zonas galegofalantes. Con antecedentes tan claros dende o punto de vista linguístico, non ha de resultar estraño que, coa miña chegada á Garda Civil co ingreso na escala superior de oficiais, descubrira o que eu denomino “a gran paradoxa dialéctica” coa que tería que convivir a partir de entón.

Como tivera ocasión de descubrir na Comandancia de Pontevedra, onde prestaba servizo meu pai, as relacións entre os membros das

escalas básicas tiñan como lingua principal de traballo o galego, tamén é certo que en canto se dirixían ós xefes, xa foran nativos de Galicia ou do resto de España, mudaban de inmediato de lingua para pasar ó castelán, mostrando desa maneira un desaxuste non só no eido comunicativo senón mesmo no sicolóxico, que supoño que os expertos na materia terán xa estudado dabondo. Idéntico comportamento descubrí perante a miña estancia no Subsector de Tráfico de Lugo, nos anos 1977-78, única época de permanencia profesional na nosa comunidade, unidade onde a lingua principal de comunicación era o galego, tanto entre gardas como cunha gran maioría de cidadáns, costume que se transformaba de inmediato ante a presenza, física ou a través dos medios de comunicación oficiais,

dun oficial, poñendo de manifesto a contradicción devandita.

Se ben é certo que, naquela época, non se estudaba o idioma materno nas escolas, co que difícilmente se podía pensar en incorporalo como ferramenta de traballo na Garda Civil, na actualidade, cando tódolos galegos teñen a posibilidade de coñecer, de maneira máis científica, o seu idioma, non vexo ningunha razón que impida incorporalo, en igualdade de condicións co castelán, nas tarefas diarias que desenvolven os membros desa institución. A proba da virtualidade do noso idioma no eido policial é que, na actualidade, moitos dos que traballamos nas forzas de seguridade, que non tivemos ocasión de estudar o galego –a maneira de tapar esa carencia foi sempre a través da lectura-esta-

mos en inmellorables condicións para traballar en misións internacionais en países de lingua portuguesa, co que a paradoxa estaría de novo presente, na medida que empregamos o galego no estranxeiro máis non podemos facer o mesmo na nosa terra.

No meu caso concreto, e dado que levo xa moitos anos traballando fóra de Galicia, só podo aproveitar para praticalo cando teño que voltar aquí, cando visito países de lingua portuguesa e, de maneira máis íntima, coas miñas fillas, sendo unha delas titulada en galego pola Escola de Idiomas de Madrid, persoa que é a que me fai as imprescindibles correccións ortográficas e gramaticais.

Gonzalo Jar Couselo

Os documentos ou certificacións que se redacten na lingua propia e oficial dunha Comunidade Autónoma, as autoridades e os Organismos radicados na mesma, serán admitidos pola Administración Militar nos expedientes administrativos incoados de oficio ou a instancia de parte, que deban de resolverse dentro do ámbito territorial propio da devandita Comunidade ou doutra comunidade que disfrute de lingua oficial coincidente. De oficio procederáse á súa tradución cando deban producir efectos fóra do ámbito lingüístico, se foron presentados ó abeiro da Lei de Procedemento Administrativo no propio territorio”

(Artigo 3 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das comunidades autónomas na Administración Militar)



Antonio F. Alfeirán Rodríguez

Xefe da Policía Local do Concello da Coruña



Como xefe da Policía Local da Coruña quero destacar a importancia desta iniciativa emprendida para defender o uso do galego en todos os ámbitos da vida pública, e neste caso concreto, no do traballo que desenvolvemos os axentes locais ao servizo dos cidadáns.

Deste xeito, trátase non só de dar un paso máis na plena normalización lingüística, senón tamén de estreitarmos a relación dos axentes da autoridade cos veciños por medio dunha lingua que compartimos e forma parte da nosa vida cotiá. Con iniciativas deste tipo aumentanse as capacidades comunicativas entre a administración pública e os cidadáns conseguindo unha maior vinculación e, polo tanto, máis eficacia no desenvolvemento do noso labor na sociedade.

A campaña que agora comeza é unha excelente oportunidade para reflexionar sobre o papel da lingua como canle de comunicación e lugar de encontro da sociedade, na que as Forzas e Corpos de Seguridade xogan un papel esencial para garantir o benestar de todos. Por iso apoiamos o fomento do uso do galego, que supón unha riqueza para o noso patrimonio cultural e histórico e tamén para a nosa comunidade como un elemento de identidade propia, coa convivencia de dúas linguas que son unha fonte de integración.

Antonio F. Alfeirán Rodríguez

Daniel Corral Veiga

Xefe da Policía Local do Concello de Lugo



A

Policía Local, polo seu traballo cotiá, mantén unha estreita relación cos cidadáns. Na maioría dos casos é o primeiro Corpo ao que se recorre para solicitar axuda ou para esixir o cumprimento das normas de urbanidade. Esta proximidade, a súa presenza nas rúas día tras día, o contacto directo e continuado dan como resultado un corpo que reflicte os mesmos sinais de identidade que a sociedade pola que vela.

Os caracteres, os problemas, así como a linguaxe de comunicación necesitan ser os mesmos para que o sinal de identidade e de pertenza sexa máis visible.

Vivimos nunha sociedade na que o uso indistinto de dúas lingua, como o galego e o castelán, é unha realidade da que non podemos afastarnos. Esa é a

razón de que se necesite o cambio institucional ata o bilingüismo, a pesar de que no traballo cotiá, esa característica sexa xa unha realidade.

Polo tanto, a normalización é unha necesidade engadida ao traballo de todos nós, porque o contacto diario obriga a un entendemento sen diferenzas nin distanciamentos, como os que produce o afastamento dun bilingüismo que é a representación da sociedade lucense.

Quizais este proceso chegue cun pouco de retraso, pero é sabido que os cambios están na man das sociedades, que son as que marcan o camiño que despois seguen as institucións.

Chegou, pois, o momento do cambio, deste cambio no que

todos temos que contribuír co noso apoio e co noso traballo para conseguir que o bilingüismo imperante hoxendía na cidadanía quede reflectido no traballo da policía local, e, por extensión, se fose posible, en todos os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

Ben é certo que este non se consegue dun día para outro, pero tamén debemos aceptar que se impón unha axuda por parte de todos os implicados para que os resultados sexan os máis óptimos posibles no menor tempo.


En canto se logre a normalización oficial obteremos a identificación completa coa nosa sociedade.

Daniel Corral Veiga

Álvaro Ulloa Pardo

Xefe da Policía Local do Concello de Ourense





Os estudos de sociolingüística referidos á cidade de Ourense non ofrecen dúbidas: a inmensa maioría da poboación fala galego e enténdese nesta lingua. Utilizar outra distinta é un exercicio innecesario; mesmo resultaría artificiosa a comunicación. E nós, os policías locais, por sermos funcionarios públicos que constantemente somos requiridos para os máis diversos servizos temos que comunicarnos cos cidadáns nesa lingua común que nos une e define como pobo cunha cultura de seu.

Son dos que pensa que o uso da lingua galega é un código de comunicación que nos aproxima ós cidadáns. Iso non significa que non sexamos respectuosos cos dereitos lingüísticos dos cidadáns castelánfalantes. As sociedades tenden ó plurilingüismo, pero

tendo sempre unha lingua como fundamental. E esa é a galega. Eis porque consideramos que, en primeiro lugar, os funcionarios policiais teñamos que ser observantes das normas xurídicas que regulan o uso da lingua galega na función pública, e, por outra, sensibles ós dereitos lingüísticos dos cidadáns, como dicía anteriormente.

É para min, como xefe da Policía Local do Concello de Ourense, un motivo de satisfacción participar nesta acción conxunta de todas as forzas e corpos de seguridade en Galicia para fomentar un maior uso da lingua galega na relación cos cidadáns e co resto das Administracións. Non podía ser doutro xeito, porque se algo ten de seu noso Ourense é o espírito vivo que nos deixaron Florentino Cuevillas, Xoaquín


Lourenzo, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco... todos os homes da Xeración que marcaron unha época en Ourense e en Galicia.

Estou seguro, e fago votos por isto, que a lingua galega terá nas forzas policiais en Galicia ós seus mellores valedores.

Álvaro Ulloa Pardo

Daniel Macenlle Díaz

Oficial-Xefe da Policía Local do Concello de Pontevedra



N

a súa obra “Deitado fronte ó mar” o noso poeta Celso Emilio Ferreiro dá unha razón contundente acerca do porque da utilización do idioma galego ao dicir:

“Lingua proletaria do meu pobo
Eu fáloa porque si,
porque me gusta
Porque me peta e quero
e dáme a gana
Porque me sae de dentro...”

Ademais eu engadiría que falo galego porque é o meu dereito, porque o galego é o idioma falado maioritariamente polos galegos e galegas, porque é a lingua de Galicia, porque malia ser a lingua que máis se utiliza está en retroceso e, en consecuencia, hai que protexela, xa que é patrimonio dos galegos e da humanidade. Tamén porque, como di Castelao no

“Sempre en Galiza”, somos galegos por obra e graza do idioma.

Calquera corpo policial para cumprir adecuadamente a súa función ha estar inmerso no seo da comunidade á que ten que servir, só así poderanse atender as demandas sociais na medida que de nós se agarda. Para ofrecer un servizo público adecuado hai que entender como fala, como pensa, cales son os seus valores máis fondamente queridos e cales son os problemas do corpo social.

Un mínimo de integración social pasa porque os membros dos corpos policiais sexamos respetuosos cos que falan o idioma da comunidade na que desempeñamos as nosas funcións e, ademais, nos comuniquemos cos cidadáns nese mesmo idioma. A Policía non debe ser unha insti-

tución allea ós cidadáns, senón que, pola contra, debemos estar próximos a eles, porque só así seremos capaces de entender como poderemos servir mellor, porque somos servidores públicos.

Calquera idioma é instrumento válido para transmitir ideas, emocións e poder comunicarse nas relacións económicas, sociais, culturais...e o galego, tamén.

O galego é algo máis que folclóre ou fala do país rural. É un ente vivo e actual, e para que así siga sendo, todos temos que implicarnos na súa defensa a través da súa utilización; tamén a policía.

É, pois, un síntoma de normalidade e de integración social o feito de que a policía se exprese, tanto na forma oral como escrita, en galego nas súas relacións coa


comunidade e coas institucións tanto do Estado, da Comunidade autónoma ou locais, e en especial coa Administración de Xustiza, onde o galego estivo historicamente relegado.

Daniel Macenlle Díaz

Carmelo del Castillo Martín

Inspector Xefe da Policía Local do Concello de Vigo





O artigo 7 da Lei de Administración Galega preceptúa que o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración Local, e ordena que se redacten en lingua galega un senfín de actividades administrativas, entre as cales se sinalan as actas, notificacións...e comparecencias xudiciais. Este artigo é congruente con aqueloutro, recollido na Lei de Normalización Lingüística, que afirma que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada (art.6.2) ou que as actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán efectos se se realizan en lingua galega (art. 7.2.).

O Plan Xeral de Normalización aprobado polo Parlamento de Galicia por unanimidade dos

grupos parlamentarios insiste na necesidade de impulsar o uso da lingua galega nas forzas e corpos de seguridade en Galicia. E se esta referencia existe é porque está comprobado que as actuacións policiais non se realizan en lingua galega. De aí que se faga fincapé nas accións de impulso para normalizar o uso da lingua galega nas actividades xudiciais; nas relacionadas cos cidadáns e coas demais administracións públicas, nomeadamente a de Xustiza, e as entidades de carácter privado.

O Mapa Sociolingüístico de Galicia elaborado pola Real Academia Galega recoñece que a maioría da poboación galega desexaría que as policíaas utilizasen máis a lingua galega. Se isto non ocorre así é porque hai razóns atávicas, moi enraizadas

nos funcionarios uniformados de confundiren o concepto de autoridade co uso do castelán. Esa ideoloxía aínda ten, como dicimos, raíces profundas que deben ser modificadas. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns non son os mesmos que o dos funcionarios na súa actividade profesional. Os funcionarios están obrigados a cumprir a lexislación que os afecta, como as que vimos de comentar, de aí que os seus quefaceres profesionais deban estar en sintonía coa lexislación que inspira as actuacións en materia lingüística.

Estou convencido de que a gran contribución das policíaas á normalización lingüística será o resultado de combinar o escrupuloso respecto polos dereitos lingüísticos dos cidadáns e o circio cumprimento que as leis,


regulamentos e ordenanzas municipais prevén para fomentar o uso da lingua galega.

Carmelo del Castillo Martín

Daniel González Rodríguez

Xefe da Policía Local do Concello de Ferrol





O Concello de Ferrol deu os primeiros pasos dentro do proceso de normalización lingüística xa nos primeiros anos da década dos 90, primeiro coa inclusión dunha cláusula sobre dereitos lingüísticos no convenio regulador para o conxunto do cadro de persoal municipal e, pouco despois, coa aprobación da súa primeira Ordenanza de normalización lingüística, na que se lle outorgaba gran importancia ao papel que podían xogar os seus traballadores e traballadoras.

Desde aquela a formación lingüística do funcionariado converteuse nunha actividade permanente na programación do Departamento de Normalización Lingüística co fin de favorecer a seguridade no uso do noso idioma entre o persoal.

Das distintas áreas ou departamentos que comprende a Administración Local quizais a Policía Local sexa a que mantén un contacto máis directo coa cidadanía e, conscientes do papel fundamental que xoga no proceso de normalización no que está inmersa a nosa lingua, ao longo dos últimos anos a maioría dos axentes ferroláns formáronse en lingua galega. Na mesma liña desde a Administración interpretouse a formación lingüística como un factor de mellora do desempeño laboral e a cualificación en lingua galega mantívose como un requisito nas probas de acceso á nosa Policía Local.

O noso compromiso co futuro do idioma debe exteriorizarse converténdose nun símbolo de calidade do servizo que prestamos a través do cumprimento da

vixente Ordenanza de normalización lingüística, que regula polo miúdo o uso do noso idioma no ámbito das competencias do Concello, así como na nosa participación no desenvolvemento do Plan de normalización lingüística aprobado no 2003 unanimemente polo Concello Pleno.

Daniel González Rodríguez

María del Carmen Roca López

Xefa da Policía Local do Concello de Vilagarcía de Arousa



Dende o Concello de Vilagarcía de Arousa, e concretamente dende a Policía Local, cremos e sempre viñemos crendo que se algo hai que identifica o noso labor de axudar e mellorar o servizo que prestamos dende a posición de axentes da policía local, pasa en boa medida por unha estreita e nidia comunicación, en primeiro lugar cos cidadáns, coas distintas administracións, tanto estatais adscritas na comunidade coma autonómicas ou locais, sendo neste caso a lingua, tanto oral coma escrita, o axente conductor que predomina e se emprega na vida diaria do noso concello dende hai moitos anos, como non podía ser doutro xeito nunha comunidade con lingua propia.

A nosa lingua, a lingua galega, debe cobrar o lugar que lle corresponde, apadriñada pola

Constitución, Estatuto e Tribunal Constitucional que recoñecen a súa oficialidade e o dereito de usala, protexela e potenciala en todos os eidos da vida.

A responsabilidade da salvagarda deste dereito, así coma outros dereitos e liberdades, téñena os corpos e forzas de seguridade, e principalmente as policía locais por estar máis preto e en contacto cos cidadáns, e ó mesmo tempo ser forzas de dependencia orgánica e funcional galegas.

Xa van alá máis de dez anos que a Policía Local ven desenvolvendo ininterrompidamente un labor de achegamento ós/ás alumnos/as de todos os centros educativos da vila, impartindo cursos de educación viaria na nosa lingua, tanto para os alumnos/as máis pe-

quenos/as coma para os máis grandes. Emprégase a lingua galega tanto nas explicacións orais coma escritas, tanto por parte dos axentes coma dos alumnos/as, xa que os cuestionarios para contestar ou cubrir están na nosa lingua. Estes cursos, dados polos membros deste corpo acadan resultados moi importantes para os nenos e nenas vilagarcíans por reunir nesta actividade principios de grande importancia para eles e o seu futuro, por unha banda á hora de romper coa tradicional idea que se ten de relacionar uniforme coa lingua castelán, cando neste caso é totalmente impartido en lingua galega, e por outra por tratar o tema da educación viaria en si, tanto para os alumnos peóns coma para os alumnos que serán futuros conductores dos distintos

vehículos, tendo unha grande acollida entre o profesorado e alumnado en todos os centros educativos vilagarcíans.

Por último, a Policía Local de Vilagarcía de Arousa, avoga para que este dereito se leve a cabo, e traballa para que este froito agrome non só na primavera, senón durante todo o ano e nos vindeiros séculos.

María del Carmen Roca López



“As entidades comprendidas no ámbito de aplicación desta lei e o persoal ao seu servizo, ademais de cumpriren o disposto na Constitución, no Estatuto de autonomía e no resto do ordenamento xurídico, adecuarán as súas actividades aos seguintes principios xerais:

Promover o uso normal do galego, oralmente ou por escrito, nas relacións coa cidadanía, sen prexuízo do dereito de non-discriminación por razóns da lingua”.

(Art. 2 da Lei 4/2006, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega)

Eduardo Pita García

Xefe da Policía Local do Concello de Narón



A

introdución do galego na administración foi un punto de inflexión na loita por normalizar o seu uso. A policía local tiña que asumir esa tarefa sen os prexuízos adquiridos de antano, nas súas relacións con outras administracións e tamén coa cidadanía.

A situación da nosa lingua, anque vixente a cooficialidade co castelán, estaba tinxida de certo sentimento de inferioridade asumido ao longo dos séculos por moitas persoas galegofalantes, sobre todo cando se dirixían a unha administración ou mesmo aos axentes da autoridade.

Esta realidade está a cambiar hoxe e o galego goza de moita mellor saúde, pero cómpre seguir dando pulo á súa utilización en todos os ámbitos. Promover entre os membros das policía

loais a asunción da lingua galega con naturalidade, o seu uso sen complexos nas relacións con outras administracións e coa cidadanía, axudará a integrar de cheo o noso idioma na sociedade do século XXI.

Esperamos que haxa máis proxectos coma este, porque servirán sen dúbida para acadar a normalización do galego con maiores alancadas e paso máis firme.

Eduardo Pita García

Constantino Vázquez Vilar

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Carballo



A

nosa lingua é a meirande creación colectiva do pobo galego, pois nela participaron e participan tódalas galegas e galegos ao longo de toda a nosa historia.

A nosa lingua é a expresión do pensamento do noso pobo.

A nosa lingua é a nosa mellor ferramenta de comunicación, pois é o medio polo cal mellor nos podemos comunicar.

Por todo isto, a importancia do galego.

Por ser a nosa meirande creación colectiva, por ser a expresión do noso pensamento e por ser a nosa mellor ferramenta de comunicación, o galego debe ser o idioma no que se deben expresar, o que deben utilizar con normalidade, no que se deben

comunicar as persoas que teñen o mandato da cidadanía de estar no goberno, as persoas que xestionan os nosos servizos públicos, os xuíces e as xuízas, as persoas que xestionan a economía pública e privada no noso País, o ensino, a cultura, os servizos sociais, as infraestruturas, a sanidade, as persoas que traballan para a cidadanía e, como non, todas as forzas e corpos de seguridade e, polo tanto, é o idioma no que debemos expresarnos, o que debemos utilizar con normalidade os membros das policía locais galegas.

A normalización da lingua galega, o traballo para o incremento do seu uso e prestixio, debe ser cousa de todos e de todas, debe ser un compromiso de país, un compromiso da cidadanía. Mais desde as administracións públi-

cas, tanto desde as autonómicas como desde as locais, tense que dar ese impulso claro e decidido para potenciar o uso e prestixio do noso idioma. Os nosos gobernos, autonómico e local, teñen esa obriga e tamén os traballadores e as traballadoras públicas.


Cómpre dar pasos firmes e decididos para que a lingua das policía galegas sexa o galego, con total seguridade.

Constantino Vázquez Vilar

José Antonio Brandaríz Castelo

Oficial Xefe da Policía Local do Concello de Ribeira





O Corpo de Policía Local do Concello de Riveira, ten como misión garantir o libre desenvolvemento da convivencia cidadá, protexendo o exercicio dos seus dereitos e liberdades públicas.

Desde a miña responsabilidade como oficial xefe deste Corpo, parte do meu cometido, e compromiso persoal, é facer cumprir a normativa no tocante ao uso do galego no desenvolvemento cotiá do quefacer dos axentes locais.

A capacitación lingüística do cadro de persoal deste concello parte do propio proceso de acceso aos posto de traballo, no que é imprescindible demostrar o coñecemento da lingua galega. Como mostra desta preocupación é preciso indicar que a documentación interna e externa

do Concello de Riveira realízase integramente en galego desde hai anos.

A adaptación da documentación e formularios foi paulatino. Nun primeiro momento, a Alcaldía aproveitou o celo e interese dalgúns funcionarios especialmente sensibles ao proceso de normalización para facer medrar esta necesidade e que non se vise como unha tarefa, senón como unha vontade.

Unha estreita colaboración entre o alcalde e a policía local fai que as decisións en materias de uso sexa colexiada, polo tanto o paso dado para recomendar que a totalidade da documentación se fixese en galego non tivo ningún atranco, senón que foi un proceso de colaboración coa cidadanía como beneficiaria.

Neste proceso de maduración por un uso normal do galego, a formación dos axentes de policía foi un paso fundamental. A formación continua é un dos aspectos máis útiles desta era da información e as tecnoloxías. Para prestarmos un bo servizo procuramos, e desde o Concello de Riveira vese como unha estratexia fundamental de desenvolvemento, a nosa reciclaxe con cursos de formación específica; e esta formación sempre que se imparta en Galicia, é en galego, polo que a nosa fluidez na fala e na escrita non se ve diminuída, senón aumentada; somos competentes en galego.

Ademais da formación e do propio sentido do lugar onde traballamos, Riveira é unha zona de galegofalantes; en todos os lugares de traballo é o idioma

que se escoita, os axentes locais somos quen debemos velar polo exercicio dos dereitos dos riveirenses e un dereito fundamental é o lingüístico.

José Antonio Brandariz Castelo

Ricardo Dovigo Castro

Suboficial Xefe da Policía Local do Concello de Culleredo



N


ormalizar a lingua significa recuperar o seu uso, e os poderes públicos teñen a responsabilidade de apoiar e promoveren este proceso. Malia toda a lexislación existente (Lei 3/1983, Lei 5/1988...), o proceso de normalización lingüística non está sendo todo o satisfactorio que debería e atópase nunha situación de estancamento, polo que sería necesario unha norma de carácter local que concrete a obriga ó persoal de Policía Local o uso do galego nas súas comunicacións oficiais, orais e escritas.

Ricardo Dovigo Castro

Carlos Mallo Palleiro

Xefe da Policía Local do Concello de Arteixo





fomento do uso da lingua galega por parte da Policía Local é moi desexábel, dado que este é un Corpo que está en permanente comunicación coa veciñanza e, o exemplo de uso e boas prácticas lingüísticas, inciden directamente en todo o persoal da contorna por onde se desprazan as unidades de Policía.

A parte do uso oral, son moitas as ocasións en que temos que ter en conta o seu uso correcto como na redacción de informes, na sinalización ou na toponimia poñamos por caso; de aí que cómpre unha boa formación e reciclaxe a prol dunha mellora da calidade lingüística do noso traballo.

Para lle dar cumprimento ao lexislado en materia lingüística, para dar unha boa imaxe da Corpora-

ción e, sobre todo, para manter vivo ao longo dos tempos o noso principal sinal de identidade que é a lingua, desde a Policía Local debemos ser coherentes, constantes e dar exemplo con respecto ao uso da lingua; deste xeito poderemos dicir aquilo de “mil primaveras máis para a lingua galega” (Álvaro Cunqueiro).

Carlos Mallo Palleiro

José Antonio Rodríguez Freire

Sarxento da Policía Local do Concello de Ames



Unha policía moderna caracterízase pola asunción plena de todas as súas competencias, incorporando a esta tarefa medios e, sobre todo, calidade profesional. Se importante é a dotación de persoal e recursos, non é menor a capacitación. E cando falamos de capacitación falamos de vontade de servizo público e sensibilidade para desempeñar con eficacia esas responsabilidades. A capacidade e a sensibilidade son dous conceptos que van parellos. Sen eles será difícil afrontar a difícil tarefa do servizo encomendado. Unha das cualidades que debe ter un policía é o trato amable coa cidadanía e a comprensión do feito diferencial. Galicia ten unha cultura e unha lingua de seu, símbolos dunha identidade que o Estatuto de Autonomía e o noso ordenamento xurídico recoñece e protexe. A policía


local debe, en consonancia con eses mandatos legais, facer todo o posible para que a nosa actividade profesional se realice en lingua galega, na oralidade e na relación escrita cos cidadáns, co resto de administracións e empresas privadas. Como xefe da policía local do concello de Ames síntome solidario con esta nova campaña de fomento do uso do galego nas forzas e corpos de seguridade en Galicia.

José Antonio Rodríguez Freire

Xosé Luís Loureiro Rey

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello da Estrada





funcionarios dos corpos de policía local, debemos ser sempre un referente na comunicación precisa, fluída e de calidade, polo moito contacto que temos coa poboación. Unha parte fundamental da proximidade do noso traballo cos cidadáns é alcanzar un alto grao de comprensión con eles, en numerosas ocasións, en contextos difíciles, de emerxencia ou conflito, nos que non sempre as condicións son as mellores para poder establecer un código de comunicación rápido e preciso.

Ademais dese contexto máis técnico, cómpre observar tamén a dimensión social que o emprego do galego ten para relacionarnos con veciños e veciñas, nas que a lingua é unha parte fundamental de feito comunicativo que se sente moi preto, e que é capaz de

xerar algo tan importante para o óptimo funcionamento dos nosos axentes, como é a confianza e o respecto.

Deste xeito, o galego, marca un sinal de identidade e de compromiso co que é noso, ao tempo que nos sentimos orgullosos de axudar a promover e normalizar o uso do idioma nalgúns dos ámbitos nos que sabemos fai máis falta. Algúns dos sectores sobre os que interesa incidir están moi relacionados co desenvolvemento das nosas accións e son receptores da documentación que xeramos, como por exemplo a administración de xustiza, as empresas aseguradoras, os demais corpos de seguridade, etc.

Comunicámonos en galego e traballamos en galego porque é a forma máis útil e normal de face-

lo, reivindicando sempre as ferramentas e o apoio necesario para poder facelo cada vez con máis facilidade. O noso idioma dános todas as posibilidades profesionais e toda a satisfacción persoal, ao sabérmonos membros dun corpo profesional e dun pobo perfectamente identificado.

Xosé Luís Loureiro Rey



“Os que produzan unha grave discriminación no emprego público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalidez, por exercer-la representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restableza a situación de igualdade ante a lei despois de requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivasen, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de 12 a 24 meses.”

(Modificación do artigo 314 do Código Penal. Lei Orgánica 15/2003)

Ramón Pérez Rodríguez

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos



Para o pobo galego a súa lingua é un dos sinais de identidade da máxima importancia cuxa existencia unicamente está garantida a través do uso da mesma.

Por iso, as súas Administracións e tódolos servizos que as integran -entre eles as Polícías Locais- deben ser conscientes do que supón a súa perda e actuar con decisión dentro do exercicio das súas competencias e funcións para evitar que isto aconteza.


No ámbito das Polícías locais, a experiencia na propia e o coñecemento da situación doutras coas que veño mantendo un contacto habitual, faime concluír que mentres o emprego do galego falado é xeralizado, son minoría os integrantes destes Corpos que cando abren unha conversación non o falan por propia iniciativa,

o galego escrito queda relegado a un uso xeralmente ocasional ou de carácter case particular dalgunhas persoas. Para nós, a corrección desta situación vén ser unha primeira meta para acadarmos a normalización lingüística e o principal é, pódese dicir, o único medio que nos vai permitir logralo.

Ramón Pérez Rodríguez

Manuel Feás Zas

Sarxento da Policía Local do Concello de Boiro




Como xefe da Policía Local de Boiro, quero expoñer o noso apoio e colaboración para fomentar o uso do galego nas intervencións e relacións do noso colectivo coa cidadanía, práctica que xa vimos exercendo desde hai anos pola simple razón de que o galego, é a lingua que nos ensinaron as nosas familias e é a que utilizamos normalmente na vida cotiá. Así mesmo, por orde do Xefe de Tráfico, Pedro José Pastor del Castillo, temos a obriga de realizar todos os documentos e partes policiais en galego, podendo realizar excepcións e/ou traducións, cando o implicado ou a implicada nunha determinada intervención da policía local, sexa de fóra de Galicia, para evitar deste xeito, posibles atrancos no trato persoal e demoras administrativas.

Manuel Feás Zas

Lois Alberte Casas Curro

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Moaña





O compromiso da Policía local de Moaña co emprego da lingua galega, tanto na competencia escrita coma na oral, xorde a partir do ano 1982 cando se redactan os primeiros informes en galego e se mantén unha actitude favorable cara á plena normalización do galego no eido das administracións públicas.

Amparados pola corporación municipal e polos restantes departamentos municipais que fan uso do galego no seu traballo cotiá, é en 1983 cando se comezan a redactar todos os documentos policiais en galego, tanto os internos coma os externos que se derivan cara á veciñanza ou a outras administracións públicas. Neste último caso, cabe destacar que as relacións coa Administración de Xustiza non foron sempre as máis favorábeis. Así, dependendo

do persoal funcionario e xudicial que había en cada momento no xulgado, xurdiron friccións polo emprego do galego na escrita (atestados, informes...) e no ámbito oral (comparecencias xudiciais, asistencia a xuízos...).

O camiño fíxose longo e cheo de atrancos, posto que o labor normalizador, se non se fai coa colaboración de toda a Administración, convértese nunha excepción e a Policía local de Moaña nunca quixo ser a excepción; se acaso, un motor de arranque, polo que nunca desistiu nese labor iniciado chegando á actualidade cunha certa normalidade e aceptación por parte da Administración de Xustiza no uso do galego no traballo policial.

Como precursora no uso do ga-

lego na Administración pública, a Policía local de Moaña foi distinguida en 1995 co premio Lois Peña Novo, outorgado polo seu traballo cara á extensión e normalización da nosa lingua. Salientamos tamén a constante actualización do corpo policial ao acudir en aos distintos cursos de linguaxe administrativa galega co fin de perfeccionarse e adaptarse á normativa.

Cando a cidadanía se achega á Policía e comproba que ésta fala no seu idioma, estamos axudando a superar o vello problema da equiparación administración e autoridade é igual a castelán. Polo que se a veciñanza se expresa na súa lingua e ve que quen representa a autoridade tamén a emprega, conséguese un pulo moi importante para a normalización lingüística.


Conscientes de que a esta actuación pioneira fóronse sumando outras policía locais, só nos queda animar ás que aínda non deron ese paso e que defendan a lingua propia como garantía dos dereitos lingüísticos da cidadanía porque cremos é de xustiza.

Lois Alberte Casas Curro

Álvaro Cunqueiro Lorda

Xefe da Policía Local do Concello do Porriño





O Estatuto de Autonomía de Galicia dí que os poderes públicos potenciarán o uso da lingua galega en tódolos ámbitos. Posteriores disposicións legais foron desenvolvendo este precepto e dándolle á lingua galega a cobertura normativa dabondo para que as medidas de impulso normalizador sexan concretas.

Son varias as leis que teñen repercusión directa no exercicio profesional das policía locais; a próxima será a de coordinación destes corpos. Esta lei, amais de regular distintos aspectos relativos á actividade dos axentes da autoridade local, contén referencias á lingua galega. No seu articulado hai preceptos que son concordantes con outros da Lei de Normalización Lingüística, e que, polo tanto, obríganos a fomentar o uso da lingua galega.

As posibilidades que ten a normalización lingüística desde as actividades das policía son moitas. As nosas relacións directas coa cidadanía fai que sexamos uns axentes dinamizadores deste proceso; as relacións que mantemos con outras administracións públicas ás que remitimos informes, atestados ou declaracións de testemuñas, traslada ós xulgados e empresas privadas unha literatura procesual que ó estar redactada en lingua galega estende o seu coñecemento e uso.

Para que este labor dos policía na extensión do uso da lingua galega sexa frutífero é preciso que a Academia Galega de Seguridade, encargada de formar ós novos policía, inclúa no seu plan de estudos materias que contribúan a conformar unha nova mentalidade dos novos funcionarios e

que a Xunta de Galicia, a través do seu órgano correspondente, faga outro tanto fornecendo de ferramentas informáticas e formularios que fagan doado o labor galeguizador.

Pola nosa banda, os policía do Concello do Porriño, sumámonos con entusiasmo a esta campaña de normalización na que, ademais, coincidiremos con outros corpos e forzas de seguridade galegas.

Álvaro Cunqueiro Lorda

Juan Manuel Escudero Crespo

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Viveiro



H

oubo un tempo no que vestir uniforme e exercer-la autoridade significaba falar castelán. Conceptos trasnoitados, sen dúbida, porque violentaban o máis íntimo dun policía: a súa identidade. Foron tempos nos que se adoitaba invocar crenzas relixosas imperantes: “hábleme cristiano”. ¡Cantas veces se escoitou esta frase! Era recorrente e inxusta a advertencia ó noso interlocutor. Hoxe as cousas mudaron. O talante é outro, porque o catálogo de dereitos cívicos tamén é outro.

A formación dos policías locais de hoxe é máis académica. Os vellos complexos lingüísticos foron desaparecendo, alomenos nas manifestacións máis esaxeradas e intempestivas. Os funcionarios policiais de hoxe sabemos cales son as nosas obrigas e as dos

cidadáns. O ordenamento xurídico, abondoso por certo, orienta e encarreira as nosas actividades, e por el sabemos que os dereitos lingüísticos deben ser coñecidos polos policías. Pero tamén sabemos que do mesmo xeito que debemos ser circios cumpridores deses dereitos, tamén temos deberes lingüísticos establecidos por leis ou regulamentos.

No meu posto de xefe da policía local do Concello de Viveiro debo ocuparme do cumprimento de tales mandatos legais. Esta é a razón de que me sume con entusiasmo a esta nova campaña de normalización lingüística no ámbito policial.

Juan Manuel Escudero Crespo

José María Alonso Fernández

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Vilalba



Foron tempos aqueles nos que os gardas municipais eran obxecto de rexoubeo e fonte de inspiración para autores teatrais. Hoxe as policía locais gozan de merecido prestixio entre os cidadáns, ata o punto de ser a seguridade unha das preocupacións prioritarias dos galegos e galegas. Ese prestixio acadouse cunha maior cultura e preparación profesional. Representamos a autoridade que vela polo cumprimento das normas sociais e sentímonos orgullosos do servizo que prestamos á comunidade e ás institucións.

Son moitas as encomendas que nos reserva a futura lei de coordinación de policía locais. Entre elas a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades cidadás. Pero tamén hai remisión nesta lei a outras normas e valores. Esas normas e valores invo-

can a nosa identidade galega e, xa que logo, como funcionarios, amais de protexer ós cidadáns, debemos tamén reforzar os vínculos cos sinais da nosa idiosincrasia cultural.

Como xefe da Policía local do Concello de Vilalba súmome con entusiasmo a esta arela de afortalar a nosa identificación coa lingua oficial de Galicia, tal e como establecen o Estatuto de Autonomía e Lei de Normalización Lingüística, con medidas de fomento do seu uso no colectivo profesional e na relacións cos cidadáns e demais administracións públicas. Neste campo temos moito que facer para dignificar a nosa condición de funcionarios públicos galegos.

José María Alonso Fernández



Naquelas peticións que se dirixan ás institucións autonómicas e entidades locais, o uso da lingua axustarase ó previsto na lexislación autonómica correspondente.

(Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

José Ramírez Pérez

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Tui



Como responsable da Policía local do Concello de Tui acollo con satisfacción a invitación formulada para participar nesta Campaña de Dinamización Lingüística nas Forzas e Corpos de Seguridade de Galicia.

O labor que a cotío realizamos os axentes da Policía Local de calquera vila ou cidade convértenos nun dos servizos municipais que ten un trato máis directo cos cidadáns, coas súas inquiredanzas e necesidades... Amais, a principal das nosas funcións cínguese a garantir o cumprimento e o respecto ás leis, aos dereitos de tódolos cidadáns e a súa igualdade diante da lei. Os dereitos lingüísticos forman parte destes dereitos que as forzas e corpos de seguridade temos a obriga de garantir. Esta responsabilidade abrangue o noso traballo cotiá, onde o uso da

lingua galega como vehículo normal de comunicación cos veciños, ten xa carácter de normalidade na Policía local tudense.

Abofé que cómpre avanzar na normalización da lingua galega nos diversos ámbitos do noso traballo para acadar que a lingua de Galicia chegue a posuír un emprego normalizado e cotiá, pois estaremos conservando o máis entrañable dos tesouros que temos recibido. Velaí tamén a nosa responsabilidade como colectivo e mesmo de xeito individual.

O emprego habitual da nosa lingua nos labores cotiás da Policía local contribúe, sen dúbida, ao achegamento do noso corpo de seguridade aos cidadáns e favorece a integración social dos corpos e forzas de seguridade.

José Ramírez Pérez

Avelino Rodino Padín

Xefe da Policía Local do Concello de Poio



D.

Avelino Rodino Padín, cabo xefe accidental da Policía local de Poio, dende o Concello e como representante do corpo da Policía local que está composto a día de hoxe por once axentes, nun municipio que supera os quince mil habitantes, turístico no verán e cunha extensión de 33 Km², quere manifestar o seu apoio en representación dos seus compañeiros á campaña de normalización da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

Dicir que a policía local de Poio se expresa xeralmente en galego, porque é unha realidade que no noso municipio fálase en galego, a pesar da proximidade de Pontevedra, pero predominando un tipo de economía rural e mariñeira así como tamén baseada no turismo.

As relacións escritas cos cidadáns o mesmo que as orais, teñen un límite máis dado polas connotacións que derivan do uniforme. Este ven de ser no pasado un símbolo de autoridade e unha limitación de cara ao cidadán que esconde á persoa que o leva posto, sen ter en conta que é un cidadán máis, simplemente está encargado de facer cumprir as normas ata o límite dos seus coñecementos, que veñen derivados do estudo e superación dunhas probas físicas e intelectuais polas que acadan o seu posto de traballo.

Outro eido das relacións da policía local coa cidadanía é o contacto coa Administración de xustiza (xuízos de faltas, de tráfico...) onde se adoita manter esta relación en castelán. De aí que dende o concello de Poio, corpo

da Policía Local, pensemos que habería que mudar ese hábito e tentar que os nosos axentes remitan os seus escritos ós xulgados en galego, provocando con esta actitude unha “contaminación lingüística” noutra Administración tamén peculiar no que é o ámbito do uso da lingua galega.

Facémonos partícipes dende a policía local de Poio dos mandatos legais: Lei galega de Normalización Lingüística e Lei de uso do galego na administración local, que nos seus preceptos sinalan que os poderes públicos potenciarán o uso da lingua galega, e niso estamos. Daquela a policía local, amáis de ser unha imaxe corporativa nas rúas, é tamén un medio imprescindible para converter á lingua galega nunha lingua de comunicación oral e escrita, independentemente dal-

gunhas circunstancias nas que, para non provocar discriminación, haxa que falar en castelán. Pero sabemos, e a socioloxía así nolo demostra con estudos moi divulgados, que os funcionarios de policía tenden a confundir o principio de autoridade e a utilización do castelán, estimando equivocadamente que a utilización do galego pon en perigo esa autoridade, pola proximidade ou grao de complicidade.

Avelino Rodino Padín

Xoán Xosé San Martín González

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Fene



Cando en xaneiro de 1984 o concello pleno aprobou crear o Servizo municipal de Normalización Lingüística e a primeira normativa reguladora do uso do galego, iniciábase para todos nós unha nova etapa. Aínda que a práctica totalidade dos membros da Policía Local eramos galegofalantes e estabamos afeitos a relacionarnos oralmente en galego, non tiveramos ningunha oportunidade para alfabetizarnos na nosa lingua.

Xoán Xosé San Martín González

Emilio Morillo Carballal

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Verín



A

plicía local, por ser un servizo de contacto directo e cotiá coa veciñanza, é un sector estratéxico dentro do ámbito local da Administración, para avanzarmos na normalización lingüística. Dentro do máximo respecto e da non discriminación a ningún dos veciños polos seus usos lingüísticos, cumprir e facer cumprir a lei é o papel fundamental das Administracións públicas.

A actitude dos policía locais respecto da lingua vai determinar que esta sexa, tal e como din as leis, a lingua oficial das institucións, ou, pola contra, sexa papel mollado. Pero aínda hai máis: un policía de proximidade, como é a local, debe estar inserida na realidade sociocultural do País ó que lle presta servizo. Esta é unha razón de peso para que tamén nos sumemos a este mo-

vemento pro galeguizador que que dende aquí se pregoa.

Emilio Morillo Carballal

Casimiro Otero Mosquera

Xefe da Policía local do Concello do Carballiño



Ser xefe da Policía local dun concello leva consigo moitas responsabilidades e compromisos cos cidadáns; entre eles, como non podía ser menos, o “compromiso lingüístico”, co uso da lingua.

Se facemos unha estatística sobre os usos lingüísticos das persoas que se achegan ás nosas oficinas, o resultado é que nunha porcentaxe moi elevada de usuarios diríxense a nós en lingua galega.

Dende o noso colectivo facemos o posible para garantirlle os dereitos lingüísticos ós que aquí se achegan e promovémo-lo uso da nosa lingua fóra das oficinas (realización de actividades para escolares, educación viaria...)

Se no uso oral da lingua podemos garantir o seu uso como lingua vehicular practicamente ó

100%, quizais á hora da escrita sexa o ritmo un pouco máis lento, e é aí onde está a nosa aposta de presente e de futuro: conseguir a súa normalización total nas nosas dependencias.

Casimiro Otero Mosquera

Arturo Rebollar López

Xefe da Policía Local do Concello do Barco de Valdeorras



!A

i galego, galego, o meu galego; fala da miña nai que aprendín de neno, sen dar-me de conta, sen que ninguén me ensinase. que me brotou do fondo da miña alma, aínda que a avoa do Ferrol rifábame por usala chamándome aldeán.

Botaches moitos anos proscri-ta e con todos poetas, narradores e por enriba deles, nós, os teus fillos, non deixamos de usarte, xa na casa, ou tan lonxe dela.

Tamén é certo que o vestírente de oficialista, perdeches moito do teu feitizo, dos teus aqueles e aqueles, das túas versións ou versiois, das túas “gheadas” ou “seseos”.

Pero aí estás, máis viva cá nunca, porque ficas no fondo de nós.

A lingua forma parte da cultura dos pobos e con ela móvese, non se pode impoñer ou prohibir, legalizar ou extinguir, porque de igual xeito que o amor á nosa nai, non se pode manipular. Só se pode cultivar no máis fondo do noso corazón.

Arturo Rebollar López

Francisco U. Lara Gómez

Xefe da Policía Local do Concello de Sarria



N

o labor cotiá da Policía está o contacto e o trato persoal coa xente nas rúas. Orientar, explicar e mesmo, algunhas veces, disuadir ou obrigar, sempre e cando as circunstancias o esixan. Atento ó respecto de cara o cidadán, esto facémolo na lingua propia dos nosos veciños: o galego.

En virtude das disposicións legais que regulan a nosa actividade estamos obrigados e así o entendemos tamén nos, como funcionarios públicos, a respectar os preceptos que tratan da lingua galega no uso cotiá cos cidadáns. De feito toda a normativa relacionada cos funcionarios da Administración local fai fincapé no fomento e incluso na obriga do uso do galego por parte do seu persoal.

Así mesmo, por parte da Policía local queremos mostrar a nosa actitude positiva á colaboración para seguir desenvolvendo aqueles aspectos aínda inéditos para a normalización lingüística do galego.

Francisco U. Lara Gómez

A lush green landscape featuring a small waterfall and a stream flowing through dense vegetation. The scene is filled with various shades of green, from deep forest greens to bright, sunlit greens. The waterfall is located on the left side, with water cascading over rocks and creating white foam. The stream continues to the right, surrounded by thick foliage and trees. The overall atmosphere is serene and natural.

“O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”

(Art. 4.1. da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

Eduardo Rodríguez Regos

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Ordes



A

Policía local de Ordes vén participando neste proceso aberto de asumir o feito lingüístico como un medio de comunicación usual e oficial coa comunidade municipal. A nosa cooperación neste proceso galeguizador prestíxianos como funcionarios policíais e, ó tempo, sentímonos apreciados polos cidadáns. Obxecto importante tanto en canto unha das premisas de calquera policía é estar próximo á cidadanía. Unha cidadanía que, aquí en Ordes, como na meirande parte do País, ten como idioma de seu, a lingua galega.

Somos conscientes da importancia que temos para a reconstrución cultural e lingüística de Galicia. Por iso queremos adherirnos a esta nova campaña de normalización lingüística, ofrecéndonos para ampliar as nosas actuacións


en lingua galega, sobre todo na escrita, con outras administracións coas que con frecuencia mantemos unha relación institucional. Somos conscientes de que as actuacións no noso idioma nas esferas xudiciais e privadas contribuirán ó prestixio e fomento do idioma galego.

Eduardo Rodríguez Regos

José Ramón Álvarez Ribeiro

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Tomiño





Os noso País realizou no último cuarto do século XX importantes cambios no seu ordenamento xurídico e nas institucións para pasar dunhas estruturas de poder autoritarias e propias da ditadura a un Estado democrático e social de dereito, plenamente incorporado á Unión Europea, e que reconece como valores superiores a dignidade da persoa, a paz, a liberdade, a igualdade, a xustiza e o pluralismo.

Un dos eidos nos que eses cambios foron máis fatigosos é no das forzas e corpos da seguridade do Estado, que antes se concebían basicamente como instrumentos coactivos para defender a orde ao servizo daquel poder ditatorial e reprimir, na medida en que fose necesario, os dereitos e as liberdades públicas dos cidadáns. En coherencia con iso, as policía

eran corpos fortemente xerarquizados e militarizados, que se procuraban manter alonxados e arredados do resto da sociedade, precisamente como medio para alimentar a desafección mutua. A consecuencia diso era que os corpos de policía, xunto co exército, representaban, na conciencia social, o cerne da ditadura.

A construción do Estado democrático conlevou, como é lóxico, a recreación das súas policía sobre unhas bases enteiramente diferentes, ancoradas no respecto á dignidade das persoas, aos seus dereitos fundamentais e ás liberdades públicas. O concepto de policía toma agora como referencia a seguridade pública nunha sociedade democrática e plural como marco no que as persoas exercitan libremente os seus dereitos.

Os concellos andamos á par de todos eses cambios pero tamén fomos conscientes de que a autonomía política de Galicia é unha vertente na que se manifestou a democracia no noso País. O establecemento da Xunta de Galicia é a manifestación desa arela de autogoberno que ten desde a súa orixe como un dos sinais de identidade máis salientables a do recoñecemento do galego como lingua oficial. Velaí que ser policía local hoxe en día en Galicia, requira ao noso xuízo ser policía en galego.

José Ramón Álvarez Ribeiro

Pedro Alonso Fernández

Xefe da Policía Local do Concello de Baiona



A

s Forzas e Corpos de Seguridade nunha sociedade democrática son o medio esencial que garante o libre exercicio por parte dos cidadáns dos seus dereitos e liberdades.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, recolle sucintamente no artigo 5º que “A lingua propia de Galicia é o galego”, establecendo ademais o coñecemento e uso do galego como un dereito de tódolos cidadáns de Galicia. Por outro lado, dispón no mesmo artigo que os poderes públicos deberán potenciar o uso e coñecemento da lingua galega. Noutra vertente, temos a necesidade da súa protección, recollido no artigo 3.3. da Constitución española como elemento cultural singular e propio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por iso os membros das Forzas de Corpos de seguridade debemos velar e contribuír, a que aquilo que recolle as nosas normas xurídicas básicas se leve a termo, conseguindo así fortalecer e desenvolver a lingua galega, en plenitude, abarcando tódolos ámbitos da vida pública e privada, sen facer distincións entre a lingua falada e a escrita, mesmo nas relacións cos cidadáns que nas relacións coas demais administracións.


Por último, considerando que isto é posible, é a nosa responsabilidade como funcionarios e como galegos que se faga realidade.

Pedro Alonso Fernández

Xosé A. Cendán Dopico

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello das
Pontes de García Rodríguez





O actual marco normativo reconece o galego como lingua propia de Galicia e outórgalle carácter oficial (cooficial) xunto co castelán (lingua oficial do Estado).

Pese á aparente igualdade de dereitos, o status xurídico do galego está eivado pola doutrina do Tribunal Constitucional que anulou un precepto da Lei de Normalización Lingüística aprobada unanimamente polo Parlamento de Galicia en 1983. A anulación do artigo en cuestión –relativo á presunción legal da obriga de coñecer o galego, como ocorre co castelán- supuxo un atranco significativo, que entorpeceu o marco normalizador.

Porén, corresponde aos poderes públicos modificar o actual marco legal (O Estatuto de Galicia, en fase de modificación, parece o

lugar máis axeitado para recoller os cambios precisos e os relatores dos tres grupos parlamentarios teñen unha ocasión inmejorable para darlle virtualidade a esa aspiración necesaria).

No que atinxe ao uso do galego nos servizos da Policía Local, dependentes das distintas administracións municipais, convén salientar que o Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento galego outórgalles un papel so-
branceiro aos corpos e forzas de seguridade na promoción do uso do galego.

O Concello das Pontes de García Rodríguez foi un dos primeiros en introducir o galego na súa documentación administrativa e no servizo da Policía local, non foi alleo a esta conduta. É por iso,

polo que, con carácter xeral, o seu caudal documental figura na lingua propia do País.

Os membros da Policía local, por razón dos seus cometidos, da proximidade á cidadanía e o contacto directo coas xentes da localidade, adoitan empregar o galego habitualmente, o que, sen dúbida, contribúe a conferirlle normalidade -permítaseme esta expresión- ao seu uso, pois en tempos pretéritos, non tan lonxanos, o funcionario en xeral, e as forzas e corpos de seguridade en particular, non empregaban o noso idioma, mesmo por prohibición legal.

En definitiva, depende de todos nós, co uso constante do galego, que a nosa lingua sexa empregada na nosa Comunidade en calquera circunstancia e lugar. Só

deste xeito aseguraremos a súa continuidade e a transmisión ás vindeiras xeracións.

Xosé A. Cendán Dopico

Antonio Tubío Piñeiro

Xefe da Policía Local do Concello de Rianxo



N

os meus anos de vida profesional na policía de Rianxo sempre tiveron claro que a lingua de relación cos cidadáns tiña que ser a galega. Primeiro, porque nela exprésome con fluidez, e ademais fágoo a mantenta como un exercicio intelectual; e, segundo, porque é a lingua maioritariamente falada polo pobo ó que prestamos servizos e atencións.

Aínda hai moitos funcionarios policiais que consideran que o uniforme, ó igual que as roupaxes eclesiásticas, teñen que condicionar a lingua de relación. Confundeuse con moita frecuencia o principio de autoridade coa lingua do Poder, co castelán. Falar castelán servía para marcar distancias co cidadán, mentres que facelo en galego semellaba perder autoridade. Eses conceptos, hoxe, nun Estado de Dereito

semellan trasnoitados. A liberdade é un dereito que lle asiste a todos os cidadáns. E dentro dese dereito está o de facerse entender e respectar na lingua na que conformou a súa personalidade. Recorrer a unha lingua distinta é buscar nela unha arma arroxada para marcar as diferenzas e establecer unha relación de superioridade co noso interlocutor.

A xefatura da Policía local de Rianxo quere manifestar o seu apoio a esta campaña de normalización lingüística, prometendo que porá os medios para que en todos os ámbitos da súa actuación a lingua galega estea sempre presente.

Antonio Tubío Piñeiro

Manuel Pérez Calvo

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Santa Comba



Polo historiador Xesús Ferro Cou-selo sabemos cando e porque os escribáns deixaron de escribir galego. Durante moito tempo este estudo servíunos para coñecer as razóns polas que a lingua galega deixou de ser lingua de instrumentos xurídicos e administrativos para ser unicamente de uso coloquial. Ese longo período histórico coñecido como os “anos escuros” rachouse co Rexurdimiento, con Rosalía, Pondal, Curros Enríquez... unha esplendorosa nómina de autores que coa súa obra literaria devolvéronlle á lingua galega o prestixio que tivera séculos atrás.

Dende entón, dende o Rexurdimiento ata finais da ditadura, a lingua galega tivo acubillos no pobo e máis na literatura. Foi a partir de 1979, coas primeiras corporacións democráti-

cas, cando os concellos galegos empezaron a recuperar o noso código lingüístico para os usos administrativos. Aínda así, aquel agromar normalizador facíase nun contexto xurídico adverso, que só en 1981, coa aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia, se puido superar. Foi a Lei de Normalización Lingüística a que deu cobertura as prácticas normalizadoras.

Hoxe o marco xurídico que regula o uso da lingua galega, e das linguas cooficiais do Estado, ábrenos novas posibilidades. E os concellos galegos, que foron os auténticos motores dese cambio de hábitos lingüísticos, seguen a seren as institucións que máis e mellor dinamizan a lingua galega en tódolos ámbitos da vida social, cultural e económica.


Para nós é sempre grato colaborar en proxectos galeguizadores como no que agora nos embarcamos. As policíaas son medios moi axeitados para rachar con prexuízos estereotipados que convertían ós axentes da autoridade en aliados dunha lingua, que aínda que próxima, non é a que usan os galegos maioritariamente a cotío. Sentímonos, pois, honrados de participar nesta campaña e anunciamos que o noso apoio a ela será incentivar máis o uso da lingua galega nas prácticas policiaais.

Manuel Pérez Calvo

Juan Antonio Taboada Veiga

Cabo Xefe da Policía Local do Concello da Guarda





O galego é o idioma propio de Galicia. Tamén o é dos nosos concellos. Por esa razón nos últimos anos, moitas corporacións locais de Galicia levan adiante un proceso decidido para converter ao galego en lingua de traballo do goberno e da Administración municipal. Principiouse polos órganos de goberno –que, en moitos casos, nunca deixaron de funcionar, alomenos oralmente, en galego-, e os documentos en que se formalizaron as súas deliberacións e decisións –as actas e os libros de resolucións-, para seguir pola administración xeral –informes, certificacións, empadramento, rexistros, etc.- e, posiblemente con máis demora, polos servizos técnicos e especializados –urbanismo, proxectos, asistencia xurídica, etc.

A Policía local constitúe tamén

neste eido un departamento especial por mor da organización xerárquica e a singularidade das súas funcións, ao que quizais non se lle emprestou na primeira a atención que merecía. Hoxe en día, sen embargo, ninguén dubida de que a Policía local é unha espiña dorsal dos concellos, que os seus funcionarios dispoñen dunha formación rigorosa e actualizada, e que constitúen un colectivo de prestixio no conxunto da función pública galega.

Par diso, o servizo público da Policía local é cada vez máis relevante para os veciños e por iso as relacións dos policíaos cos cidadáns están suxeitas a un especial coidado no tocante ás formas, presididas polos principios de respecto e de cortesía: porque é alí onde se manifestan de forma máis directa e concreta a relación

entre o poder do Estado e os dereitos das persoas.

Neste contexto, nun País coma o noso en que a xente se veu discriminada durante tanto tempo no uso da súa propia lingua, é de xustiza que os concellos e a Policía local protagonicemos a tarefa de que o galego, oralmente e por escrito, sexa idioma oficial dos corpos e forzas de seguridade.

Juan Antonio Taboada Veiga




A institución, administración ou órgano instructor deberá traducir ó castelán os documentos, expedientes ou partes dos mesmos que deban surtir efectos fóra do territorio da comunidade autónoma e os documentos dirixidos ós interesados que así o soliciten expresamente. Se deben producir efectos no territorio dunha Comunidade Autónoma onde sexa cooficial esa mesma lingua distinta do castelán, non será precisa a súa tradución.

(Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Germán M. Bolaño Villalba

Sarxento Xefe da Policía Local do Concello de Xinzo de Limia





s que formamos parte das policía sabemos que a nosa función require ter moita sensibilidade para as relacións humanas. É unha condición fundamental para manter unha conduta estable e respectuosa cos cidadáns. Pero amais destes dous elementos, os policía temos que ter unha certa proclividade ó coñecemento humano e ás súas manifestacións culturais. Todo iso xunto, convértenos en interlocutores válidos entre o pobo e as súas institucións. Ese equilibrio é unha condición que hoxe se adquire na formación académica, pero que noutros tempos só a daba a experiencia.

Polo tanto, estamos a falar dunha policía inserida no tecido social, cultural e antropolóxico do País ó que servimos. Un axente da policía, pois, debe coñecer todos eses elementos para desempeñar

exitosamente a súa actividade. O coñecemento da lingua dos cidadáns é, tamén, fundamental. Este requisito contéplanse hoxe nas probas de acceso á función pública

Os policía debemos falar a lingua do pobo. Deste xeito, a comunicación será máis fluída e espontánea. E debemos facelo, ademais, coa debida corrección e vontade de estilo. Non de calquera maneira, porque isto suporía un demérito cultural que vai en detrimento da autoridade.

Como xefe da policía local súmome a este esforzo colectivo que se está a facer para que cada día máis corpos e forzas de seguridade servan ó pobo galego no seu idioma, na escrita e na comunicación oral.

Germán M. Bolaño Villalba

Manuel Castro Escaríz

Xefe da Policía Local do Concello de Caldas de Reis



Partindo da base de que eu son nado nun pequeno pobo, e de que fun educado dende cativo na nosa lingua, considero que a actual normativización pode ser un freo no desenvolvemento do uso do galego. Isto débese a que a xente que naceu falándoo e leva toda a súa vida facendo uso do mesmo, e que é a que máis ten que ver na súa supervivencia, non se identifica coa actual lingua normativizada, o que supón situacións tan chamativas como que: 1º.- que personas que son castelánfalantes, fagan uso do galego normativizado unicamente nos trámites burocráticos. 2º.- que galegofalantes que utilizan o castelán ou o galego (dependendo de cada momento) para os trámites burocráticos, que son persoas que pensan en galego, pero no seu galego común, no que sempre lles oiron falar ás

xentes que os rodeaban. 3º.- que os que falan e escriben no galego regulamentado, que son os menos e que por ende eles sós non son quen de facer medrar o galego como sería desexable. E creo que a lingua normativizada non debería estar tan distante da que fan uso os galegofalantes para que estes non a sentiran como un idioma diferente do seu.

Despois da reflexión exposta, quero facer constar que, se ben contamos con axentes que dominan ademais do galego e o castelán, outros idiomas, a práctica totalidade dos membros que compoñen o cadro de persoal da policía local de Caldas de Reis, somos galegofalantes e como tal facemos uso da nosa lingua nas relacións verbais cos cidadáns, xa que se trata dunha poboación que se expresa maioritariamente

en galego polo que sempre optamos por empregar a mesma lingua das personas ás que temos que dirixirnos, xa que iso facilita o acercamento, entendemento e a comunicación, redundando nunha mellor calidade e valoración do traballo policial, xa que esto fai que o cidadán sinta ó policía como algo máis seu e menos distante.

A documentación que se remite ás outras administracións adoita ser moita dela en castelán, dependendo da lingua que estas utilicen, xa que os organismos dependentes de administración do Estado fan uso maioritario do castelán nas súas relacións cos entes locais.

Ante todo o exposto é doado pensar que nos queda bastante camiño por percorrer, se ben de-


bemos seguir traballando a prol da lingua dos nosos ancestros e á que nos debemos.

Manuel Castro Escaríz

Jesús Antonio Amor Prieto

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Foz





Os concellos asumimos un papel de crecente protagonismo na vida de Galicia. A creación e o establecemento da Xunta de Galicia, como consecuencia lóxica do dereito de Galicia á súa autonomía política, e a incorporación á Unión Europea ao proceso de desenvolvemento económico, social e cultural que constitúen os seus obxectivos, son dous fitos que marcan a historia do noso País no derradeiro cuarto de século.

Pero os concellos seguimos a ser a estación á que se dirixen os cidadáns cando non entenden unha norma, están desconformes cunha obrigación, reclaman o seu dereito ou reivindicán un servizo público. Esa é a carga pero tamén é a fonte da nosa lexitimación e prestixio.

Iso explica que nunha rede de institucións públicas cada vez máis mesta e complexa, os concellos continuemos a ser imprescindibles e interviñamos en máis ámbitos da vida social, desde a educación a cultura ata os servizos sociais á terceira idade e a infancia.

E diso non se libra a Policía local que xurdeu historicamente como un corpo de modestos funcionarios que cumprían labores complementarios e auxiliares para logo orientárense nos municipios máis populosos á ordenación do tráfico –os gardas urbanos; finalmente, hoxendía, a Policía local é un instrumento imprescindible en materia de política de seguridade pública e de garantía de exercicio dos dereitos por parte dos cidadáns.


A Policía local está a xogar o papel de servizo aos cidadáns que lle cómpre nun Estado avanzado, social e democrático de dereito. E en Galicia, ese papel pasa porque a lingua propia e maioritaria dos cidadáns, o galego, sexa tamén o da Policía local.

Velaí que as relacións dos policías cos cidadáns estean suxeitas a un especial coidado nas formas de respecto e cortesía: porque é onde se manifestan de forma máis directa e concreta a relación entre o poder do Estado e os dereitos das persoas. Nun País coma o noso, en que nesa materia, a xente se veu discriminada durante tanto tempo no uso da lingua, é de xustiza que fagamos un esforzo.

Jesús Antonio Amor Prieto

Dositeo Carreira López

Xefe da Policía Local do Concello de Ribadeo



Como Sarxento-Xefe da Policía Local do Excmo. Concello de Ribadeo, dende o mes de xullo de 1987, cómpraceme manifestar o meu apoio ao fomento do uso do galego nas nosas actividades policiais tanto a nivel escrito como falado, como poden ser: redacción de atestados, dilixencias xerais, boletíns de denuncia, ordes do día, informes, información ao público en xeral...en base á Lei de Normalización Lingüística de Galicia (Lei 3/1983, do 15 de xuño de normalización lingüística publicada no D.O.G. o 14 de xullo de 1983)

Tendo en conta, ademáis, que para cumprir o establecido na lexislación vixente é necesario que o persoal posúa un dominio dabondo tanto oral como escrito da lingua galega, todos os policía locais ó meu cargo neste

concello teñen feito os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega para poder desenvolver o seu labor profesional en galego.

Ademais, e tendo en conta que segundo o artigo 11 da devandita lei os topónimos en Galicia terán como única forma oficial a galega, esta policía local utiliza sempre esa forma tanto nos seus escritos como na información ó cidadán, apoiando a utilización do topónimo en galego na sinalización que se realizou neste concello, que ademais conta con ricos topónimos galegos nas súas doce parroquias como pode ser o caso de Cedofeita, As Anzas, Piñeira, Remourelle, A Devesa, Vilaselán...

Creo poder manifestar que os doce integrantes desta plantilla

desexamos e apoiamos a normalización lingüística do galego por ser a nosa lingua un núcleo vital da nosa identidade.

Dositeo Carreira López

Manuel Mayo Dans

Xefe da Policía Local do Concello de Outes



A

o meu entender, a Policía local dos concellos do noso País, alomenos os dos vilegos e rurais, utilizaron sempre o galego na expresión verbal para comunicarse cos seus veciños.

Pero así como a declaración da oficialidade do noso idioma significou que a Administración local, no seu conxunto, desde hai uns vintecinco anos se botase a empregar tamén o galego como lingua de traballo a nivel escrito e máis formal, isto é, nos documentos que elabora a cotío, tamén é preciso que as policía locais nos sumemos decididamente a ese proceso.

No ámbito das nosas tarefas profesionais redactamos unha mancha de documentación, como atestados, informes, notas informativas, denuncias, alegacións,

pregos, anuncios, notificacións, etc., que teñen unha importante repercusión noutros eidos da vida social, sexa no sector privado o na propia Administración municipal, noutras Administracións ou nos xulgados e tribunais.

Por iso, coido que a declaración do idioma galego como lingua oficial de Galicia debe conlevar, no tocante ás policía locais, á incorporación ó seu uso normal como lingua escrita, ou sexa, como o idioma dos documentos policiais.

Dese xeito poñémonos par dos restantes departamentos da Administración local, cumprimos con coherencia o mandado legal e máis contribuímos a que outras Administracións se vaian achegando a ese obxectivo.

Pode parecer que esa tarefa da que falo é máis complexa entre nós que noutros sectores, pero esa idea non é máis que unha expresión do coñecido prexuízo de que hai materias, como as actividades policiais, as xudiciais ou as técnicas, para as que o galego non é unha lingua axeitada: nós tamén demostraremos que esa é unha idea infundada.

Manuel Mayo Dans

Ramón J. González García

Suboficial Xefe da Policía Local do Concello de Burela



Galicia formámola todos: os cidadáns e cidadás que a cotío desempeñanos actividades profesionais diversas. Uns e outros podemos aportar un grao de sensatez para conseguirmos o equilibrio necesario que faga posible que, reforzando a nosa identidade galega, tamén poidamos participar no proxecto de convivir en marcos estatais e supraestatais onde a pluralidade cultural é un feito innegable.

Os policía locais somos a imaxe institucional nas rúas das nosas vilas e cidades. Somos os mellores relacións públicas que teñen os concellos. Os mellores, se sabemos desempeñar a nosa función coa intelixencia que nos proporciona unha axeitada preparación profesional. Tamén podemos ser o contrario, malos representantes institucionais se os

nosos comportamentos non son os que a cidadanía demanda.

Comunicámonos a cotío para resolver unha variedade inmensa de problemas, e témolo que facer coa razón e a palabra. Unha palabra que non pode ser noutro idioma que non sexa o galego, por ser este o idioma maioritario no noso País. Pero porque, ademais, os funcionarios públicos estamos obrigados a acatar o ordenamento xurídico e nel hai moitas referencias ó fomento do uso da lingua galega nas actividades que temos encomendadas.

Ramón J. González García

Juan Fernando Freire Gallego

Xefe da Policía Local do Concello de Barbadás



Lévase falado moito da necesidade de mellorar a imaxe das policía, para afortalar as relacións entre nós e os cidadáns. Incidiuse no vestiario, nos medios e na formación para que iso sexa así. A Academia Galega de Seguridade ten feito o seu labor coas novas fornadas de axentes que se incorporan á actividade policial. Pero, se cadra, queda por facer moito máis. E non é de extrañar porque na vida hai que estar sempre mudando de actitudes, innovando. Posiblemente, digo, teñamos que poñer máis énfase en determinadas medidas para que a lingua galega tamén sexa un ben a protexer, fomentándoa. Por iso me parece oportuno participar nesta nova campaña que ten por obxectivo artellar e acertar na práctica de medidas que lles abran as portas á lingua galega, e que, como dicimos en Ouren-

se, que non estean entornadas. Temos que conseguir entre todos maiores posibilidades para a lingua galega nos usos policiais e rematar cos pretextos, que non son máis que prexuizos lingüísticos adquiridos do pasado.

Juan Fernando Freire Gallego



No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatutos que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formula-las súas peticións á Administración xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter resposta na lingua da súa elección.

(Artigo 5, Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

Xosé Sanguiao Taboada

Xefe da Policía Local do Concello de Melide



A

Policía local de Melide, como non podería ser doutro xeito, asumindo o compromiso da Alcaldía e a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Melide, redactará todos os seus informes en galego, agás os que teñan efecto para fóra de Galicia que serán en castelán, e en tal lingua serán enviados a todos os organismos públicos e privados de Galicia. Así a documentación elaborada pola a Policía local: informes varios (obras, vaos, etc.) partes de incidencias, atestados, etc., redáctanse en galego e así se mandan aos pertinentes organismos e persoas xurídicas de Galicia.

Xosé Sanguiao Taboada

Fernando Mouriño Villar

Xefe da Policía Local do Concello de Celanova



S

en dúbida ningunha, o feito de vivir e traballar nunha vila tan marcada pola compañía de nomes tan senlleiros no marco da lingua e da literatura galegas, coma os de Manuel Curros Enríquez ou Celso E.Ferreiro, fai que o noso día a día laboral se vexa condicionado pola súa presenza.

O ambiente cotiá do cuarteliño, como non podía ser doutra maneira, móvese arredor da nosa lingua porque somos conscientes de que a lingua é unha ferramenta de cercanía á xente e non hai mellor xeito de achegarse a un veciño ca utilizando a súa lingua natural, a súa –que tamén é a nosa- lingua materna.

Tamén é certo que o noso papel perante os nosos conveciños, tamén no ámbito da lingua, ten que ser exemplarizante, pois di-

ficilmente poderíamos custodiar un ordenamento social que nós mesmos non cumpriramos.

O meu idioma natural, a lingua oral na que me movín dende que empecei a falar na miña casa paterna foi o galego, e se ben, as circunstancias do momento en que me tocou vivir o proceso de formación académica fixeron que esta formación fose feita en lingua castelá, o que fai que a nivel escrito aínda me custe menos facelo nese idioma, ca no idioma co que aprendín a falar, iso non obsta para que sexa consciente de que os distintos corpos de policía podemos exercer un papel vital no ámbito socialización e da valoración da lingua, pois son moitos os sectores cos que temos unha relación continua, sectores que empezan no comercio local –co que temos unha relación

diaria, e que rematan no ámbito xudicial, pasando polas empresas de seguros, avogados, policía, garda civil e, sobre todo, polo trato cotiá coa xente da rúa, cos administrados en xeral, que sempre sinten unha cercanía especial se as nosas primeiras palabras, xa sexa para ofrecer algunha información, xa para unha recomendación ou incluso para a apertura de calquera tipo de expediente, se fan no seu idioma natural, é dicir, en galego.

O contacto cercano coa xente é unha das nosas marcas de identidade, e, polo tanto, non hai mellor contacto, nin mellor forma de facilitar a comunicación cos nosos interlocutores ca sendo transmisores dun idioma que herdamos dos nosos pais e, polo tanto, temos a obriga de deixarllo en herdanza, mellorándoo, ós nosos fillos.

Fernando Mouriño Villar

José Luís Vázquez Fernández

Cabo Xefe da Policía Local do Concello de Ribadavia



N

a relación que mantemos cos cidadáns o idioma galego é o código de comunicación máis frecuente. Utilizar outro sería un contrasentido. Sería alonxarnos da realidade e marcar forzadamente unha liña divisoria entre nós e o pobo. Nós somos parte integrante do pobo, aínda que vistamos uniforme para o desempeño das nosas funcións. O uniforme non debe ser un elemento diferenciador, tan diferenciador como o foron as vestiduras relixiosas para que o crego oficiase nunha lingua distinta da que falaba no adro ou nos rueiros cos fregueses. É certo que o uniforme das forzas e corpos de seguridade obrigaba ó uso do castelán. Pero iso foron tempos. Tempos que xa pasaron, porque o ordenamento xurídico vixente é ben distinto daquel outro que nos obriga a facer valer

que o principio de autoridade ía sempre vencellado á lingua castelán. Os tempos mudaron e as actitudes tamén. Abofé que si. Galicia será moito máis galega se aqueles que temos a obriga de garantir os dereitos e liberdades públicas, falamos a lingua maioritaria do noso pobo.

Alertados por este chamamento que se nos fai para estender o uso da lingua galega, como responsable da Policía local do Concello, manifesto a miña vontade de que todo o que estea da nosa parte para que o obxectivo que se persegue, sexa unha realidade.

José Luís Vázquez Fernández



“Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego,
oralmente e por escrito, nas súas relacións
coa Administración Pública no ámbito
territorial da Comunidade Autónoma”

(Art. 6.1. da Lei 3/1983,
da Lei de Normalización Lingüística de Galicia)

Páx. **29** :: Carlos Suárez-Mira Rodríguez

37 :: Javier Losada de Azpiazu

43 :: José López Orozco

49 :: Enrique Novoa López

55 :: Miguel Anxo Fernández Lores

61 :: Corina Porro Martínez

69 :: Xose A. Sánchez Bugallo

75 :: Juan Juncal Rodríguez

81 :: Xoaquín Xavier Gago López

87 :: Xoán Gato Díaz

93 :: Evencio Ferreiro Rodríguez

99 :: Xaime Rei Barreiro

109 :: Xosé Luís Torres Colomer

115 :: Julio Sacristan de Diego

121 :: Manuel Pose Miñones

127 :: Carlos Fernández Castro

133 :: Ramón Campos Durán

139 :: Salvador González Solla

147 :: Xosé Crespo Iglesias

153 :: Severino Rodríguez Díaz

159 :: Xosé Deira Trimañes

167 :: Xosé Manuel Millán Otero

173 :: Raúl Francés Rodríguez

179 :: Melchor Roel Rivas

187 :: Gerardo Criado Guizán

193 :: Antonio Feliciano Fernández Rocha

199 :: Luciano Sobral Fernández

207 :: Xosé María Rivera Arnoso

213 :: Emilio González Afonso

219 :: Carlos A. Montes Marqués

227 :: Alfredo L. García Rodríguez

233 :: José Antonio García López

239 :: Teodosio Martino Martino

Páx. **245** :: José Luís Fernández Lorenzo

251 :: Jesús Vázquez Almuíña

257 :: Víctor Guerreiro Pena

263 :: Pedro Piñeiro Hermida

271 :: José Toja Parajo

277 :: José Luís Alonso Riego

283 :: Isaac Vila Rodríguez

289 :: Juan Manuel Rey Rey

295 :: José María García Rivera

303 :: Balbino Enrique Pérez Vacas

309 :: Carlos López Crespo

315 :: José González Barcia

321 :: José Manuel Freire Couto

327 :: María Ánxeles Vázquez Mejuto

333 :: Antonio Mouriño Villar

339 :: Marcos Blanco Jorge

347 :: Luís Manuel García Mañá

353 :: José Antonio Rodríguez González

361 :: José Manuel Salgado Rodríguez

367 :: Maximino Losada López

373 :: Manuel Mariño Castro

379 :: José Luís Fernández Vázquez

385 :: Ángel Barrera Dopazo

393 :: José Luís De Luís Gallego

401 :: Emilio Fernández Vázquez

407 :: Xosé Freire López

415 :: Ramón Rolle Rodríguez

421 :: José Rodríguez Cruz

431 :: Manuel Bouzas Canoga

439 :: José Luís Fachal Mouriño

445 :: Elisardo Fernández Vázquez

451 :: Indalecio Freire Couto

457 :: José Manuel López Sánchez

Páx. **463** :: Santiago Rodríguez Trincado

473 :: Manuel Ferreiro Losada

479 :: Gonzalo Jar Couselo

489 :: Antonio F. Alfeirán Rodríguez

495 :: Daniel Corral Veiga

501 :: Álvaro Ulloa Pardo

507 :: Daniel Macenlle Díaz

513 :: Carmelo del Castillo Martín

519 :: Daniel González Rodríguez

525 :: María del Carmen Roca López

533 :: Eduardo Pita García

539 :: Constantino Vázquez Vilar

545 :: José Antonio Brandaríz Castelo

551 :: Ricardo Dovigo Castro

557 :: Carlos Mallo Palleiro

563 :: José Antonio Rodríguez Freire

569 :: Xosé Luís Loureiro Rey

577 :: Ramón Pérez Rodríguez

583 :: Manuel Feás Zas

589 :: Lois Alberte Casas Curro

595 :: Álvaro Cunqueiro Lorda

601 :: Juan Manuel Escudero Crepo

607 :: José María Alonso Fernández

615 :: José Ramírez Pérez

621 :: Avelino Rodino Fadín

627 :: Xoán Xosé San Martín González

633 :: Emilio Morillo Carballal

639 :: Casimiro Otero Mosquera

645 :: Arturo Rebollar López

651 :: Francisco U. Lara Gómez

659 :: Eduardo Rodríguez Regos

665 :: José Ramón Álvarez Ribeiro

671 :: Pedro Alonso Fernández

Páx. **667** :: Xosé A. Cendán Dopico

683 :: Antonio Tubio Piñeiro

689 :: Manuel Pérez Calvo

695 :: Juan Antonio Taboada Veigo

703 :: Germán M. Bolaño Villalba

709 :: Manuel Castro Escariz

715 :: Jesús Antonio Amor Prieto

721 :: Dosíteo Carreira López

727 :: Manuel Mayo Dans

733 :: Ramón J. González García

739 :: Juan Fernando Freire Gallego

747 :: Xosé Sanguiao Taboada

753 :: Fernando Mouriño Villar

759 :: José Luis Vázquez Fernández